

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 12

SESION ORDINARIA DO 29 DE XUÑO DE 2009

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Veloso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Couto Pérez, José Manuel
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTEN:

Díaz Vázquez, Raquel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as dez horas e trinta minutos do día vintenove de xuño do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a

María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Díaz Vázquez. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno en sesión ordinaria, convocado por orde do día do 25 de xuño que obra en poder dos señores e señoras concelleiros ós efectos de proceder co conxunto dos puntos que aparecen nela.

Constátase a existencia de quórum e imos iniciar este Pleno cunha cuestión de orde previa presentada dende a Presidencia solicitando á Secretaria que dea lectura a un informe sobre o modo, forma e procedemento que se utilizou na elaboración da orde do día.

Houbo unha polémica pública moi importante, chea de calumnias e difamacións e coido que é o momento de que impere a verdade, de que saiba toda a cidade como se elaborou a orde do día atendendo ós feitos, ós datos e á obxectividade.

Por favor, Sra. Secretaria, proceda á lectura do informe.

A Secretaria Xeral do Pleno, Sra. Campos Acuña, procede a ler so seguinte informe:

“Solicitado informe desta Secretaría na súa condición de fedataria pública sobre a formación da orde do día do Pleno ordinario do 29.06.09 en cumprimento do disposto no Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o Réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítase o presente informe sobre dito procedemento, todo sen prexuízo dunha maior concreción do mesmo na acta correspondente á sesión da Xunta de Voceiros do 25 de xuño.

FORMACIÓN DA ORDE DO DÍA

De conformidade co disposto no Regulamento Orgánico Municipal con data 25 de xuño procedeuse á convocatoria da Xunta de Voceiros para o tratamento como único punto, da orde do día do Pleno ordinario e extraordinario do 29.06.

Reunida a tal efecto a Xunta de Voceiros o día 26 de xuño, coa asistencia dos seguintes membros:

- 1 D. Xosé Manuel Figueroa Vila, Voceiro do Grupo Municipal do PP.
- 2 D. Carlos López Font, Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

3 D^a. María Méndez Piñeiro, Voceira do Grupo Municipal do BNG

Procédese ó tratamento, entre outras cuestións, da orde do día do Pleno ordinario correspondente ó mes de xuño, informando esta Secretaría dos asuntos de trámite municipal pendentes así como das mocións presentadas polos grupos políticos municipais.

Polo Sr. López Font ponse de manifesto o elevado número de mocións presentadas para o seu tratamento este mes, vinte e unha polo grupo municipal do PP e dúas polo grupo municipal do BNG, razón pola que queren propoñer ó Sr. Figueroa que reduza o número de mocións a incluír na orde do día do Pleno, proposta na que é secundado pola Sra. Méndez Piñeiro.

Polo Sr. Figueroa Vila sinálase que ese tipo de cuestións deberían vir establecidas no Regulamento Orgánico Municipal cuxos traballos foron abandonados no mes de xaneiro e que para o seu grupo todas as mocións son igual de importantes, polo que non están de acordo coa proposta.

Polos Sres. Voceiros do PSdeG-PSOE e do BNG sinálase que a inclusión na orde do día da totalidade de mocións presentadas imposibilitaría o desenvolvemento normal do Pleno, e que segundo os usos e costumes municipais o número máximo de mocións a incluír nas sesións plenarias sería de nove.

O Sr. Figueroa Vila reafírmase na posición manifestada por canto entende que si así o queren facer é unha decisión dos outros dous grupos, pero que ó máximo compromiso que pode adquirir é intentar axilizar o tratamento das mocións.

Polos Sres. López Font e a Sra. Méndez Piñeiro proponse ó Sr. Figueroa Vila que os traballos de elaboración dun novo regulamento, que se interromperon pola negativa do grupo do PP a chegar a acordo sobre un determinado punto e posterior abandono da mesa de traballo, se van retomar polo que sería conveniente entre tanto chegar a un acordo sobre o número máximo de mocións a incluír na orde do día das sesións plenarias, sen que polo Sr. Figueroa Vila se acceda á dita pretensión, remitindo en última instancia á decisión correspondente á formación da orde do día.

Rematada así a Xunta de Voceiros sen chegar a acordo, polos Sres. Voceiros do equipo de goberno comunícase a esta Secretaría que no vindeiro pleno deberán incluírse nove mocións na orde do día, das cales sete corresponderán a mocións presentadas polo grupo municipal do PP seguindo a estrita orde pola que foron presentadas no rexistro xeral, xúntase como Anexo I relación das mocións presentadas polo grupo municipal do PP, e as dúas presentadas polo BNG, seguindo as normas consuetudinarias municipais.

De conformidade coas instrucións referidas pola Secretaría procédese á convocatoria do Pleno, co contido que se recolle no decreto de data 25.06.09, que se xunta como Anexo II.

CONCLUSIÓN:

Polo tanto segundo o anteriormente exposto a inclusión na orde do día da sesión plenaria de data 29.06.09 de sete mocións, das vinte e unha presentadas polo grupo

municipal do PP realizouse, seguindo o criterio de orde da súa presentación no rexistro xeral do Concello, ó abeiro das instrucións ditadas polos Sres. Voceiros do equipo de goberno a continuación da realización da Xunta de Voceiros en data 25.06.09.

Así mesmo informar que o Sr. Alcalde non participou, como xa se indicou, na Xunta de Voceiros realizada para o tratamento do tema, nin no sinalamento das instrucións para a formación da orde do día.”

SR. FIGUEROA VILA: A orde do día confecciónaa o Sr. Alcalde e nós ratificámonos no que dixemos na Xunta de Voceiros, que non estabamos de acordo na limitación de mocións, que a única condición do Partido Popular é que se elabore o regulamento de funcionamento do Pleno e polo tanto nós non asumimos, nin demos ningunha directriz, nin houbo votación nesa Xunta de Voceiros. Se os voceiros dos grupos municipais tomaron a decisión pola súa banda de dar as directrices á Sra. Secretaria, será un problema dos Grupos políticos do BNG e do Partido Socialista. En calquera caso nós non temos coñecemento desas directrices porque na Xunta de Voceiros non se deron, daríanse logo, ó remate ou cando fose. De todos os xeitos a potestade para elaborar a orde do día tena sempre o Sr. Alcalde. Nós presentamos o mesmo día as vinte e unha mocións e polo tanto a decisión de incluílas por orde de entrada será un problema de Rexistro. Temos testemuñas de que presentamos as vinte e unha moción o mesmo día e á mesma hora e polo tanto para nós calquera desas mocións é importante.

Dito todo isto, só lle vou dicir á cidadanía o que facían o BNG e o Partido Socialista cando estaban na oposición porque agora que están no goberno tentan limitar os plenos.

De vinte plenos realizados no anterior mandato houbo: en novembro do ano 2003, 10 mocións; xaneiro do ano 2004, 10 mocións; febreiro do ano 2004, 12 mocións; abril, 10 mocións; xuño, 15 mocións; xullo, 16 mocións; setembro, 15 mocións; outubro, 10 mocións; novembro, 13 mocións; xaneiro, 11 mocións; abril, 12 mocións; maio, 11 mocións; setembro, 10 mocións; outubro, 16 mocións; novembro, 14 mocións; decembro, 11 mocións; febreiro, 18 mocións; marzo, 15; 12; 11, etc.

Haille que dicir á cidadanía que cando o BNG e Partido Socialista estaban na oposición chegaron presentar ata dezoito mocións, é dicir, o que eles facían na oposición agora non llo deixan facer a un grupo maioritario con trece concelleiros. Esa é a democracia e a forma equitativa e xusta que o Sr. Alcalde pretende para este Pleno. Cando vostedes estaban na oposición, dezoito mocións; cando goberna o

Partido Popular non lle deixan nin presentar mocións. A un grupo de trece concelleiros nos deixan presentar sete mocións, quérenos limitar os tempos, é dicir, non queren que fagamos debate. Pero nós imos seguir insistindo porque non queremos un Pleno autoritario, nin partidista.

O Sr. Coello di que mágoa pola falla de democracia, mágoa polo autoritarismo, mágoa por este goberno de progreso e sobre todo mágoa dun Bloque Nacionalista Galego que liderou neste Concello a bandeira da pluralidade e da participación.

Non sei a que teñen medo. Fagan un regulamento de funcionamento do Pleno porque teñen maioría para o poder votar. En dez días redactan ese Regulamento de funcionamento do Pleno e remata todo o problema porque nós, como partido democrático, aceptaríamos o que vote a maioría aínda que non estivésemos de acordo.

O Sr. Alcalde en cada momento do Pleno toma unha decisión. Primeiro limita os tempos, en segundo lugar limita as mocións, en terceiro lugar fai entrar en debate a una figura importante como era a do Valedor do Cidadán como fixo hoxe aquí; en nove anos que leva o Valedor do Cidadán nesta cidade xamais, gobernase quen gobernase, entrou en debate, facía o seu informe, os grupos políticos debatían e rematou. O Sr. Alcalde quere cambiar todas as regras do Pleno pero sempre favorecendo dun xeito partidista ó seu grupo e ós seus socios de goberno e castigando e tentando amordazar á oposición. Non o vai conseguir porque imos ter voz, voto e utilizaremos todos os dereitos que temos para que a cidadanía se decate do que está a pasar nesta cidade.

O peor que pode haber xa non é a xestión, son as actitudes e os comportamentos. Dende logo un goberno de progreso BNG-Partido Socialista non pode ter un comportamento de autoritarismo, prepotencia e arrogancia ou tentar amordazar á oposición.

Non sei de que teñen medo. Non sei por que teñen medo de que un grupo fale, participe, recolla as demandas presentadas polos veciños e veciñas, porque as mocións non son do Partido Popular, son de moitos colectivos como algúns que están hoxe aquí ós que representamos e intentamos que a súa voz estea presente neste Pleno. A única posibilidade que ten un grupo político como o noso dende a oposición é o debate no Pleno. Se lle teñen medo á súa voz dende logo é porque por detrás hai outras actitudes e comportamentos que non son os da democracia, nin de consolidar unha cidade plural como é Vigo.

Nós imos seguir co mesmo comportamento e non nos van calar baixo ningún concepto.

A PRESIDENCIA: Imos facer quendas de grupo de maior a menor. En todo caso e por precisar algo do que todo o Pleno foi testemuña: o Sr. Valedor interveu porque el mesmo pediu a intervención, non foi este Presidente quen lle dixo que tiña que intervir. O Sr. Valedor pediu a palabra ó Presidente do Pleno e no uso da liberdade dinlla, non lle podía negar a palabra.

Sr. Figueroa, en tanto eu sexa Alcalde e presida este Pleno o Valedor cada vez que interveña terá o tempo que necesite e as intervencións que demande.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Decía o Sr. Coello que mágoa. Pois que mágoa, Sr. Coello, mágoa que persoas coma vostede e coma min que xa non somos nenos nin nenas, teñamos que estar asistindo a un acto deste tipo, que logo de trinta anos de constitución dos concellos democráticos se cuestione a función do Pleno. Mágoa, Sr. Coello, que non estea vostede na Deputación porque sabería realmente o que é estaren amordazado, mágoa que non estea nesas comisións da Deputación onde, cando a oposición presenta unha moción, o Partido Popular, en exercizo da maioría absoluta, nin sequera a admite a trámite; vótase a urxencia e non se admite a trámite, co que xa non se discute. Mágoa que o seu voceiro non lle conte iso, pero iso pasa na Deputación de Pontevedra.

Mágoa que o concepto de democracia para o Partido Popular sexa o número de votos. Esa non é a democracia, a democracia é unha forma de vida, é o respecto ás persoas e ás institucións.

Mágoa que o Partido Popular cuestione a independencia do Valedor do Cidadán. Mágoa que o Partido Popular crea que cos votos, que co feito de votar, un é máis ou menos democrático. Mágoa que non lembren vostedes que personaxes sinistros da historia chegaron ó poder pola forza dos votos e mágoa que non saiban vostedes que hoxe hai un personaxe tan sinistro coma aquel que pola forza dos votos goberna un país e non digo o seu nome por respecto ás mulleres italianas. A democracia é outra cousa.

Estamos asistindo a unha estratexia do Partido Popular inmoral e propia dun partido desesperado no que todo vale: a difamación, a mentira, a calumnia, as falsidades e a estratexia de “calumnia que algo queda”. Pois non, unha mentira mil veces repetida

segue sendo unha mentira, unha difamación mil veces repetida segue sendo unha difamación e unha calumnia repetida mil veces segue a ser unha calumnia.

Hoxe a Secretaria do Pleno deixou claro que o Alcalde da cidade non tivo nada que ver coa decisión do número e da orde das mocións do Partido Popular.

Sabía que ía rir, Sr. González Sagarra. Xa dixen fóra que ía estar pendente da súa cara porque sabía que ían rir porque realmente non entenden o que é a democracia; son vostedes moi novos. Realmente custou moito traballo chegar aquí, hai moita xente que sufriu para chegar aquí. Non rían que é algo moi serio.

O Sr. Figueroa tenta, e ademais mira para os medios de comunicación, facer ver que quen fixa a orde do día é o Alcalde porque non sabe, non respecta o funcionamento democrático dos concellos. O Alcalde non asiste á Xunta de Voceiros onde se toma a decisión do número de mocións a tratar neste Pleno, nin a orde das mesmas. O Alcalde nada tivo que ver cunha decisión que se tomou na Xunta de Voceiros onde non está. O Alcalde fixo unha delegación na Xunta de Voceiros para que esta sexa quen fixe a orde do día pero non asiste a esas reunións. Nelas están os voceiros dos tres partidos que compoñen este Pleno e, como a Secretaria do Pleno que asiste a estas reunións acaba de deixar claro, o Alcalde non asistiu á reunión onde se determinou este criterio.

Por certo, é lóxico que non entenda de criterios, Sr. Figueroa, lémbrolle que no último Pleno da Deputación, nun determinado punto da orde do día que non ven ó caso, lle preguntabamos os criterios e vostede falaba doutros obxectivos pero non sabemos cales.

Gustaríame que quedara claro que o Alcalde non determina nin a orde do día, nin os criterios de selección de mocións.

Señoras e señores do Partido Popular, non podemos tolerar máis mentiras, nin máis calumnias e sobre todo en temas tan importantes coma estes. Cando as concelleiras do Partido Popular calumnian, insultan e difaman ó Alcalde estano facendo sabendo que non tivo nada que ver coa decisión, ó facelo menten nun tema tan importante para as mulleres como é a igualdade. Menten, difaman e calumnian porque o Alcalde non tivo nada que ver. Se se refiren á firma da convocatoria do Pleno, faina adoptando as decisións da Xunta de Voceiros onde, repito, non estaba.

Pero o fondo da cuestión é que vostedes presentaron máis de vinte mocións nun día coma hoxe coa comparecencia do Valedor do Cidadán e cunha intervención relativa á sanidade.

Os Plenos deben seguir unha regulamentación e non existe un Regulamento pola irresponsabilidade do Partido Popular e pola negativa de chegar a un acordo sobre un determinado punto posterior; pola negativa do Partido Popular a debater ese tema.

Na Xunta de Voceiros se lle dixo ó Voceiro do Partido Popular que seleccionase as sete mocións que desexaba que se traten neste Pleno e que sexa o grupo propoñente quen fixe as mocións a tratar seguindo o criterio que se aplica en todos os parlamentos e concellos do mundo; de Galicia, de España e en todos, aínda que, por certo, menos na Deputación de Pontevedra.

O Sr. Figueroa non quixo decidir, ergueuse e abandonou a Xunta de Voceiros.

Sr. Figueroa, vostede ultimamente é moi dado a erguerse naqueles lugares onde funciona a democracia e non a súa vontade.

O seu concepto de democracia, Sr. Figueroa, non é o correcto; é “fágase a miña vontade”, neste caso a súa.

Pode atemorizar con gritos, con insultos, pero non con razóns. Se o Grupo Popular quixera que se dera prioridade ás mocións presentadas polas señoras concelleiras, abondaba con o dicir e hoxe todas esas mocións estarían formando parte da orde do día.

O Sr. Figueroa quere atemorizar e demostrar que con mentiras e descualificacións quen manda e el. Ergueuse, negouse a dar criterios para seleccionar esas mocións e abandonou a Xunta de Voceiros.

Repito: Se quería que se tratasen algunhas mocións concretas abondaba con o dicir.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, que fale a Secretaria...

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, non ten vostede a palabra. Ten a palabra a Sra. Concelleira.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Entendo perfectamente que non lle guste, Sr. Figueroa, pero a democracia tamén é escoitar o que non nos gusta. Sr. Conde, leccións de democracia, poucas.

Señoras concelleiras do PP, se vostedes de verdade queren que se aprecie o seu traballo, se queren que as súas mocións sexan tratadas, abondaba con que o seu voceiro o propuxera, así que se lle teñen que dicir “machista” a alguén fágano co seu voceiro. Saben moi ben que foi el quen non lle deu prioridade ás súas mocións, que

foi o seu voceiro quen abandonou unha vez máis un órgano democrático. O Sr. Figueroa tivo a posibilidade de que hoxe estivésemos tratando as súas sete mocións, é el quen fixa o criterio do seu grupo, é a el a quen lle teñen que pedir responsabilidades.

A partir do abandono da Xunta de Voceiros do Sr. Figueroa, os voceiros do BNG e do Partido Socialista, Sra. Méndez e Sr. López Font, seguiron o único criterio que podían: a orde de entrada no Rexistro das mocións.

Sr. Figueroa, pretendía vostede desvirtuar este criterio dicindo que se presentaron todas xuntas; é imposible presentalas todas xuntas, preséntanse nun montón e unhas van antes das outras, o selo non se lles pode poñer a todas ó mesmo tempo, vaise poñendo por orde. Ese é un criterio tan válido coma outro, así funcionan os tribunais, os comercios e así se funciona en todos os ámbitos; tamén é o que se aplica neste Concello. Fixérono ben, é un criterio obxectivo e seguro, nin sequera sabían cales eran as mocións nin quen os seus asinantes. Pero aquí iso xa pasou máis veces porque por parte do seu Grupo presenta unha moción unha concelleira e finalmente deféndea un concelleiro.

Vostedes teñen unha política degradante, de ataque persoal, calumniosa e de difamación contra o alcalde; inventan estas cuestións aínda que sexa posible demostrar que todo é mentira. Non teñen límite, vale todo. Pero en política non vale todo, a dignidade das persoas e a verdade está por riba de todo.

Estamos falando da defensa da igualdade, pero vostedes na defensa desa igualdade non deron ningún paso. Non defenderon a Lei de igualdade, non lle quixeron dar neste Concello o título de “Viguesas Distinguidas” á Rede de Mulleres Contra a Violencia de Xénero. As mulleres levamos moito tempo vivindo situacións de discriminación, tivemos que loitar moito para comezar a facérmolos visibles. No ano 1893 en Nova Zelandia recoñeceuse o dereito ó voto, no 1902 en Australia, chegando a España en 1931 para seren acernado no 1947. Fíxense o que levamos pelexado. Tivemos que ir gañando espazos con sacrificio, con traballos e con razóns. Eramos conscientes de que a tarefa era difícil pero con tesón e coa aposta política do Partido Socialista imos camiñando cara á igualdade.

Aínda queda moito camiño por percorrer e por iso resulta de extrema gravidade que a idea da igualdade sexa manipulada e que ademais se presten a iso as mulleres do Partido Popular. Vostedes, señoras concelleiras, saben que a denuncia de discriminación é falsa, é mentira; saben que mentir é grave e vostedes mentiron

para agochar a súa ineficacia política, a súa incapacidade democrática. Estanlle facendo un dano irreparable á causa da igualdade.

Como se atreven vostedes a acusarnos ós socialistas de discriminación? Como se atreven a falsear un tema tan sensible? Saben vostedes cantas mulleres se teñen que enfrontar cada día a situacións de desigualdade? Saben o dano que fan á credibilidade das denuncias que teñen que facer centos de mulleres cada día? É vergoñento que vaian vostedes a unha rolda de prensa acusando ó Alcalde de tomaren unha decisión en contra da igualdade cando ninguén lle pode negar ó conxunto dos socialistas, e ó Alcalde especialmente, que somos firmes defensores de que as mulleres ocupemos o espazo que nos corresponde. Levaron vostedes a Lei de igualdade ó Tribunal Constitucional. Repito: mulleres e homes do Partido Popular levaron a Lei de igualdade ó Tribunal Constitucional.

Sei que lles dá a risa pero sobre todo, Sr. Comesaña, pediríalle encarecidamente que nun tema tan sensible coma este non ría. O sufraxio feminino acadouse dende as institucións do Estado mediante leis que foron impulsadas por mulleres, como en España Clara Campoamor, coa complicidade dos homes senón sería imposible. Por iso lles pido que non rían con algo tan serio coma isto; están amosando vostedes quen son. Vostedes, que son afamados por frases tan machistas dentro e fóra deste Pleno coma esta: “Gústame a muller, muller”. Vostedes que non teñen absolutamente ningunha vergoña en cuestionar os méritos das mulleres, vostedes que defenden que as mulleres teñen que demostrar a súa capacidade pero, por que non lle piden o mesmo ós homes?

As mulleres socialistas hoxe estamos enfadadas. As mulleres viguesas teñen que saber hoxe que vostedes non teñen límites e que son capaces de usar mesmo a igualdade con calumnias para cubrir a súa incapacidade. Repito, Sra. Iglesias, vostedes especialmente demostraron neste Pleno que as mulleres teñen que demostrar a súa capacidade e non quería pero lle vou lembrar que nun Pleno desta Corporación o Sr. Figueroa cuestionou a capacidade dunha concelleira do Partido Socialista por seren muller e vostedes, mulleres do Partido Popular, calaron.

Ata as novas de prensa, que o Sr. Figueroa está sempre citando, din: “Machismo? Pois non”. Non o vou ler porque seguro que xa o leron todos vostedes.

Coido que deben pedir desculpas. As mulleres estaríanlles agradecidas, non o Alcalde, nin os voceiros, nin o goberno; ás mulleres de Vigo e ás de todo o mundo. Non volvan xamais cometer un erro semellante, é moi grave. Non deixen que o seu

partido as utilice para mentir e difamar en nome da igualdade non vaia ser que as mulleres de Vigo lles pidan responsabilidades. Miren ás mulleres ós ollos, díganlles que saben que foi un grave erro tentar danar ó Alcalde de Vigo con calumnias, mentiras e difamacións. Non repitan esa inmoralidade, díganlle ás mulleres que saben que hai moitas situacións nas que as discriminacións son reais e que cando se usan con mentiras, como vostedes fixeron, non se pode aceptar, vai en contra da ética, da moral e da loita polas causas xustas.

Vostedes teñen un problema que é que a cidade malia todo segue avanzando, Sr. Figueroa, que as rúas estanse humanizando, que se constrúen parques infantís, que cada vez hai máis flores e non as ven poñer a Deputación, cada vez está a cidade máis limpa, que aquelas “tuneladoras virtuais” para a entrada do AVE están aí, que a estación, o auditorio, a biblioteca pública avanza e vostedes decatáronse que nos últimos comicios municipais, autonómicos, xerais e europeos o goberno da cidade segue sendo o mesmo. Xa non saben que facer porque a cidade progresa. Entraron nunha quenda de desprestixio persoal mediante difamacións e calumnias.

Repítolles que a orde do día é correcto e axeitado, o criterio de selección é axeitado. Vostede, Sr. Figueroa, foi o responsable porque non quixo elixir. Por moito que lle pese o Alcalde non tivo nada que ver nesta decisión que segue sendo a correcta.

Señoras concelleiras do Partido Popular, detrás da loita pola igualdade da muller hai moito sufrimento, non frivolicen con isto.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Coido que este debate non dá para moito máis. Se os cidadáns nos escoitan unha vez máis se verán sorprendidos con cousas que se din aquí, como se din e que logo non se explican. Sr. Figueroa, ós cidadáns hailles que dicir as cousas tal e como son, non abonda con chegaren ás cámaras e crer que con iso esta todo dito.

O BNG sempre vai seguir defendendo a pluralidade e a democracia, non como fan vostedes nas institucións nas que gobernan.

Haille que dicir á xente que cando BNG e Partido Socialista estaban na oposición, a oposición desta Corporación municipal estaba formada por tres grupos e había unha media, como vostede mesmo leu, de dez mocións para tres grupos. Evidentemente que algún día houbo dezaseis mocións e un día en toda a lexislatura coido que se pasou dese número. pero repito que eramos tres grupos na oposición.

Quérolle lembrar ademais que entre eses tres grupos cando estabamos na oposición

eramos máis que o grupo de goberno. Polo tanto que cada quen faga números. Nós non temos medo a debater, quen ten medo son vostedes. Pretendían vostedes debater vinte e unha mocións porque segundo vostedes trataban temas importantes para a cidadanía, pero non lle din á cidadanía que levan tres Plenos abandonados nesta lexislatura, que abandonaron un Pleno da Corporación deixando sen debater seis mocións, que abandonaron outro no que quedaban por debater tres mocións, única e exclusivamente por crispar a esta Corporación municipal. Se tan importantes eran os problemas, realmente a min caeríame a cara de vergoña poñer vinte e unha moción para converter esta Corporación nun circo porque saben que é imposible debater vinte e unha mocións co tempo que temos establecido para cada unha. Presentaron vinte e unha moción cando semanas antes abandonaron o Pleno sen debater mocións que vostedes presentaron. Esa é sempre a súa dobre moralidade e o seu dobre discurso. Veñen á Corporación non para atender os problemas, veñen para crispar e para que todo sexan armas arroxadizas contra este goberno.

Acúsanos de bipartito, de desunión, de que o goberno non funciona, etc., pero hoxe acabamos de comprobar algo moi curioso e é que hai tamén unha bi-oposición, hai dúas partes da oposición. O Sr. Martiño, cando lle interesa, fai unha intervención a prol do Valedor do Cidadán para defender que o que dicía o Sr. Rivas non era verdade e ante iso di que por fin el acaba de escoitar unha voz imparcial que é á que lle ten que facer caso e non ó Sr. Rivas. Minutos despois o Voceiro do Partido Popular arremete contra o propio Valedor do Cidadán. Ese é o dobre discurso que vostedes traen aquí e que teñen nas institucións.

Vou dicirlles ós cidadáns para que o saiban que nesta Corporación son trece os concelleiros e concelleiras do Partido Popular e o que se lles está presentando é unha media de mocións en torno a sete ó mes, é dicir, van ter a posibilidade de presentar sete mocións ó mes sendo eles trece. No Parlamento Galego onde goberna o Partido Popular os deputados e deputadas do Bloque Nacionalista Galego son doce, un menos, pois ben, o “rodillo” do Sr. Feijóo permite unha interpelación en cada período de sesións por cada tres deputados, isto quere dicir que nun período de catro meses a doce deputados só se lles vai permitir presentar catro interpelacións; nun período de cada mes a trece concelleiros se lles permite presentar sete mocións. Coa diferenza dun representante o Partido Popular vai poder presentar neste Pleno nos vindeiros catro meses vinte e oito mocións e o Bloque Nacionalista Galego no Parlamento de Galicia catro. Esa é a diferenza e o dobre discurso dos señores do

Partido Popular. Non pasa nada, seguen mentindo e calumniando
Lembran vostedes que o Partido Popular dixo nesta Corporación que o concurso eólico era unha auténtica “cafrada”, que era un proxecto escuro, que non seguía a legalidade porque o fixo unha Consellería do Bloque Nacionalista Galego. O Partido Popular ten que dicir agora publicamente que todo o proceso de adxudicación do concurso eólico estaba ben feito. Aí está a calumnia constante e a difamación.

Sr. Figueroa, xa o explicou perfectamente a miña compañeira, Sra. Abelairas, e así eu non perdo o tempo en debater con vostedes sobre feminismo ou machismo, non paga a pena. Nesta cidade e neste País todo o mundo sabe cal é a dobre moralidade do Partido Popular con estes temas, todo o mundo sabe para que utilizan vostedes estes temas da igualdade, pero só lle digo que se vostedes quixeran que as mulleres do Grupo Popular tiveran o protagonismo, que a nós nos parece que é moi positivo que o teñan e ogallá teñan moito e cada vez máis, por que das once primeiras mocións que presentaron en Rexistro estaban dirixidas e asinadas por homes? Valga a potenciación que vostedes fan das súas concellerías. Mentres eu sexa responsable do BNG nesta Corporación iso non o ía permitir, non ía permitir nunca que de once mocións presentadas na orde que vostedes as quixeron presentar foron once de homes e a orde de presentación non lla dixemos nós. Logo acúsanos a nós de machismo.

No Parlamento Galego nestes momentos hai un goberno do Partido Popular que non cumpre a paridade e por iso xa se denunciou.

Polo tanto eu pediríalle ó Partido Popular que non faga desta Corporación un motivo de crispación, un circo e que veñan con nós traballar por esta cidade. Por suposto dende a crítica, dende o control do goberno, dende presentar aquí calquera problema dos cidadáns; traian aquí calquera problema dos cidadáns, debatan e traballen con nós para solucionar eses problema e fagan por favor unha oposición crítica, pero leal e constitutiva porque os 65.000 votos que vostedes tiveron dos vigueses e viguesas son votos que llos deron para que traballen pola cidade e non para que utilicen á Corporación única e exclusivamente con fins partidistas.

SR. FIGUEROA VILA: O lamentable de todo é que levamos corenta e cinco minutos falando deste tema cando se poderían ter tratado catro ou cinco mocións sen ningún problema.

En primeiro lugar pedimos algo tan sinxelo como é que se elabore o Regulamento de

funcionamento do Pleno e vostedes teñen maioría para tomar esa decisión. Un regulamento precisa catorce votos. Reunímonos en corenta e oito horas, vostedes fan unha proposta, se non estamos de acordo a discutimos, presentamos as emendas ou alegacións que coidemos axeitadas e como teñen a maioría o traen ó Pleno e o aproban e logo, como se non queren tratar ningunha moción, será un problema de vostedes, do goberno. Pero non nos poden ter nunha situación na que non existe ningunha norma establecida e que as marque o Sr. Alcalde.

Se todo o que se dixo aquí o ratifica, o Sr. Alcalde está cometendo unha ilegalidade porque entre as competencias do Alcalde están as de “Convocar e presidir as sesións do Pleno agás o suposto establecido na lei”. No apartado de delegacións do Alcalde dise: “Son indelegables as seguintes atribucións: ...Convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno”. Se o Alcalde non convocou este Pleno cometeu unha ilegalidade. Está moi claro polo tanto as convocatorias do Pleno fainas e asínaas o Sr. Alcalde.

Por outra banda eu non me erguín en ningunha Xunta de Voceiros, dixen que non estaba de acordo coa proposta do goberno. Como non teño que estar de acordo con todo o que di o goberno dixen que non, dixen que o Alcalde tiña competencias e que tomase as decisións que coidase oportunas. Iso non quere dicir que nós non fagamos unha crítica da proposta que vostedes fixeron.

Pero lles vou dar unha facilidade. Se vostedes non teñen o voto da concelleira que está enferma, o Grupo popular dálles un voto; dígolle que aínda estando en contra lles damos un voto. Se a concelleira non se incorpora para o vindeiro Pleno nós dámoslles un voto. Teñen trece votos e nós lles daremos un máis, un de nós votará con vostedes para obter a maioría que queren. Non poden poñer coma desculpa que lles falta un voto, nós dámoslles un voto para que teñan catorce e así poidan aprobar o que queiran. Ese concelleiro do Partido Popular votarlles o que vostedes queiran. Evidentemente que o resto fará as emendas que considere oportunas.

Que problema hai en elaborar o Regulamento e fixar as mocións que vostedes queiran? É moi sinxelo: porque o BNG e o Partido Socialista non se poñen de acordo en temas fundamentais. Ese é o problema.

Nós presentamos unha moción sobre este asunto e imos presentar unha emenda a esa moción: que en corenta e oito horas se convoque a comisión para tratar sobre o Regulamento do Pleno e que mentres non se aprobe non nos ergamos, que así o fagamos todos os días do mes. A partir de aí haberá unha norma que nos guste ou

non será aprobada polo Pleno. Repítolles novamente que nós lles damos un voto máis dun concelleiro noso para que teñan catorce votos.

Non me compare vostede este Pleno co do Parlamento porque son setenta e cinco deputados. Vostedes representan o 12% e nós aquí o 48%.

Sra. Abelairas, o máis triste é que vostedes levan dúas intervencións neste Pleno e foron lidas as dúas. Non sei se llas fan ou lles mandan que as lean, pero estou convencido de que todo o que dixo vostede non o sente; sei por iso que é unha intervención lida que alguén lle prepara a vostede e ó Sr. Rivas. Xa sabemos que había un control, pero chegaren a que dous concelleiros teñan que ler as súas intervencións nun Pleno evidentemente é porque algo falla. Cando falamos sei o que pensa vostede e por iso estou totalmente convencido de que non se identifica con nada do que dixo neste Pleno.

Digan o que digan non imos intervir máis porque temos perfectamente claro cal é o noso traballo como oposición e ímolo seguir facendo. Eu non me erguín de ningunha Xunta de Voceiros, se din iso están mentindo. Vostedes tomaron a decisión. O Alcalde é o que convoca e preside os Plenos e dunha vez por todas elaboren o Regulamento de funcionamento do Pleno. Supoño que será máis fácil para o Alcalde porque segundo lle interese fai unha cousa ou outra.

Con respecto ó Valedor do Cidadán volvemos dicir o mesmo: nós defendemos a figura de independencia do Valedor do Cidadán, só dixemos que é un erro que logo dos anos que leva neste Concello entre en debate político cos grupos desta Corporación. Seguimos mantendo que o Valedor do Cidadán ten que estar por riba de nós, ten que ser unha figura independente, debe dicir o que considere oportuno no seu informe nos guste ou non, como sempre o fixo. Logo nós poderemos opinar do seu traballo se queremos, pero que o Valedor do Cidadán abra un debate plenario, que faga un debate cos corporativos non é bo para a cidadanía. Parécenos que iso é un erro, erro que hoxe se puxo de manifesto porque non hai unha norma.

Nós non nos opuxemos a que a Plataforma pola Sanidade interviñese no Pleno de hoxe, pola contra tan pronto como o Sr. López Font fixo esa proposta aceptámola inmediatamente sen condicións de ningún tipo porque nós parece que un colectivo que queira intervir no Pleno, esteamos ou non de acordo con el, ten razón para o facer. Logo se queremos abriremos un debate, estaremos ou non de acordo, pero non pasa absolutamente nada porque cada quen ten que dicir o que considere oportuno e para iso están os debates plenarios.

Xa adiantamos que na moción sobre o Regulamento do Pleno que virá logo imos propoñer que se constituía unha comisión para a súa elaboración. E non nos poñan as desculpas dos concelleiros, ó pareceren hai unha concelleira que está enferma, pois nós lles cedemos un voto para que teñan catorce.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sr. Alcalde, tentarei seren breve pero co que acaba de dicir o Sr. Figueroa é difícil. Precisamente porque di que me coñece sorpréndeme que diga iso. Ante todo non me falte ó respecto. Sabe vostede que son totalmente libre e capaz. Estou nun partido onde se me respecta a capacidade, a liberdade de falar e de dicir o que realmente penso. Gracias a Deus estou nese partido.

Non entende. Haille que explicar o que é o funcionamento da democracia. Eu dediqueime trinta e catro anos a ensinar e por iso seguir me custa traballo pero llo vou explicar.

Vostede dixo que o Alcalde firma a convocatoria da Xunta e do Pleno. O Alcalde fai unha delegación tácita na Xunta de Goberno. Iso é democracia. Sr. Figueroa, como se atreve a darnos leccións de democracia? Levamos escoitando dous anos que teñen 65.000 votos pero non teñen ningún respecto ó que representan eses votos. Que falla de respecto é dicir que nos dan, que nos prestan un voto? Quen son vostedes para lle prestar un voto a alguén? Que concepto teñen vostedes do que é democracia? A democracia é unha forma de vida, non é un mero relato de votos.

Para min é demasiado serio o que estou falando, a vostedes que non teñen ningún respecto pola democracia nin polas institucións, dálles a risa.

Pero como non quero que quede ningunha dúbida e a vostedes non lles interesou o que dixo a Secretaria, vou ler de novo: “Polo señor López Font e señora Méndez Piñeiro propónselle ó Sr. Figueroa Vila que dado que os traballos de elaboración dun novo Regulamento, que se interromperon pola negativa do Grupo do PP a chegar a acordo sobre un determinado punto e o posterior abandono da mesa de traballo, vanse retomar sería conveniente entre tanto chegar a un acordo sobre o número máximo de mocións a incluír na orde do día das sesións plenarias, sen que polo Sr. Figueroa Vila se acceda á dita pretensión, remitindo en última instancia a decisión correspondente á formación da orde do día”. Ou sexa que segue mentindo, Sr. Figueroa.

É moi grave que nin sequera respecten unha figura coma a do Valedor do Cidadán, que o cuestionen. É moi grave que teñan tan pouco respecto polos votos que lles

deron os cidadáns e é moi grave que non respecten ás institucións.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Efectivamente segue vostede enganando. Agora resulta que o problema é se as intervencións son lidas ou non. De verdade que isto xa se está convertendo en algo bastante patético e evidentemente nós non imos contribuír a ese patetismo.

Nós empezamos a discutir o Regulamento, ese Regulamento que agora mesmo vostedes van pedir que se elabore en corenta e oito horas. Nós comezamos discutir ese Regulamento e mire vostede quen ten medo a debater que cando se chegou a un artigo, o 56, que falaba concretamente da utilización da lingua nestes Plenos, cando nós formulamos unha proposta vostedes marcharon desa reunión, non quixeron debater. Vostedes son os que teñen medo a debater porque marcharon desa reunión cando ademais sabían que había un informe e unha Lei de normalización lingüística que era o que nós pedíamos para este Pleno. Nese punto vostedes marcharon e agora veñen dicírmonos que en corenta e oito horas se aprobe o Regulamento.

Sr. Figueroa, este Regulamento tiña que estaren feito no 2004. Dende o 2004 ó 2007, en tres anos a anterior Alcaldesa non moveu un só papel para que se aprobara. Este goberno xa iniciou o debate dese Regulamento que vostedes abandonaron.

Haille que dicir á cidadanía as cousas como son e estas son só dunha maneira, non son interpretables. Vostedes abandonaron o debate do Regulamento do Pleno pero non se preocupen que este goberno claro que vai iniciar a elaboración dese Regulamento e se vostedes volven marchar traerémolo a aprobación porque a nosa idea sempre foi aprobar o Regulamento do Pleno por consenso.

Nós tres anos de goberno da Sra. Porro non se moveu un só papel sobre o Regulamento do Pleno, pero a diferenza é que nós na oposición non crispábase, poñíamos enriba da mesa alternativas, traballábase e ás veces co goberno porque Sr. Figueroa, cantas cousas se aprobaron nesta Corporación municipal cun goberno do Partido Popular en minoría apoiado polo Bloque Nacionalista Galego? Moitas máis das que aprobaron vostedes en toda esta lexislatura porque os votos son para traballar pola cidadanía e para chegar a acordos co goberno ou coa oposición se hai que chegar a eles e non, Sr. Figueroa, facer dos votos practicamente unha moeda de cambio dicindo que se dan ou non un voto. Esa é a concepción que o Partido Popular ten. Ou é o dono dos votos da cidadanía? Ou da representación que se outorga

democraticamente? Non, Sr. Figueroa, os votos son dos cidadáns e vostede non pode decidir que facer cos seus votos. Regalarllos, a quen? Como é iso? Os votos regálanse? Non, os votos se merecen e nós merecemos os que estamos aquí, un máis que vostedes. Iso de dar ou non un voto chámase, infantilismo político e perdoe pero llo digo con todo respecto.

1.- (95).- ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 27.04.09, EXT. 11.05.09).

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e cinco que a constitúen de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións do Pleno da Corporación ordinaria do 27 de abril e extraordinaria do 11 de maio.

2.- (96).- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DON JOSÉ MANUEL COUTO PÉREZ POLA CANDIDATURA PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR ÁS ELECCIÓNS LOCAIS DO 27.05.07.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 4 de xuño de 2009, Rexistro Xeral de saída do día 7 do mesmo mes, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleiro do Concello de Vigo a D. José Manuel Couto Pérez, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 27 de maio de 2007, en substitución por renuncia de dona Lucía Emilia Molares Pérez.

Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, o Sr. Couto Pérez procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:

SR. COUTO PÉREZ: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade al Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

S.Ordinaria 29.06.09

3.- (97).- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DON IGNACIO JAVIER LÓPEZ-CHAVES CASTRO POLA CANDIDATURA PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR ÁS ELECCIÓNS LOCAIS DO 27.05.07.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 4 de xuño de 2009, Rexistro Xeral de saída do día 7 do mesmo mes, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleiro do Concello de Vigo a D. Ignacio Javier López-Chaves Castro, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 27 de maio de 2007, en substitución por renuncia de dona María Corina Porro Martínez.

Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, o Sr. López-Chaves Castro procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade al Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

TRADÚCESE Ó GALEGO NA PRESENTE ACTA O XURAMENTO FEITO EN CASTELÁN POLO SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO EN CUMPRIMENTO DA LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA 5/1997, DO 22 DE XULLO, E ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, BOP 17.05.89.

A Presidencia da a benvida á Corporación os novos concelleiros.

4.- (98).- INTERVENCIÓN DO VOCEIRO DA PLATAFORMA PARA A DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de xuño, número 90094611, don Manuel Martín, como voceiro da Plataforma para a Defensa

da Sanidade Pública de Vigo, solicita a comparecencia perante o Plano do Concello e manifesta o seguinte:

“Dende a Plataforma da Sanidade Pública de Vigo, esiximos que se inicie a construción do novo hospital neste ano, dado os graves problemas que afectan á asistencia sanitaria da área de Vigo, como así se comprometeu o actual Presidente da Xunta don Alberto Núñez Feijoo.

- Que o seu financiamento e a súa xestión sexa pública para evitar que a planificación e a asistencia sanitaria queden en mans privadas.
- Que a súa dotación de servizos garanta o seu carácter estratéxico como centro universitario de investigación e de referencia no tratamento do cancro e doutras patoloxías.
- Que o seu número de 1.400 camas permita incorporar a toda a poboación da área sanitaria de Vigo, evitando a situación de discriminación actual entre a poboación atendida por hospitais públicos e privados”.

A PRESIDENCIA: Pasamos ó punto de debate de iniciativas externas á Corporación coa intervención do Voceiro da Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública de Vigo.

Seguindo as normas consuetudinarias que se fixeron en anteriores intervencións destas características, imos dar un tempo de dez minutos ó Voceiro da Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública, con independencia do posterior debate entre os membros da Corporación, dependendo de cada un dos grupos o que consideren que deben intervir.

SR. VOCEIRO DA PLATAFORMA PARA A DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA: En primeiro lugar quérome presentar. Son Manuel Martín García, son médico, membro da Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública e hónrome en representar á Plataforma na presentación desta moción.

En segundo lugar tamén quero agradecer ó Pleno a oportunidade que nos proporciona de poder presentar esta moción no nome dunha Plataforma integrada por diversos colectivos sindicais, sanitarios, sociais e políticos que dende hai moitos anos estamos preocupados intervindo na defensa dos problemas sanitarios que afectan á área de Vigo. Probablemente levamos máis de quince ou dezaseis anos e é primeira vez que temos a oportunidade de poder presentar no Pleno do Concello unha moción. Agradecemoslles a todos os grupos aquí presentes a oportunidade que

nos dan para presentar a seguinte moción:

Dende a Plataforma da Sanidade Pública de Vigo esiximos que se inicie a construción do novo complexo hospitalario de Vigo este ano. Levamos cinco anos de atraso. O Plan Estratéxico elaborouse dunha forma democrática, un proceso novidoso e moi interesante no que participaron máis de douscentos cincuenta facultativos e teño que dicir que non foi un proceso partidista porque a Administración e a Xerencia que o puxo en marcha pertencía ó goberno daquela do Partido Popular. A nós, á Plataforma pareceunos un documento importante e quedaba trasladalo a un Plan Estratéxico que desenvolvera o hospital.

Baseamos a nosa esixencia de que a construción comece este ano nos graves problemas que afectan á asistencia sanitaria na área de Vigo, como ben sabe todo o mundo e ademais polo propio compromiso asumido polo Presidente da Xunta, D. Alberto Núñez Feijóo.

Desgraciadamente temos as listas de espera das máis elevadas de Galicia e reflicten a disfuncionalidade que nestes momentos comporta o fraccionamento dos hospitais e ademais a descoordinación e a falla de algúns recursos importantes. Creo que é dificilmente tolerable para a cidadanía soportar esta situación e que a súa corrección non sexa inmediata.

En segundo lugar pedimos que o seu financiamento e a súa xestión sexa pública para evitaren que a planificación e a asistencia sanitaria queden en mans privadas. Creo que existe suficiente experiencia analizada en Galicia a través das fundacións sanitarias e outras experiencias de xestións privadas no resto do Estado que falan dos problemas que esta modalidade de xestión pode supoñer para a asistencia sanitaria e para a igualdade.

En terceiro lugar pedimos que a súa dotación de servizos garanta o seu carácter estratéxico como centro universitario de investigación e de referencia no tratamento do cancro entre outras patoloxías. Desgraciadamente algúns dos servizos que nós estamos esixindo están nestes momentos aínda en mans privadas e parécenos importante a súa incorporación ó novo hospital. Ademais entendemos a necesidade de que se volvan equilibrar os servizos sanitarios. Este novo hospital estratéxico necesitaría volver equilibrar o desequilibrio que existe actualmente co norte de Galicia onde hai grandes hospitais como o da Coruña ou o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. Necesitamos un hospital que volva equilibrar e que tamén sirva de referencia non só á área de Vigo, senón á de Ourense ou mesmo ó norte de

Portugal nalgúns aspectos.

Nós entendemos que un hospital non só resolve os problemas sanitarios que presenta a cidadanía de Vigo, senón que ademais é un instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da área e para garantir a incorporación da investigación e da docencia que melloren a dotación de recursos da área de Vigo.

Por último pedimos que o seu número de camas sexa de 1.400 o que permitiría incorporar a toda a poboación da área sanitaria de Vigo, evitando unha situación de discriminación que afecta por exemplo ós cidadáns de Coia que son atendidos por un hospital privado, que nestes momentos goza dun concerto singular e que xera problemas de asistencia, non só ós cidadáns de Coia e do Val Miñor, senón tamén ás áreas próximas de Moaña e Cangas.

Por todo isto pedimos que o Pleno apoie as nosas reivindicacións e dende logo que agradecemos moi sinceramente a oportunidade que tivemos para que escoiten as nosas demandas.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Teño que comezar a miña intervención facendo unha lembranza. Retrotraémonos ó outono de 2003, daquela eu tamén era concelleira e lembro que a primeira moción que presentei neste Pleno foi para instar á Xunta de Galicia a construción do que daquela chamábamos “hospital de referencia”. Falamos do ano 2003.

O hospital é un proxecto moi importante para Vigo, quizais sexa o máis importante desta cidade e da súa área porque vai garantir os dereitos básicos a unha sanidade digna.

Este hospital que todos os colectivos demandan para Vigo ten que sacar do furgón de cola, da lista de espera, á área sur, área sanitaria que atende ós dous terzos da poboación de toda a provincia, 600.000 galegos e galegas de vinte e oito concellos están pendentes dunha infraestrutura tan importante. Nesta realidade é chave a construción dun novo centro hospitalario como día tras días demandan os pacientes, os colectivos e toda a xente que traballamos na sanidade pública. Esta realidade non admite demoras, sabémolo dende hai moito; pero dende que entrou o novo goberno levamos tres meses.

No ano 2007 asinouse un acordo que reclamaba un hospital seguro, accesible, amigable e comfortable para usuarios e profesionais. Un hospital que tiña que ser un nó dunha rede de servizos que garanta a máxima calidade, a continuidade da

atención e o tratamento axeitado no lugar físico e modalidade asistencial máis eficiente. Un hospital viable, funcional técnica e economicamente. Un hospital sostible a longo prazo e competitivo e complementario cos do seu contorno, nacional e internacional, en todas as súas actividades científicas, técnicas, asistenciais, de docencia e de investigación. Un hospital capaz de atraer iniciativas de investigación e de desenvolvemento. Un hospital cunha dotación de equipamentos e recursos técnicos e humanos axeitados para a poboación da área sanitaria de Vigo.

Pois ben, falamos do ano 2007 cando este escrito se asinaba na Consellería de Sanidade pola daquela Conselleira, D^a M^a Xosé Rubio Vidal, por D. José Gómez Gómez da UXT, por D. Xan María Castro do sindicato nacional de CCOO, por D. Antolín Alcántara Álvarez, Secretario da CIG, por D. Antonio Fontenla Ramilo, Presidente da Confederación Empresarial Galega, por D. José Silveira Martín, Concelleiro-Delegado de POVISA e por D. José Cidre Pidre, Vicerreitor de Investigación da Universidade de Vigo. Falamos, repito, do ano 2007 e como se pode ver había consenso.

Dese consenso nós tamén pensabamos que participaba o Partido Popular porque o día 4 de marzo, recén gañadas as eleccións a prensa daquela dicía: “O contrato de Núñez Feijóo con Vigo: activaremos a construción do hospital porque Vigo é o bi-centro das listas de espera, faremos o grande hospital que Vigo necesita e que a cidade merece”. Outro xornal dicía: “O cambio da Xunta frea o novo hospital. O PP di que non podemos perder máis tempo xa que non variará o proxecto. Corina Porro asegura que en principio o novo goberno da Xunta non cambiará o proxecto do novo hospital, senón que seguirá adiante co xa deseñado polo actual SERGAS: *“Non podemos perder máis tempo. Non imos variar nada, hai que facer o hospital a todo meter”*. Iso foi literalmente dito pola Sra. Porro.

Agora habería que preguntar onde están os compromisos da Sra. Porro porque nestes momentos lle están dando de novo voltas ó hospital. “Porro só pensa en defender sempre o mellor posible a Vigo, estea onde estea”. Gustaríanos ver á Sra. Presidenta da Autoridade Portuaria defendendo ese hospital. O 7 de maio sae a seguinte nova: “Sanidade di non ter fondos para o hospital pero obvia que están noutra Consellería. O novo goberno non aclara nin desbota o financiamento privado para a obra como prometeu o bipartito”.

A Sra. Conselleira non atopaba os investimentos pero si o atoparon os xornalistas. Os xornalistas souberon onde se atopaba o financiamento e saíu o día 8 de maio: “O

diñeiro que non atopa a Xunta". Estaba na SPI: trescentos millóns. "Á Xunta parécelle casposo debater se se privatizará o hospital". Parécelle "casposo", aquí é igual sanidade pública que privada. "O Sr. Núñez Feijóo dixo que buscaría todos os instrumentos necesarios para facer o hospital. Polo que vexo a tres meses de gañar as elección e a dous meses e medio da toma do goberno seguen pensando e buscando.

"Os cartos que a Xunta non atopou firmado para o novo hospital. A Consellería de Sanidade di que non estaban os trescentos millóns". Toda esta parte do xornal reflicte un por un os pasos dados polo anterior goberno, polo bipartito e exactamente as datas de consignación e de firma coa SPI. "Feijóo asegura que o hospital se iniciará este ano e Farjas reitera a falla de presuposto". Póñanse de acordo, semella que hai disensións no bipartito da Xunta porque, hai ou non presuposto? "Que deixen o discurso demagóxico e casposo de pública e privada", replica a Conselleira, semella que lle encanta esa frase. "Sanidade apela á crise para non desbotar o financiamento privado do novo hospital".

Quedoulles feito o proxecto funcional, o construtivo; quedoulles feito absolutamente todo, o único que teñen que facer é poñerse a facelo.

As declaracións do 31 de maio de Corina Porro que se refiren a marzo, foron as seguintes: "O hospital poderíase licitar mañá". Non sabemos a que se está esperando. O día 1 de xullo a cousa vai empeorando: "O novo hospital entra na UCI. Temos máis proxectos. A Xunta terá que priorizar investimentos". Ou sexa que a sanidade pública non é unha prioridade, que o hospital de Vigo, a cidadanía de Vigo e de toda a área sur, 600.000 persoas nas listas de espera que hai, non son unha prioridade para o Partido Popular.

"Vigo treme o prognóstico do hospital". Imos mellorando. O día 3 de xuño: "A Xunta reconece que non sabe que Consellería construírá o novo hospital". "Farjas garante a existencia pública no novo hospital pero non o financiamento". E así sucesivamente. O 9 de xuño: "A Xunta non dá prioridade a que o novo hospital de Vigo sexa público". Declaracións da Directora Xeral do SERGAS ós profesionais sanitarios logo de traballar dous anos no proxecto funcional e estratéxico para a área sur: "Non teñades ideas preconcebidas". No mesmo xornal dise: "O SERGAS pídelles ós médicos que esquezan todo o que está feito". Vanlle pedir á cidadanía que agarde catro anos máis? O 10 de xuño: "Sanidade encárgalle ós médicos, economistas e técnicos que revisen o novo hospital". Segundo dicía a Sra. Porro a construción do hospital

poderíase iniciar mañá; xa vemos que manteñen os compromisos. O venres 26 de xuño, hai tres días: “O SERGAS aclara que non empezará de cero a súa revisión do novo hospital”. En que estamos, revisámolo ou non? Valeu ou non o que fixo o bipartito? “Sanidade consultará ós profesionais para un novo deseño”, algo que xa se fixo antes.

Logo de ler todo isto dubidamos moito de que realmente se estea apostando por Vigo, pola súa área e se estea apostando verdadeiramente pola sanidade pública.

O BNG vai defender o financiamento e a xestión do novo hospital de Vigo, vai defender que sexan públicos, que a construción se inicie no 2009, que teña o número de camas que se comprometeron que é de 1.440. Hai que respectar a igualdade de acceso ós servizos sanitarios, a equidade social, de maneira que se lle garanta á poboación o dereito a ter asignado un hospital de referencia.

Apoiamos á Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública e estaremos apoiando, como fixemos sempre, a todos os colectivos que presenten toda demanda á Xunta. O BNG sempre estará con eles para apoiar á sanidade pública e sempre estaremos aí detrás.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Vou empezar por algo que me encantou do representante da Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública, pola historia que fixo comezando polo Plan estratéxico que se elaborou democraticamente. Encantoume ademais que engadira que se empezou en tempo do PP. Lamentablemente eu teño que engadir a iso que semanas antes das eleccións de 2005 o Conselleiro de Sanidade, daquela do Partido Popular, sacou a licitación un plan funcional do novo hospital de Vigo que non respondía ás expectativas do persoal, nin dos que estiveron a traballar nese Plan estratéxico elaborado democraticamente, porque era un plan funcional pensado para un hospital de moi terceira categoría: seiscentas camas con financiamento público e privado e con POVISA de socio principal.

Esa é a realidade poucos meses antes de que o goberno de progreso gañara as eleccións, enfrontouse de inmediato ó grande reto que supoñía facer o hospital que Vigo e a súa grande área necesitaba e, por suposto, que se meteu a facer un proxecto moito mellor e tamén maior. Partindo daquel plan estratéxico elaborouse un plan funcional que rematou en xuño de 2007 e a partir de aí xa se sacou o concurso de ideas.

Aquí teño que dicir algo, porque escoitei moitas veces que se fixeron en Vigo moitas

presentacións do novo hospital de Vigo e que houbo poucas realidades finais, pero é que na administración as cousas son así. Cando nomeamos un arquitecto para facer algunha obra emblemática vostedes din que se o nomeamos a dedo, etc., cando facemos un concurso internacional para que ese gran hospital sexa realmente o que Vigo necesita, un hospital extraordinario como o que resultou gañador nese concurso internacional, hai que seguir unhas normas e uns prazos. Faise un concurso internacional de ideas no 2007, gañou un extraordinario proxecto. Logo de setembro de 2007 fíxose a presentación das maquetas dunha serie de proxectos e, por suposto, tamén a do gañador, requisito imprescindible para que se soubese da transparencia do goberno de progreso en Galicia. A realidade é que se comezou en xuño de 2008 a redacción do proxecto arquitectónico básico. Unha das presentacións que felizmente se fixo foi en xuño de 2008, daquela os vigueses tiñamos boas novas de que o hospital ía no bo camiño.

Catro meses despois se lles presentou ós profesionais o Plan funcional e o proxecto arquitectónico, ambas cousas. A partir de aí empezou a funcionar a maquinaria administrativa a toda velocidade.

O lamentable é que o critiquen quen coñecen a maquinaria administrativa, saben que é moi complexa e leva os seus tempos. A partir de aí se fai o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, o decreto de urxente ocupación dos bens afectados polo proxecto e en marzo de 2009 o Convenio da Consellería de Sanidade e Política Territorial para a execución das expropiacións. Apróbase tamén no Consello da Xunta o Plan Económico Financeiro Global da Sociedade Pública de Investimentos, S.A., no que se contempla a execución cun Plan económico-financeiro específico do novo hospital de Vigo. Asíñase tamén ese Plan económico-financeiro para a construción por un valor de trescentos millóns de euros, ese que non atopaba a Conselleira de Sanidade, ese que se tivo que dectar pola prensa que existía porque existía unha firma entre a Consellería de Sanidade e esa Sociedade Pública de Investimentos.

A partir de aí elaborouse o Plan de ordenación integral da área de Vigo e está o tema absolutamente claro para o poñer en marcha xa. Están as partidas nos orzamentos deste ano para as expropiacións e por suposto para a parte correspondente do proxecto e da construción, tamén están as partidas para os anos seguintes. O único que faltaba era licitar o proxecto de obra e execución; está absolutamente todo previsto e resolto, nin sequera é preciso rematar as expropiacións porque está aprobada polo Consello da Xunta a declaración de utilidade pública e de urxente

ocupación.

O problema do último fin de semana, e non vou tirar da hemeroteca porque xa o fixo a miña compañeira a Sra. Méndez, enormemente preocupante é que o novo Xerente do Chuvi ten que convocar unha comisión, textualmente: "...para estudar o futuro do novo hospital de Vigo dentro da estratexia do novo SERGAS de revisar o deseño do hospital de Vigo, o seu Plan funcional e polo tanto o seu número de camas". Isto é o último, iso retrotráeme ó 2005, a cando o Conselleiro de Sanidade saca a licitación ese Plan funcional para ese pequeno hospital de 600 camas, cun financiamento público e privado, con POVISA como socio principal, etc.

Estou absolutamente convencido de que non van ser vostedes capaces de facer esa atrocidade coa cidade de Vigo que, aínda que no fondo están por esas, non van ser quen porque está a Asociación, están os vigueses, está o propio Valedor do Cidadán que nos di que se precisa ese novo hospital co número de camas acordado. Non van ser vostedes capaces de evitar que o grave problema sanitario coa lista de espera vaia outra volta á Xunta do Partido Popular, á que estamos vendo que en dous meses e pico está insultando permanentemente a Vigo.

Todas as grandes cousas acadadas en Vigo, logo de que felizmente teñamos pechadas un montón de cousas a nivel do goberno central e nos orzamentos do Estado, ven a Xunta dicir que non, á depuradora, ó hospital, á gratuidade dos libros, ó Xulgado do Mercantil. Xa é intolerable que a Xunta non apoie claramente o Xulgado do Mercantil, ten que vir o Ministro aquí dicindo que vai estar malia a Xunta. Din que non á cidade da xustiza, á cidade do mar, ó carril peonil de bici Vigo-A Guarda, ó Plan Íntegra, ó edificio A Gota de Leite para a Policía, etc. Dous meses e poucos días absolutamente lamentables para Galicia e moi especialmente para Vigo. De aí ven a miña confianza de que o novo hospital, o programado, o previsto, vai ir adiante porque Vigo non vai permitir que a Xunta de Galicia, malia que o queira, aldraxe unha vez máis á cidade; está claro que os vigueses non o consentirán.

SR. FIGUEROA VILA: En primeiro lugar agradecer á Plataforma pola Sanidade Pública que pedira esta comparecencia, pero en calquera caso logo tamén me remitirei a algunha cuestión coa que non estamos de acordo.

O hospital público é necesario, é imprescindible para Vigo, coido que iso xa non o discute ninguén. Empezouse a planificar xa na Xunta do Presidente Fraga, logo cando cambiou a Xunta, o Presidente Touriño seguiu con ese proxecto. A partir de aí hai

unha serie de acontecementos e propostas intermedias durante eses catro anos. Os titulares de entón dicían: “A Xunta adianta ó 2007 a construción do novo hospital”, o que non é certo. “Tourinho promete 600 millóns para adiantar dous anos o novo hospital”. O hospital segue sen se facer. “A construción do novo hospital comezará no 2007”. Mentira. “A Xunta adianta ó 2007 o inicio do novo hospital e financiarao en solitario”. De momento mentira, etc.

Este Concello tamén xoga nisto un papel fundamental porque en primeiro lugar os grupos que confeccionamos o Plan Xeral, tanto o BNG como o Partido Popular, reservamos unha parcela na zona de Beade-Valladares para a construción do hospital e como o Plan Xeral se eternizaba e había dificultades para o aprobar, a daquela Alcaldesa, Sra. Porro, coas Conselleiras de Sanidade e de Política Territorial pechan un acordo moi importante que coído que hai valorar pola xestión que se fixo, porque dende a Xunta se proxecta un expediente de supra-municipalidade e así os terreos, en troques de achegalos o Concello, que é o que se fai habitualmente, a Xunta é a responsable de expropiar e aportar estes terreos e para iso se asina un convenio entre as tres dirixentes políticas.

Os titulares daquela dicían: “A Alcaldesa pecha en dous minutos o acordo coa Xunta para o novo hospital”. Polo tanto o Concello de Vigo facilitou dun xeito claro a posibilidade de que a Xunta de Galicia tivese uns terreos e coa vantaxe de que non os pagaba o Concello, pero a maiores mesmo dentro do Plan Xeral tiñamos unhas plusvalías, unha achega doutros ámbitos que ía para o hospital para que non lle custase cartos ó Concello. Logo eses terreos se destinaron á Cidade do Deporte. Os titulares dicían: “O convenio libera dezoito millóns no Plan Xeral para outros proxectos. O PXOM establecía cargas urbanísticas en Liñeiriños para sufragar a adquisición do solo necesario”.

Polo tanto foi unha xestión magnífica do goberno anterior da Sra. Porro que tanto critican vostedes continuamente, xa saíu o seu nome varias veces neste Pleno, coído que sobrevoa os Plenos deste Concello e se é tan mala, se o fai tan mal, se só puxo flores na cidade, se non ten apoio ningún, por que a están nomeando continuamente? A xestión da Sra. Porro liberou ó Concello de dezoito millóns de euros pero a maiores esas plusvalías de Liñeiriños ó final destináronse á Cidade do Deporte.

A partir de aí temos presentación tras presentación do novo hospital xeral maior de Galicia, da obra pública máis custosa de Galicia. Todo iso se dicía no ano 2006: “O

hospital licitarase no 2007". "A Federación Veciñal cre ridícula a partida para o cuarto hospital". "Porro formula reducir o prazo para o novo hospital como remedio para os colapsos". É dicir, pedía que se acelerase o máis posible a construción do novo hospital. Outra versión de 2008: "A Consellería confía comezar as obras do novo hospital". "Os investimentos pendentes en Vigo están en fase de proxecto", etc. A partir de aí hai unha serie de presentacións, de publicidade e de márketing e todos puidémolo ver durante eses dous anos. Houbo presentacións públicas con moita maqueta pero maqueta que nunca se levou a cabo, todo son papeis.

Pero o fondo do problema real é o financiamento e que o goberno da Xunta anterior do BNG e do Partido Socialista mentiu a esta cidade e ímolo demostrar. Mentiron a esta cidade porque o gran problema do hospital segue a ser o financiamento. Incluíronse partidas de 5, 6, 7, 9 millóns nos anos 2006 e 2007 que eran insuficientes a todas luces, mesmo a partida do ano 2007 destinouse a outras cidades como é o caso do hospital de Lugo e mesmo para pagar gastos de persoal, asistencia técnicas, etc.

O problema é que non existe o financiamento, Sra. Méndez, hai quince millóns de euros nos orzamentos da Xunta para expropiacións e na SPI, existe unha partida do que custaría esta obra, pero hai que buscar o financiamento porque a SPI é unha empresa pública que ten que buscar o financiamento e para iso se ten que endebedar, acudir á débeda pública, adquirir déficit público. Pero como iso non existiu estivéronnos enganando, atrasando os prazos, presentando maquetas, dicindo que máis adiante se comezaría a licitar.

Agora, no expediente que atopa esta nova Xunta de Galicia aparece realmente o problema que é un informe que encargou a Xunta anterior no que se fala da grave cuestión. Leo o que di: "Informe sobre a definición e viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta dende a perspectiva da desconsolidación orzamentaria". Comezamos ler e sae o problema de que hai que buscar financiamento privado. No documento elaborado pola Xunta anterior do BNG e do Partido Socialista dise claramente que é totalmente imposible asumir con diñeiro do erario público o financiamento deste hospital que está en torno ós cincocentos millóns de euros.

Todo iso non o dicimos nós, este informe que seguramente non coñecen nin os medios de comunicación nin ninguén, está no expediente do hospital deixado polo bi-goberno do BNG-Partido Socialista; non é unha proposta do Partido Popular.

Voume deter aquí por ser a cuestión fundamental, o demais é moita maqueta, moita presentación, moito márketing, moitas invitacións en Vigo, cinco ou seis presentacións, etc. O informe di o seguinte: “Aínda encomendándose a unha sociedade mixta as actividades relacionadas coa construción e a explotación do novo centro hospitalario, resérvase a administración sanitaria galega a prestación do servizo sanitario, isto é, que estableza unha dicotomía na explotación do hospital distinguindo a tal efecto a prestación de servizos clínicos que corresponderían á administración, do resto de servizos complementarios ou apoios, tales como servizos externos, en adiante servizos de apoio non clínicos, que serían asumidos pola sociedade mixta. De acordo co primeiro dos requirimentos efectuados polo SERGAS o modelo que se deseña debe tratar de evitar a consolidación das novas infraestruturas sanitarias nas contas públicas da Xunta de Galicia, polo que será necesario atender ós criterios e esixencias comunitarias e nacionais sobre déficit público. No caso de que Dento, sociedade pública, se considere administración pública, o endebedamento que a mesma asumise como consecuencia da operación proxectada tería incidencia sobre a necesidade de financiamento das administracións intervenientes e en consecuencia sobre o endebedamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”.

É dicir, que aínda que fose a empresa mixta tería que cumprir coas normas orzamentarias, neste caso da administración pública. “En ditos supostos habería que valorar á súa vez se os contratos que ditos entes realicen coas empresas do sector privado supoñen que deba ou non atribuírse a aquelas o risco da propiedade dos inmobles que se constrúan e polo tanto tamén o correlativo endebedamento. De acordo coa clasificación anterior e tendo en conta os requirimentos formulados polo SERGAS para artellar a operación, cabe entender que o recurso ó financiamento privado pode artellarse a través dunha sociedade na que participe tanto o sector público, no noso caso SPI de Galicia na súa condición de unidade institucional non de mercado incluída no sector de administracións, como o sector privado de xeito que sexa a devandita sociedade mixta a que execute o contrato para o financiamento, construción e explotación dos servizos das infraestruturas hospitalarias que licitaría o SPI Galicia”. Pero hai máis, o documento é todo sobre isto.

Na páxina 12 de Conclusións dise: “SPI Galicia convocaría unha licitación mediante un procedemento aberto segundo o previsto na Lei para seleccionar ó socio privado que participaría no 90% do capital da filial recién constituída mediante a adquisición

ou ampliación do capital necesario". 90% do capital privado. Podería continuar porque é todo sobre o mesmo; o que nos ven dicir é que para financiar este hospital habería que acudir ó financiamento privado. Este é un documento que ten vinte e nove páxinas pero estas son as conclusións máis importantes.

Con todo isto sobran argumentacións, a Xunta de Galicia estaba intentando chegar ó período electoral enganando á cidadanía, dicíndolle que se ía construír o hospital e logo diríalle á opinión pública que sería totalmente imposible construír este hospital con financiamento público porque con cincocentos millóns de euros non sería asumible a construción pola Xunta de Galicia.

Agora sábese a verdade. O Presidente Feijóo está dicindo a verdade, o novo goberno da Xunta de Galicia empeza a dicir a verdade, verdade que vostedes tiveron agochada durante os últimos tres anos. Algúns explicámonos agora o por que de tanta presentación, de tanta maqueta, de tantos papeis, por que non elaborar o proxecto construtivo; porque había que se quedar no proxecto básico porque daba folgura política, posibilidade de presentacións, de márketing e de dicir claramente que o hospital estaba totalmente pechado. Pois non, a verdade estase dicindo agora. Primeiro a Xunta ten un burato económico importante, pero aínda que non o tivese o problema é financiar cincocentos millóns de euros que van contra a débeda, contra o déficit público e contra o endebedamento da Xunta. A Xunta daquela o que fixo foi meter quince millóns de euros no orzamento do ano 2009 para iniciar as expropiacións que non se iniciaron aínda e a maiores trasladar a esa empresa mixta que o orzamento será doutros trescentos millóns de euros máis. Pero á empresa mixta con este documento dille que se encargue da busca de financiamento. A partir de aí é cando se elabora este informe que non se fixo público, que non se coñece pero que aparece agora na documentación do hospital.

En definitiva, volvemos ó ano 2006, ó inicio do proxecto onde hai que buscar o financiamento e estase demostrando que o financiamento público non era doado, tampouco para o BNG e o Partido Socialista que gobernaban daquela; están a dicir claro este documento. Ese é o fondo real do hospital.

En calquera caso nós temos plena confianza. Este hospital é imprescindible, é prioritario para a nosa cidade, para a área metropolitana e eu diría que para Galicia. Está empeñada a palabra do Sr. Núñez Feijóo de que este hospital se vai construír, pero ninguén pode baixo ningún concepto pensar que o que vostedes non foron capaces de facer en catro anos un novo goberno o desbloquee en dous meses e

medio.

O actual goberno está sendo claro e contundente, está dicindo a verdade. Agora, como hai problemas, hai que buscar solucións e dende logo nós temos plena confianza nas solucións do Presidente Núñez Feijóo, do seu equipo de goberno, na Conselleira e estamos totalmente convencidos de que Vigo vai ter o mellor hospital, o hospital que necesita esta cidade, o que demandan os colectivos e en xeral a cidadanía.

Pero o que non se pode é estar permanentemente enganando á cidadanía. Agora descubriuse a verdade, está aquí, está neste documento, o demais foi grande aparato, maquetas, papeis e dilatar no tempo unha solución que era totalmente inviable economicamente pola Xunta anterior.

Nós temos confianza en que nos próximos meses se poida desbloquear este proxecto e poidamos comezar as obras.

Ese é o noso desexo e temos plena confianza no goberno do Partido Popular porque se hai unha persoa que coñece a sanidade de Galicia e a de Vigo é o Presidente Núñez Feijóo, coido que ninguén o dubida.

Esa é a cuestión á que temos que chegar: moito engano, moita mentira, moita posta en escena, moita invitación pero ó final non había cartos. Agora un documento da Xunta anterior delata toda esa situación.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Evidentemente que o Sr. Núñez Feijóo coñece moi ben a Sanidade porque é discípulo de Romay Beccaría. Sabe quen puxo en marcha as fundacións privadas, como o MEDTEC, que o goberno do bipartito pechou? Foi o Partido Popular, o Sr. Núñez Feijóo que logo foi para Correos e fixo outro tanto do mesmo. Claro que coñece a Sanidade o Sr. Núñez Feijóo, é especialista en privatizar. Vostedes o que queren é copiar o modelo Valencia ou o modelo Madrid. Sabemos todos, sábeo o público que está aí, a Plataforma para a defensa da Sanidade Pública, a xente dos colectivos, os sindicatos, saben que entra o Partido Popular e coa desculpa da crise privatízase a Sanidade; esa é a súa máxima.

Van copiar o que fixo Madrid. Agora mesmo van dicir que estamos en crise, así van priorizar o que lles interesa a vostedes e a principal infraestrutura que precisa a cidadanía desta área metropolitana vai quedar sen facer. Pero non se preocupe que dentro de catro anos dirán que como é inviable si o van facer pero privado.

Sr. Figueroa, ese informe que vostede nos intenta presentar como o mellor do mundo

é un informe máis que se pediu pola Concellería de Sanidade para ver as posibilidades que había. É nin máis nin menos que un informe máis; a partir de que se veu ese informe por parte da Consellería de Sanidade o que se fixo foi aumentar o tempo para pagar o hospital e pasouse a meter dous anos máis enriba para que dera tempo a lle pagar á SPI. Iso é o que se fixo e non nos intente vender ese informe para xustificar o que sempre fixeron vostedes en todos os sitios onde gobernan, para facer as fundacións como en Valencia ou Madrid, xustificar a privatización da Sanidade pública que é o que vostedes queren. Logo din que se comprometen coa cidadanía de Vigo. Esta cidadanía falou a través de todos os seus colectivos, falou hai anos na rúa e dixo que quería un hospital público, un grande hospital que alivie o que significa agora mesmo toda a problemática da sanidade. Non mintan. Son vostedes os que menten, como mentiron e por iso gañaron as eleccións.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A verdade é que estamos tan acostumbrados ó engano e ás mentiras á cidadanía que xa non sei por onde empezar.

Teñan vostedes a completa seguridade de que ese documento é un documento máis ó igual que foi unha visita máis a visita a diversos hospitais con modelo de xestión diferente ó modelo de xestión pública; unha visita para coñecer en efecto toda a realidade sanitaria do país para chegar a unha conclusión moi clara e decidida por parte da Xunta de Galicia: que o modelo de xestión pública era o modelo do novo hospital de Vigo e para iso había fondos comprometidos en documentos, en acordos da Xunta de Galicia cos que non lles quero aburrir, aínda que o Sr. Figueroa sexa especialista en aburrírmonos mesmo cos céntimos cando é necesario, pero eu falo de compromisos: no 2010 de 92.300.000 euros, no 2011 de 92.300.00, etc., compromisos e acordos no Consello da Xunta de Galicia que é onde se toman os acordos.

Está claro, na intervención do Sr. Figueroa novamente nin se dan prazos, nin se di se vai ser público ou privado..., o de sempre, estamos acostumbrados a cousas deste estilo. Pero a min encántame que lle poña o mérito á Sra. Alcaldesa anterior, D^a Corina Porro, nos momentos nos que en efecto defendía á cidade, tamén faltaría máis sendo Alcaldesa, que se reúne con dúas Conselleiras cando son as Conselleiras as que poñen os cartos para as expropiacións dos terreos; é a Xunta de Galicia Socialista, con dúas Conselleiras socialista quen toma a decisión de que o Concello

non pague polos terreos, é unha decisión política clara e evidente de compromiso político e económico rotundo co novo hospital de Vigo. Fano dúas Conselleiras socialista aforrándolle ó Concello de Vigo moreas de millóns que obviamente poderían dedicar á construción, que vostedes din que non se pode.

É dicir, converte algo que é a súa obriga coma Alcaldesa nun exemplo da xestión da Sra. Porro, unha ex alcaldesa que hai tempo deixou de defender a cidade e como estamos vendo ultimamente está defendendo exclusivamente ó Partido Popular, que non lle para de dar labazadas a esta cidade e algunha mesmo con presuposto totalmente decidido, mesmo adxudicado porque van ter vostedes que pagar non sei que cantidade de cartos por botar abaixo o carril peonil e de bici cara Baiona e A Garda. Estaba totalmente adxudicado.

Hai tempo que a Sra. Porro deixou de defender os intereses da cidade e agora defende os do Partido Popular e os dalgunhas empresas do Porto.

SR. FIGUEROA VILA: Xa digo sinceramente que non sei se a Sra. Porro será tan boa, eu creo que é boa e por iso ten un apoio, pero xa non sei se tanto e empezo a cuestionar que sexa tan boa porque en todos os Plenos, en todos os temas ten que saír a Sra. Porro; iso quererá dicir que é algo importante. Eu creo que lle están facendo vostedes sós a campaña de imaxe, de promoción e de publicidade porque falan dela todos os días e en todos os debates. Déixena tranquila, está traballando por Vigo e está ben onde está.

O resume é o que é, Sr. Calviño, porque onde están os cartos? Vostede cre que se o BNG e o seu Grupo de soberen onde están os cartos non os ensinarían? Non dirían en que partidas están? Non, é mentira porque teñen quince millóns de euros no presuposto e trescentos millóns na SPI que é o que custaría o proxecto definitivo. Pero a SPI ten que buscar o financiamento porque non ten diñeiro, non sei como o explicar. Está ben que o debuxen, é aparato, é publicidade, fano moi ben cara á galería pero hai que buscar eses cartos. Á SPI dinlle que acuda ó financiamento privado ó 90%, non ó 50, e aí foi onde vostedes se atrancaron, onde nos enganaron. Podían dicir a verdade, dicir que é imposible de financiar, que non había cartos, que había que dilatar o proxecto no tempo, pero vostedes enganaron para chegaren ás eleccións, como pasa con todo, coa ETEA que non teñen absolutamente nada da Cidade do Mar, non hai nada, non hai nin proxecto. Agora sábese a verdade.

O problema é que mentres vostedes gobernaron agocháronos absolutamente todo

pero agora temos a información dende dentro e vese que non hai nada. Claro que o Presidente Núñez Feijóo ten que dicir a verdade, mostrar a situación real e a partir dela hai que buscar solucións.

Claro que Vigo vai ter o hospital que demanda, claro que hai un compromiso do Presidente Núñez Feijóo con Vigo, claro que hai un compromiso do Partido Popular con Vigo, como non o vai haber para unha instalación tan necesaria? Pero lle hai que dicir a verdade á cidadanía, ou de onde se sacan os cartos? Por que vostedes non licitaron a obra e estiveron tres anos mareando? Catro anos para facer maquetas? Xa está ben de maquetas, non sei que empresa fai as maquetas pero de verdade que se está facendo de ouro. Antes non se facían tantas maquetas, agora hai maquetas por todas as esquinas, pero da maqueta non se pasa á realidade. Seguramente que por uns cen mil euros se pode conseguir a maqueta pero o problema é que logo hai que conseguir uns cincocentos millóns de euros máis e iso non existe, non están nos orzamentos e non houbo vontade de facelo.

Hai que buscar solucións. Nós entendemos as demandas dos veciños e das veciñas e nesa liña está traballando o Presidente Núñez Feijóo, pero permítalle que diga a verdade, aínda que vostedes non enganaron á cidadanía porque ó final as maquetas quedan e o único que valen son as obras e as construcións.

Por que non pasaron vostedes do proxecto básico ó proxecto construtivo? Porque non había cartos pero había que chegar ás eleccións con esa mentira, mentira que lles pasou factura porque a xente decatouse dela.

Agora hai que dicir en primeiro lugar a verdade e despois buscar solucións. Estamos totalmente convencidos de que o Presidente Núñez Feijóo cando visite esta cidade vai dicir o que teña que dicir e co Alcalde diante porque hai que ter un respecto institucional. Estamos totalmente convencidos de que o Presidente da Xunta ten un compromiso con Vigo, un compromiso co hospital e o hospital de Vigo vaise facer.

Polo tanto nós non imos votar esta proposta e dígolle con todo cariño á Plataforma que nós tamén botamos de menos que durante catro anos estivese morna e agora que goberna o Partido Popular semella que está un pouco máis forte.

Creo que hai que ser xustos con todos e se antes estaba morna o que lle pedimos Plataforma é que polo menos dea un tempo prudente para que o Presidente Núñez Feijóo, que leva só dous meses e medio, poida buscar solucións. Seguramente que teñen razón no fondo das súas reivindicacións, pero nos parece que a forma podería ser doutro xeito. Nós tamén botamos de menos esa morneza que se tivo durante os

anteriores catro anos.

Esa é a nosa posición, dígoo co maior respecto para a Plataforma, non se entenda tampouco que a estamos criticando, estamos dicindo o que pensamos, que consideramos que na forma seguramente están a destempo. Cremos que o goberno actual precisa un pouco de tempo para resolver todas estas cuestións que veñen herdadas dun goberno que non deixou os cartos nin o financiamento e que nos enganou e o documento que lin ratifica que houbo un engano por parte do anterior goberno da Xunta porque non había financiamento. A posibilidade deste financiamento daríase logo das eleccións pero con financiamento privado como aquí está reflectido.

A PRESIDENCIA: Gracias. Sr. Martín García, agradecemos a súa presenza neste Pleno.

5.- (99).- DAR CONTA DO CAMBIO DE VOCEIRO NO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.

ANTECEDENTES.-Con data 18 de xuño e en relación co establecido no apartado 2 do artigo 24 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, preséntase escrito asinado polos once concelleiros do Grupo municipal do partido Popular, manifestando que as funcións de voceiro do devandito grupo, logo da baixa da concelleira dona Corina Porro Martínez, serán exercidas por don José Manuel Figueroa Vila,

A Alcaldía-Presidencia da conta do anterior ó Pleno da Corporación.

6.- (100).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS 1 E 22 DE XUÑO DE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS CON CARÁCTER TEMPORAL.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 1 de xuño de 2009, a Alcaldía-presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia da Concelleira dona. Raquel Díaz Vázquez, dende o día 1 de xuño de 2009 ata o 19 de xuño de 2009, e considerando as delegacións que en materia de goberno ostenta en virtude de Resolucións de Alcaldía de data 5 de xullo

de 2007, área de Economía e Facenda, e do 31 de marzo de 2008, área de Montes, Parques e Xardíns, Limpeza e Contratación, en uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía en virtude do disposto no art. 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

RESOLVO

Primeiro.- Odificar, con carácter temporal, dende o día 1 de xuño de 2009 ata o 19 de xuño de 2009, as delegacións efectuadas na Concelleira dona Raquel Díaz Vázquez, en virtude de resolucións de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, apartado segundo III, na área de Economía e Facenda e de data 31 de marzo de 2008, apartado segundo, na área de Montes, Parques e Xardíns, Limpeza e Contratación, e, en consecuencia delegar ditas atribucións no Concelleiro D. Carlos López Font, Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións sinaladas.

Segundo.- Nomear, con carácter temporal, ó Concelleiro D. Carlos López Font, Delegado da Área de Xestión Municipal, representante do Concello de Vigo na Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV) substituíndo á Concelleira dona. Raquel Díaz Vázquez en dita función durante a súa ausencia.

Terceiro.- Finalizado o período de ausencia volverán ter plena eficacia as delegacións conferidas inicialmente á Concelleira dona. Raquel Díaz Vázquez, quedando sen efecto a modificación recollida nos apartados primeiro e segundo da presente resolución.

Cuarto.- Notificar a presente resolución ós interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Quinto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Sexto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de tomar coñecemento da mesma.”

Igualmente a Alcaldía-Presidencia, con data 22 de xuño ditou a seguinte resolución:

“Mediante Resolución da Alcaldía, de data 01.06.09, nomeouse, con carácter temporal, ó Concelleiro D. Carlos López Font, Delegado da Área de Xestión Municipal, representante do Concello de Vigo na Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV) substituíndo á Concelleira dona. Raquel Díaz Vázquez en dita función durante a súa ausencia.

RESOLVO

S.Ordinaria 29.06.09

Primeiro.- Ampliación da modificación, con carácter temporal, dende o día 22 de xuño de 2009 ata o 26 de xuño de 2009, ás delegacións efectuadas na Concelleira dona Raquel Díaz Vázquez, en virtude de Resolucións de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, apartado segundo III, na área de Economía e Facenda e de data 31 de marzo de 2008, apartado segundo, na área de Montes, Parques e Xardíns, Limpeza e Contratación e, en consecuencia, delegar ditas atribucións no Concelleiro D. Carlos López Font, Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións sinaladas.

Segundo.- Nomear, con carácter temporal, ó Concelleiro D. Carlos López Font, Delegado da Área de Xestión Municipal, representante do Concello de Vigo na Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV) substituindo á Concelleira dona Raquel Díaz Vázquez en dita función durante a súa ausencia.

Terceiro.- Finalizado o período de ausencia volverán ter plena eficacia as delegacións conferidas inicialmente á Concelleira dona Raquel Díaz Vázquez, quedando sen efecto a modificación recollida nos apartados primeiro e segundo da presente resolución.

Cuarto.- Notificar a presente resolución ós interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Quinto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Sexto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de tomar coñecemento da mesma.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño, tomou coñecemento das anteriores resolucións.

A Alcaldía-Presidencia da conta do anterior ó Pleno da Corporación.

7.- (101).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 27 DE MAIO DE 2009 DE DELEGACIÓN DAS SECRETARÍAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E FUNCIONAMENTO DAS DEVANDITAS COMISIÓNS.

ANTECEDENTES.- A Secretaria xeral do Pleno, por escrito de data 27 de maio de 2009, formula a seguinte proposta:

S.Ordinaria 29.06.09

“O Pleno da Corporación en sesión de data 17.07.07 adoptou acordo de aprobación da proposta de Alcaldía referente á creación e composición das Comisións do Pleno, dando conta da constitución en Pleno de data 30.07.07 das seguintes:

- C. de Xestión Municipal.
- C. de Servizos Xerais.
- C. de Emprego e Participación Cidadá.
- C. de Medio Ambiente.
- C. de Mobilidade.
- C. de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico.
- C. de Asuntos Sociais.

De conformidade co sinalado no artigo 13.2 do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o Réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, propónse á Alcaldía que nas Comisións do Pleno que se sinalan, e por delegación desta Secretaría Xeral, as funcións que corresponden á Secretaria das mesmas sexa desempeñada polos seguintes funcionarios municipais:

- COMISIÓN DE XESTIÓN MUNICIPAL, D. Miguel Pola Tombo.
- COMISIÓN DE SERVIZOS XERAIS, D. José Rodríguez García.
- COMISIÓN EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ, D. Albino Rodríguez Ferreira.
- COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE, D^a María Blanco Rodríguez.
- COMISIÓN DE MOBILIDADE, D^a M^a del Carmen Pintado García.
- COMISIÓN DE CULTURA, INDUSTRIA, TURISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO, D. Ignacio Oliveira López.
- COMISIÓN DE ASUNTOS SOCIAIS, D. Jesús Núñez Torrón.

De conformidade co sinalado no Título III, Capítulo I do Regulamento Orgánico da Corporación (BOP 26.09.88) e Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local corresponderán ás comisións do Pleno as seguintes funcións:

- O estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.
- O seguimento da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ó Pleno.
- Aquelas que o Pleno lles delegue, de acordo co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O desempeño do posto de secretario/a dos órganos complementarios indicados comprenderá as seguintes funcións:

- a) A preparación dos asuntos que teñan que ser incluídos na orde do día das reunións que se realicen, de conformidade co que estableza o Presidente efectivo dela e a asistencia ó mesmo na realización da correspondente convocatoria, notificándoa coa debida antelación a todos os compoñentes do órgano colexiado en unión da acta da sesión anterior.
- b) Custodiar dende o momento da convocatoria a documentación íntegra dos

- expedientes incluídos na orde do día e tela á disposición dos membros do respectivo órgano colexiado que desexen examinala.
- c) Levantar acta sintetizada das reunións que se realicen someténdoa á aprobación no comezo da seguinte sesión. Unha vez aprobada, transcribírase no correspondente Libro de Actas que deberá ser custodiado baixo a súa responsabilidade.
 - d) Deixar constancia nos respectivos expedientes dos ditames ou informes adoptados respecto da proposta sometida a consideración.
 - e) Remitir á Secretaría Xeral os expedientes ditaminados con tempo suficiente para a súa inclusión na orde do día das convocatorias que no seu caso realice o Concello Pleno.

A efectos do cumprimento de ditas funcións resulta necesario lembrar que os ditames das comisións mesmas teñen carácter preceptivo e non vinculante e agás nos supostos de urxencia todos aqueles asuntos sobre os que o Pleno da Corporación deba pronunciarse, tanto en sesión ordinaria como extraordinaria, deberán ser ditaminados previamente pola correspondente Comisión do Pleno, rexéndose no seu funcionamento polo disposto na Lei 7/1985, no Regulamento Orgánico Municipal, e naqueles aspectos non regulados por aquel, polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, sinalándose a continuación a modo de recordatorio as liñas xerais de funcionamento:

- As Comisións realizarán sesión ordinaria con carácter mensual sempre e cando existan asuntos que se deban ditaminar ou informar. Dita sesión realizarase os penúltimos luns non festivos de cada mes, ó remate da Xunta de Goberno Local (acordo plenario 17.07.07).
- As sesións das Comisións deberán convocarse, polo menos, con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que o foran con carácter urxente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada pola Comisión.
- A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ó debate e, no seu caso, votación, deberá figurar a disposición dos concelleiros dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría da Comisión.
- A Comisión constitúese validamente coa asistencia dun terzo do número legal de membros da mesma, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión, requiríndose en todo caso, a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a da Corporación ou de quen legalmente lles substitúan.
- A adopción de acordos producirase mediante votación ordinaria, agás que a propia Comisión acorde, para un caso concreto, a votación nominal. O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros das Corporacións absterse de votar.
- A ausencia dun ou varios concelleiros, unha vez iniciada a deliberación dun asunto, equivale, a efectos da votación correspondente, abstención. Para o caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e se persistira o empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.
- Os membros da Comisión que disintan do ditame aprobado por esta, poderán pedir que conste o seu voto en contra ou formular voto particular para a súa defensa ante o Pleno. Para o caso de formularse voto particular este deberá achegarse ó ditame dende o día seguinte ó da aprobación do mesmo pola

Comisión.

- Calquera membro poderá someter mocións, rogos e preguntas á consideración da mesma, presentando a súa proposta ó inicio da reunión.

O certificado do ditame deberá constar na súa redacción cunha parte expositiva e cunha parte resolutiva, transcribindo integramente o informe-proposta que, emitido polo Xefe da Dependencia correspondente, conste no expediente, ou de ser o caso da proposición presentada por un dos grupos políticos municipais, todo sen prexuízo das emendas ó mesmo acordadas no seo da Comisión ou dos votos particulares formulados.

O expediente completo xunto co certificado emitido nos termos sinalados remitirase á dependencia da Secretaría Xeral do Pleno (Xefatura do Negociado de Actas) ó día seguinte á realización da sesión correspondente.

Considerando as competencias da Alcaldía derivadas do artigo 124.4 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en canto que exerce a superior dirección do persoal ó servizo da Administración municipal, elévase a proposta de delegación exposta.”

Visto o anterior, o Alcalde-Presidente, con data 27 de maio dita a seguinte resolución:

“En exercicio das facultades derivadas do artigo 124.4 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Prestar conformidade á delegación efectuada pola Secretaria Xeral do Pleno para o desempeño da Secretaría das Comisións do Pleno, segundo a descrición anteriormente referida.

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados e ós presidentes das comisións, así como dar conta da mesma ó Pleno na primeira sesión ordinaria que realice.”

A Alcaldía-Presidencia da conta do anterior ó Pleno da Corporación.

8.- (102).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE DON EUDOSIO ÁLVAREZ ÁLVAREZ COMO MEMBRO DO PADROADO DA FUNDACIÓN LISTE EN SUBSTITUCIÓN DE DONA ELENA MAURE NOIA.

ANTECEDENTES.- O Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira, por escrito de data 19 de xuño, propón o nomeamento do membro da Xunta de Goberno, pertencente ó Grupo municipal do BNG, don Eudosio Álvarez Álvarez, como membro do Padroado

da Fundación Liste en substitución de dona Elena Maure Noia, segundo o establecido no artigo 13.1.a) dos seus estatutos.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño, por unanimidade ditamina favorablemente.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear ó membro da Xunta de Goberno Local, pertencente ó Grupo municipal do BNG, don Eudosio Álvarez Álvarez, como membro do Padroado da Fundación Liste en substitución de dona Elena Maure Noia.

9.- (103).- PROPOSTA DE CAMBIOS DOS COMPOÑENTES DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DIVERSAS COMISIÓNS, PADROADOS, CONSELLOS E ORGANISMOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de xuño, número 90092625, o voceiro do Grupo municipal Popular, Sr. Figueroa Vila propón os cambios a realizar nos representantes do devandito grupo nas diferentes comisións informativas, organismos autónomos e demais entidades co gallo da toma de posesión de dos concelleiros Sres. Couto Pérez e López-Chaves Castro.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño, por unanimidade, ditamina favorablemente dita proposta.

(Está ausente a concelleira Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila e, xa que logo, nomear ós seguintes compoñentes do devandito grupo

para formar parte das diferentes comisión informativas, organismos autónomos e demais entidades:

COMISIÓN INFORMATIVA DE XESTIÓN MUNICIPAL

Titulares José Manuel Figueroa Vila
Antonio Martiño Gómez
Elvira Larriba Leira
Jorge Conde Gil
Ignacio López-Chaves Castro

Suplentes: Desígnanse como suplentes ó resto dos concelleiros do Grupo Popular.

COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS XERAIS

Titulares: José Manuel Figueroa Vila
Carlos Comesaña Abalde
Antonio Coello Bufill
Miguel Fidalgo Iglesias
Ignacio López-Chaves Castro

Suplentes: Desígnanse como suplentes ó resto dos concelleiros do Grupo Popular.

COMISIÓN INFORMATIVA DE EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Titulares José Manuel Figueroa Vila
Marta Iglesias Bueno
Miguel Fidalgo Iglesias
Manuel Couto Pérez
Ignacio López-Chaves Castro

Suplentes: Desígnanse como suplentes ó resto dos concelleiros do Grupo Popular.

COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE

Titulares José Manuel Figueroa Vila
María Ángeles García Míguez
Javier González Sagarra
Manuel Couto Pérez
Ignacio López-Chaves Castro

Suplentes: Desígnanse como suplentes ó resto dos concelleiros do Grupo Popular.

COMISIÓN INFORMATIVA DE MOBILIDADE

Titulares José Manuel Figueroa Vila
Elvira Larriba Leira
Antonio Coello Bufill
Carlota Muñoz Posse
Ignacio López-Chaves Castro

Suplentes: Desígnanse como suplentes ó resto dos concelleiros do Grupo Popular.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, INDUSTRIA E PATRIMONIO HISTÓRICO

Titulares: José Manuel Figueroa Vila
Elvira Larriba Leira
Jorge Conde Gil
Manuel Fidalgo Iglesias
Ignacio López-Chaves Castro

Suplentes: Desígnanse como suplentes ó resto dos concelleiros do Grupo Popular.

COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS

Titulares José Manuel Figueroa Vila
Marta Iglesias Bueno
María Ángeles García Míguez
Carlota Muñoz Posse
Ignacio López-Chaves Castro

Suplentes: Desígnanse como suplentes ó resto dos concelleiros do Grupo Popular.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTROL DA CONTRATACIÓN

Titulares José Manuel Figueroa Vila
Antonio Martiño Gómez
Carlos Comesaña Abalde
Antonio Coello Bufill
Ignacio López-Chaves Castro

Suplentes: Desígnanse como suplentes ó resto dos concelleiros do Grupo Popular.

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Titulares José Manuel Figueroa Vila
Antonio Martiño Gómez
Carlos Comesaña Abalde
Antonio Coello Bufill
Ignacio López-Chaves Castro

XUNTA REITORA DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES

Titulares Antonio Martiño Gómez
Jorge Conde Gil
Miguel Fidalgo Iglesias
María Ángeles García Míguez
Carlota Muñoz Posse

Vocais veciñais Mantéñense os actuais

XUNTA REITORA DO PARQUE DAS CIENCIAS VIGOZOO

Titulares Carlos Comesaña Abalde
Antonio Coello Bufill
Marta Iglesias Bueno
Javier González Sagarra
Manuel Couto Pérez

Vocais veciñais Emilio Rodríguez Rodríguez - DNI 35.912,554-D
(*substitúe a D. Manuel Couto Pérez*)

XUNTA REITORA DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS

Titulares Mantéñense os actuais

Vocais veciñais José Carlos Sánchez Domínguez - DNI 25.170.950-A
(*substitúe a Adalberto Cruz Pavón*)

MESA DE CONTRATACIÓN

Titular Carlos Comesaña Abalde
Suplente Antonio Martiño Gómez ou calquera outro concelleiro no que delegue o titular

PADROADO DO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN

Titulares Mantéñense os actuais

CONSELLO SOCIAL DA CIDADE

Titular José Manuel Figueroa Vila
Suplente Ignacio López-Chaves Castro

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

José Manuel Figueroa Vila
Antonio Martiño Gómez
Jorge Conde Gil
Marta Iglesias Bueno
Miguel Fidalgo Iglesias
María Ángeles García Míguez
Ignacio López-Chaves Castro

CONSORCIO DO CASCO VELLO

Titular José Manuel Figueroa Vila
Suplente Ignacio López-Chaves Castro

PLENO DO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO

Titular José Manuel Figueroa Vila

COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS EN RECLAMACIÓNS

Titular: Antonio Martiño Gómez
Suplente Marta Iglesias Bueno

COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN

Titular Antonio Martiño Gómez
Suplente: Manuel Couto Pérez

CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

Titular María Ángeles García Míguez
Suplente Marta Iglesias Bueno

PLATAFORMA CIDADÁ VIGO 2013

Titular Antonio Martiño Gómez
Suplente Elvira Larriba Leira

XUNTA LOCAL DE PREZOS E MERCADOS

Titulares Antonio Martiño Gómez
 Elvira Larriba Leira

Suplentes Carlos Comesaña Abalde
 Antonio Coello Bufill

10.- (104).- DAR CONTA DA SENTENZA RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 01/0434/05 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. EXPTE. 1520/111.

ANTECEDENTES.- A Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, da conta da sentenza núm. 341 de data 29 de abril de 2009, recaída no recurso contencioso-administrativo núm. 01/434/05 PO, interposto polo Sindicato Nacional de CCOO de Galicia contra este Concello por acordo plenario do 28.02.05, aprobación dos orzamentos para 2005, no referente a transformación de prazas do Servizo de Extinción de Incendios.

A citada sentenza di o que segue:

“Fallamos: que debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto polo Sindicato de CCOO cotra acordo del Concello de Vigo de 28.02.05, sobre orzamento para o exercizo 2005; sen facer especial imposición de custos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño, tomou coñecemento da devandita sentenza.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

11.- (105).- DAR CONTA DE SENTENZA RECAÍDA NO XUÍZO DE FALTAS 233/08, DO XULGADO DE INSTRUCCIÓN NÚM. 1 DE VIGO, POR INCIDENTES EN SESIÓN PLENARIA DO 30.12.2004. EXPTE. 1221/111.

ANTECEDENTES.- O Xulgado de Instrución núm. 1 dos de Vigo, comunica a sentenza núm. 95/2009 de data 9 de febreiro de 2009, recaída no xuízo de faltas núm. 233/08, seguido por unha presunta falta contra a orde pública a don Telmo Varela Fernández,

S.Ordinaria 29.06.09

por feitos acontecidos durante a sesión plenaria do Concello do día 30 de decembro de 2004, aprobación inicial do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

A citada sentenza di o que segue:

“Condénase a don Telmo Varela Fernández, como autor dunha falta contra a orde pública do art. 633 do Código Penal, á pena de dous días de localización permanente e á pena de multa de dez días a razón de cinco euros/día.

De non se satisfacer o pagamento da multa imposta, dita pena poderá ser substituída por pena privativa de liberdade na forma establecida no artigo 53 do Código Penal.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño, tomou coñecemento da devandita sentenza.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

12.- (106).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 57/09, PARA ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA OFICINAS DE PROTECCIÓN CIVIL POR IMPORTE DE 3.666,81 €. EXPTE. 287/214.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de xuño de 2009 o xefe da Área de Seguridade, coa conformidade do concelleiro delegado, informa da necesidade da tramitación dun expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario) para sufragar os gastos que ocasione a substitución do mobiliario da base de Protección Civil.

Por decreto da mesma data do 1 de xuño, a Alcaldía-presidencia resolve a incoación do expediente oportuno.

Segundo se sinala no informe emitido polo interventor xeral con data 11 de xuño de 2009:

“Con data 1 dos correntes, o Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación, incoa expediente de modificación de créditos para afrontar unha adquisición de mobiliario para as oficinas de Protección Civil, propoñendo como financiamento unha minoración do capítulo II do propio orzamento relativo a Protección Civil.

O importe ao que ascendería a correspondente modificación orzamentaria é de 3.666,18 euros, IVE incluído, financiándose con cargo á partida 2230,2190000.

A devandita modificación implica, conforme ao estipulado polo artigo 177 do Real

Decreto 2/2004, de data 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a aprobación dun expediente de concesión de crédito extraordinario, ao non existir no presuposto vixente crédito presupostario co que atender o mencionado gasto.

O financiamento para afrontar a devandita modificación farase con cargo á minoración da partida que figura reflectida no informe-proposta asinado polo Xefe de Area de Mobilidade, Transporte e Seguridade e conformado polo seu Concelleiro delegado.

Este expediente, xunto co ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, someterase, segundo o preceptuado polo citado artigo 177 do RD 2/2004, a aprobación plenaria, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán así mesmo, de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade dos presupostos a que se refire o artigo 169 do citado Real Decreto.

APLICACIÓN

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
2230,6250000	Mobiliario	3.666,18

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>ORIXE</u>	<u>IMPORTE</u>
2230,2190000	Reparacións varias		3.666,18"

Por escrito de data 11 de xuño a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño, por maioría ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

S.Ordinaria 29.06.09

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 57/09, relativa ao gasto que se relaciona no decreto de incoación, por un importe de 3.666,18 euros.

Segundo.- Someter o expediente aos trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do RD 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. De non se presentar reclamación ou alegación ningunha no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil:

Opoñémonos á modificación de crédito porque entendemos que existe unha vez máis neste Concello unha total improvisación por parte do goberno municipal. Mágoa que non estea a Sra. Díaz para explicar o punto.

Pídese unha modificación de crédito sen contido, fálase dunha adquisición de mobiliario que se solicita por parte de Protección Civil do Concello de Vigo.

Entendemos que existe unha descoordinación absoluta unha vez máis no departamento do Sr. Calviño por canto non estaba prevista no orzamento inicial e definitivamente aprobado a partida para a adquisición de mobiliario, detráese esta partida da de reparacións varias no material e ó noso xuízo “comézase a casa polo teito” porque falla o proxecto para o que se vai adquirir este mobiliario, non se especifica en ningún caso cal é o trámite e existe un informe de expediente de modificación de crédito extraordinario que en realidade non di nada, só di que se vai cambiar todo o mobiliario pero non sabemos de que mobiliario se trata

Creemos que se lle está privando ó Pleno de coñecer exactamente cales son as necesidades de Protección Civil neste asunto e polo tanto entendemos que non podemos apoiar a modificación orzamentaria que se trae neste punto 12 do Pleno.

Explicación de voto da concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Abelairas Rodríguez:

Máis que unha explicación de voto é para dicir que hoxe non imos permitir que pasen máis mentiras. Vou falar da diferenza entre o que fan aquí e o que fan nos sitios en que gobernan. No Pleno da Deputación do mes pasado aprobouse o orzamento. Isto foi seis meses logo do que debería, foi a finais de maio. Nese Pleno teñen a maioría absoluta e, por certo, Sr. Alcalde, xa demostrei antes que a exercen, aprobouse unha

S.Ordinaria 29.06.09

modificación orzamentaria...

SR. CONDE GIL: Sr. Presidente, unha cuestión de orde. Queríamos saber...

A PRESIDENCIA: Sr. Conde, non interrompa a intervención. As cuestións de orde non se fan á metade da intervención dunha concelleira. Logo dareille a palabra por unha cuestión de orde. Non tolero que se interrompa a ninguén que estea intervindo. Continúe, Sra. Abelairas.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Hai un expediente onde se explica a modificación de crédito. Os expedientes están aí e recoméndolles que os lean porque non se pode ser tan hipócritas nin tan inmorais.

A Modificación de Crédito da Deputación de Pontevedra fíxose un mes despois de aprobar...

Quero demostrar a súa dobre moral.

A PRESIDENCIA: Señores Concelleiros, garden silencio. A Sra. Abelairas está explicando o voto, se consideran que abriu un debate, abrírase un debate a continuación e dareilles a palabra.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Eu entendo que non lles guste, pero un mes despois de aprobar os orzamentos presentan vostedes na Deputación de Pontevedra unha modificación de crédito de quince millóns de euros e creo que eses son moitos cartos. Levamos seis meses falando dela, tentando que nos digan cales son os criterios, pois hai unha modificación de crédito para investimentos nos Concellos de nove millóns de euros e non coñecemos os criterios, non nolos din, non nos contestan...

A PRESIDENCIA: Sra. Abelairas, céntrese na xustificación de voto, por favor.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sinxelamente dicir que o expediente é público, cousa que vostedes non fixeron en Pontevedra, que o teñen aí e que a obriga de cada un dos concelleiros é estar informados.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde, se considera que foi contradito abra un debate cunha intervención.

SR. CONDE GIL: Non me estraña que o Sr. Presidente se confunda neste Pleno e nos chame deputados porque parecía que estabamos na Deputación de Pontevedra e non no Concello de Vigo. Creo que estamos no Concello, que somos concelleiros, a nosa postura quedou ben clara, temos o expediente, lémololo e, Sra. Abelairas, vaia á Deputación e fale alí deses temas, non nos veña aquí con esas “gaitas”.

13.- (107).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA O SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO POR IMPORTE DE 1.312.030,39 €. EXPTE. 4977/307

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 28 de maio de 2009, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, a xefa de Patrimonio Histórico emite informamemoria co seguinte contido:

“Seguindo instrucións do delegado da Área de Patrimonio Histórico, emítense o seguinte informe-memoria coa finalidade de xerar un crédito extraordinario, motivado na necesidade de crear unha nova partida orzamentaria destinada a cubrir gastos urxentes e inaprazables.

Á área de Patrimonio Histórico, segundo a Resolución de Alcaldía do 5 de xullo de 2007, correspóndenlle as seguintes atribucións: “...adoptar, en caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens de Patrimonio Cultural que viren o seu interese ameazado”; “velar porque todos os bens que integran o Patrimonio Cultural de Vigo gocen das medidas de protección e conservación axeitadas”; e “o mantemento e conservación do Museo Municipal de Castrelos, especialmente no que se refire á colección arqueolóxica”.

Dende esta perspectiva de protección e conservación do Patrimonio Cultural da cidade, e moi especialmente do Museo municipal “Quiñones de León”, preténdese adquirir un inmovible coa finalidade de albergar os fondos de pintura e escultura existentes no Museo. Esta necesidade, xa detectada hai tempo, faise máis patente nos últimos meses e é considerada urxente e inaprazable polas seguintes causas sobrevidas:

- No mes de xaneiro deste ano, preséntase o documento “Planificación dos museos e das coleccións de titularidade municipal da cidade de Vigo”, encargado polo Concello de Vigo.

En concreto, no referente ao Museo “Quiñones de León”, propón a reorganización do mesmo en varios centros coa finalidade de desconxestionar o espazo existente e poder dispoñer de superficie para a celebración de exposicións temporais, así como a creación de novos espazos, como obradoiros, seminarios ou salas de conferencias.

Esta proposta ven motivada por unha mala adecuación do edificio, así como unha nula adaptación do mesmo aos fondos existentes.

- Paralelamente, no mes de marzo deste ano á empresa CIS Madera, por encargo do Museo “Quiñones de León”, presenta un informe sobre o ataque de termitas nunha zona do Museo, no que se sinala que os fungos xilófagos (termitas, couza), “poden provocar danos graves na madeira afectada xa que se alimentan de compostos da parede celular, alcanzando incluso a destrución total da mesma se o dano é moi persistente”.

Deste xeito, e como estes ataques sucédense en diferentes áreas do Museo, poñen en serio risco a colección pictórica do mesmo, polo que é necesaria a retirada dos fondos pictóricos con prontitude.

- Tamén observouse, nos últimos meses, a necesidade de dotar ao Casco Vello da cidade dun elemento singular de dinamización cultural, que debe acompañar á importante inversión en proxectos de urbanización, financiada con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local, xa que a finalidade última compartida é “recuperar a convivencia e o dinamismo económico” deste Casco Histórico (Resolución Alcaldía do 5 de xullo de 2007), e este novo emprazamento pretender converterse no exporente pictórico da cidade.

Con estes antecedentes, esta área de Patrimonio Histórico considera que a adquisición dun inmovible asociado ao Museo “Quiñones de León”, no Casco Vello da cidade, é fundamental e prioritario para poder dar cumprimento aos obxectivos que ten encomendados e que ven avalado polas circunstancias sinaladas producidas no presente exercizo orzamentario.

Por outra banda, as partidas minoradas como consecuencia da nova necesidade urxente que se presenta estaban destinadas basicamente a proxectos de urbanización no Casco Vello que, como consecuencia da execución dos proxectos financiados polo Fondo Estatal de Inversión Local, sinalados anteriormente, préfirense aprazar nalgúns casos para exercizos posteriores.

Ademais, hai que sinalar que está previsto que o importe da adquisición do inmovible sexa superior á cantidade destinada na presente modificación de crédito, polo que deberá ser obxecto de aprazamento, segundo o disposto na Disposición adicional segunda.13 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Deste xeito, realízase a seguinte proposta de modificación orzamentaria:

Partida	Crédito a minorar
4531.6010001	310.014,08 euros
4531.6010002	38.790,48 euros

4531.6010003	320.205,39 euros
4531.6010004	471.735,71 euros
4531.6010005	30.410,31 euros
4531.6220000	140.874,42 euros

Total: 1.381.619,68 euros

Partida de nova creación

Crédito

4531.6220001	Investimento en inmovible asociado ao Museo Quiñones de León"	1.381.619,6 euros"
--------------	---	--------------------

Por resolución de data 5 de xuño, a Alcaldía-Presidencia resolve de conformidade co anterior informe-memoria.

Con data 8 do mesmo mes, a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura informe favorable emitido polo interventor xeral con data 18 de xuño de 2009.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño de 2009, ditamina favorablemente a proposta citada da concelleira delegada de Economía e Facenda.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez).

Realizada a votación e téndose producido dúbidas no recuento de votos, a Alcaldía-Presidencia, coa conformidade dos presentes, repite a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co

S.Ordinaria 29.06.09

seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 61/2009 por un importe de 1.312.030,39 de euros, có desglose e aplicacións que figuran na resolución da Alcaldía-Presidencia do 5 de xuño e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

Segundo.- Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria por un importe de 1.312.030,39 de euros, teñen a súa orixe en baixas doutras partidas, nas que a propia memoria xustifica a súa execución o vindeiro ano por mor das obras do FEIL que se están a levar a cabo no Casco Vello.

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a minorar
4531.6010001/09453100	Escavacións arqueolóxicas	310.014,08
4531.6010002/09453102	Urb. rúa S. Sebastián	38.790,48
4531.6010003/09453103	Urb. rúa Poboadores	320.205,39
4531.6010004/09453104	Urb. rúa. Celso E. Ferreiro	471.735,71
4531.6010005/09453105	Urb. Rúa Fermín Penzol	30.410,31
4531.6220000/09453101	Adquisición inmob. rúa Alta	140.874,42
Total orixes para financiamento do crédito extraordinario		1.312.030,39

En cumprimento do previsto no art. 177.4 do TRLRFL, a partida que é obxecto das aplicacións de recursos é a seguinte:

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a habilitar
4531.6220020/09453120	Adquisición e rehabilitación inmobile	1.312.030,39
Total aplicacións de fondos para crédito extraordinario		1.312.030,39

Terceiro.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria (MC 61/09) polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Cuarto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

S.Ordinaria 29.06.09

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil:

Ó Grupo popular sorpréndelle bastante este expediente por canto entendemos que existe novamente unha clara descoordinación como dicía antes.

Ultimamente estamos acostumados a que os padroados e os organismos autónomos deste Concello non teñan o valor que efectivamente teñen como persoas xurídicas independentes e que se traian cousas mesmo ás costas destes organismos.

O Padroado do Museo Quiñones deuse un prazo ata setembro para aprobar un Plan museístico que non existe coma tal. Adiántanse vostedes a anunciar o traslado de parte dos fondos a un novo edificio sen contar coa aprobación do Padroado e o que nos parece aínda máis grave é que no propio informe sinalan que no mes de marzo deste ano a empresa CISMADERA, por encargo do Museo “Quiñones de León”, presenta un informe sobre un ataque de termitas nunha zona do Museo no que se sinala que “Os fungos xilófagos -termitas e couza- poden provocar danos graves na madeira afectada xa que se alimentan de compostos de parede celular acadando mesmo a destrución total da mesma se o dano é moi persistente”

Estanos dicindo que no mes de marzo existe este informe que sinala graves deficiencias no Museo “Quiñones de León” e nos veñen a finais do mes de xuño cunha modificación de crédito que non ven para solucionar os problemas estruturais do Museo, senón que é para trasladar os cadros a non se sabe onde, porque a realidade é que no propio expediente non existe en ningún lugar a situación, o acordo nin o estudo técnico nin ningunha outra circunstancia que avale a necesidade deste traslado.

Paréceme que neste caso, como noutros moitos, este goberno municipal está actuando dunha maneira irresponsable e contraria ós intereses da cidade. O Museo e Pazo “Quiñones de León” ten a suficiente importancia e valía na nosa cidade, tanto histórica como cultural, como para que sexa atendido, reparado e non sexa deixado da man de Deus como parece.

Precisamente votamos en contra desta modificación de crédito polo que lles estou dicindo, porque están detraendo unha serie de partidas do orzamento para adquirir e rehabilitar un inmovible cando non están facendo o principal que sería reparar e preservar o patrimonio de todos os vigueses, lembrando ademais que o Pazo “Quiñones de León” é un ben de interese cultural e posúe o nivel máximo de protección que lle outorga a normativa vixente, polo que a irresponsabilidade deste goberno municipal é aínda maior.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: No que acaba de comentar o Sr. Conde hai parte de razón. Efectivamente presentáronse diante do Pleno do Padroado unha serie de propostas relativas ós procesos de reforma no Plan Museístico da cidade e quedamos en dármonos un tempo para debater. Pero no propio Padroado, así o recoñecerán todos aqueles que estiveron alí, eu comentei que de existiren a posibilidade, que existe, de adquirir algún edificio nobre na zona do casco histórico da cidade, sen incrementar a débeda municipal e facendo unha reorganización orzamentaria axeitada, procederíase a adquirir ese inmovible

Todo iso para daren satisfacción o que é unha demanda de máis de vinte anos desta cidade, pódese dicir que de corenta: que aqueles fondos pictóricos e escultóricos que definen parte do que é hoxe o Padroado e o Museo “Quiñones de León” puideran ter un lugar axeitado para o seu depósito e exhibición.

Isto é do que se trata, repito que non se trata nin de incrementar, nin de modificar mediante un proceso de incremento orzamentario para obter ese edificio, do que se trata é de obter ese espazo público, ese edificio que permita albergar estes fondos que para min son o patrimonio cultural máis importante que ten a cidade.

En canto ó tema da situación dos térmites, ese informe do que se está a falar é precisamente que estamos atacando o problema. En primeiro lugar fixemos un informe, hai unha empresa especializada nese tratamento e estamos buscando solucións precisamente para ese problema.

Polo tanto non estamos adiando a nosa responsabilidade, estamos buscando solución a un problema moi concreto como é o das térmites e non só iso, senón daqueles insectos xilófagos que poden atacar parte do patrimonio que Castrelos ten. Esta é outra tarefa distinta.

Coido que as dúas son tarefas necesarias, complementarias e como é no que estamos é polo que traemos ó Pleno a aprobación desta modificación orzamentaria.

14.- (108).- CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU” E MODIFICACIÓN DOS SEUS ESTATUTOS. EXPTE. 2440/104.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de maio de 2009 a xefa do Servizo de Turismo, coa conformidade do concelleiro delegado, informa o que segue:

“O Pleno do Concello, na súa sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2008, entre outros asuntos aprobou inicialmente os Estatutos da Fundación Vigo Convention Bureau (FVCB). Consonte dito acordo remitíronse os estatutos ás entidades convidadas polo Concello para formar parte da FVCB como fundadoras que presentaron unha serie de consideracións sobre o texto que agora se recollen polo seu interese para potenciar a participación privada en dita fundación.

De igual xeito o servizo de Fundacións da Xunta de Galicia realiza unha serie de recomendacións para facilitar a posterior inclusión da FVCB no rexistro de fundacións de interese galego, tal como se pretende.

Vistas as alegacións e recomendacións recóllense no texto que agora se presenta previos os preceptivos informes e ditame da comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico para a súa aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación.”

Con data 18 de xuño o titular da Asesoría Xurídica emite informe e manifesta que:

“...4. As ditas modificacións melloran o texto dos estatutos, aprobados na sesión plenaria do 24 de novembro de 2008, corrixindo erros e deficiencias existentes nos mesmos e incorporando as precisións adecuadas á finalidade, fiscalidade e mellor funcionamento da fundación polo que se informan favorablemente.

5. A constitución da fundación requirirá o outorgamento de escritura pública que deberá conter os extremos sinalados no artigo 11 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego, entre os que figuran os estatutos da fundación.

6. Polo demais, aprobados os estatutos que nos ocupan polo Concello-Pleno, previa aprobación do seu proxecto pola Xunta de Goberno Local, o proxecto da súa modificación debería ser, tamén, aprobado previamente pola Xunta de Goberno Local.”

A Xunta Local de Goberno, en sesión do 22 de xuño de 2009, prestou a súa aprobación ó proxecto de modificación dos estatutos co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño, por maioría, ditamina favorablemente.

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Brevemente para explicar que hoxe traemos por fin a aprobación xa definitiva dos estatutos que tiveron que ser modificados a expensas do que indicou a propia Xunta de Galicia, que é a que ten a competencia de regular as fundacións, neste caso o Padroado da Fundación “Vigo

Convention Bureau”, que está rexido por esa normativa e o que traemos hoxe aquí é e modificación dos estatutos.

Informarlles tamén que inmediatamente logo disto por fin poderemos redactar a acta fundacional e cremos que é un tema moi importante porque por fin Vigo vai estar equiparado a outras cidades do resto do estado e vai poder formar parte do “Spain Convention Bureau”, que é o organismo onde se vai decidir que cidades albergan distintos tipos de congresos, simposios, convencións de empresas e demais, un turismo que é moi importante para acadar a desestacionalización do turismo na nosa cidade e ademais un ente que nos vai permitir non só tentar acceder a eses congresos, convencións e simposios, senón que tamén nos vai permitir ter por fin unha estrutura estable de traballo de promoción turística cara á nosa cidade. Unha estrutura que ademais xa contemplaba o propio Plan de Competitividade Turística aprobado polo Ministerio e polo tanto xa estamos mesmo avanzando na consecución deste plan.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a modificación do texto dos estatutos da Fundación Vigo Convention Bureau segundo o seguinte texto:

ESTATUTOS FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

- Artigo 1. Natureza xurídica, denominación e réxime xurídico.
- Artigo 2. Personalidade e capacidade xurídica.
- Artigo 3. Ámbito, domicilio e duración.

TÍTULO II

OBXECTO DA “FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU”

Artigo 4. Fins

Artigo 5. Actividades fundacionais

TÍTULO III

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 6. Destino de rendas e ingresos.

Artigo 7. Beneficiarios/as

TÍTULO IV

DA DOTACIÓN E DAS ENTIDADES FUNDADORAS E COLABORADORAS

Artigo 8. Dotación da Fundación.

Artigo 9. Entidades fundadoras.

Artigo 10. Entidades colaboradoras.

Artigo 11. Dereitos e obrigas dos membros colaboradores.

Artigo 12. Separación das entidades colaboradoras.

TÍTULO V

GOBERNO DA FUNDACIÓN

Artigo 13. Órganos de goberno e xestión da “Fundación Vigo Convention Bureau”.

Artigo 14. O Padroado.

Artigo 15. Funcións do Padroado.

Artigo 16. Funcionamento, convocatoria e acordos.

Artigo 17. Composición do Padroado.

Artigo 18. Organización do Padroado.

Artigo 19. Nomeamento, substitución e cesamento de patróns

Artigo 20. O/A Presidente/a

Artigo 21. O/A Vicepresidente/a

Artigo 22. Vogais do Padroado.

Artigo 23. O/A Secretario/a

Artigo 24. O/A Tesoureiro/a

Artigo 25. O Comité Executivo.

Artigo 26. O/A Xerente.

Artigo 27. Funcións do Xerente.

TÍTULO VI

RECURSOS DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

Artigo 28. Composición, administración e disposición do patrimonio.

Artigo 29. Titularidade de bens e dereitos.

Artigo 30. O financiamento.

Artigo 31. Plan de actuación.

Artigo 32. Xestión económica.

Artigo 33. Das contas anuais.

TÍTULO VII

MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

Artigo 34. Modificación dos estatutos.

Artigo 35. Fusión con outra fundación.

Artigo 36. Extinción da Fundación.

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Natureza xurídica, denominación e réxime xurídico.

Ó abeiro do disposto no artigo 34.1 da Constitución Española e, de acordo co artigo 27º-26º do Estatuto de Autonomía para Galicia, coa denominación Vigo Convention Bureau, constitúese unha organización de natureza fundacional de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, o patrimonio da cal está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da organización.

A Fundación Vigo Convention Bureau rexerese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, polas demais normas de desenvolvemento ou no seu caso polas disposicións que as substitúan; pola vontade dos fundadores manifestada nos presentes estatutos e polas normas e disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o Padroado.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións, pola lei 49/2002, do 23 de decembro de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais do mecenado, así como pola demais normativa que sexa de aplicación.

Artigo 2.- Personalidade e capacidade xurídica.

1.- Para o cumprimento dos seus fins a Fundación Vigo Convention Bureau terá plena capacidade xurídica e de obrar, para o que poderá realizar todos os actos necesarios, sen outras limitacións que as expresamente impostas polas disposicións legais aplicables a esta clase de fundacións e polos presentes estatutos.

2.- A Fundación Vigo Convention Bureau adquirirá plena personalidade xurídica dende a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia, sen prexuízo da validez das actuacións imprescindibles realizadas durante a súa formación, que se entenderán asumidas automaticamente por esta, unha vez inscrita.

Artigo 3.- Ámbito, domicilio e duración.

1.- A Fundación Vigo Convention Bureau desenvolverá as súas actividades principalmente na Comunidade Autónoma Galega, sen prexuízo de que nas súas actividades de promoción da imaxe da cidade poida exceder este ámbito territorial e establecer relacións instrumentais con terceiros en diferente ámbito territorial.

2.- O domicilio da Fundación Vigo Convention Bureau radicará na casa do Concello de Vigo, na Praza do Rei s/n, no municipio de Vigo. O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao Protectorado na forma prevista na lexislación vixente.

3.- A fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida, aínda que poderá disolverse nos casos previstos legal e estatutariamente, previo

cumprimento dos trámites legais e regulamentariamente procedentes.

TÍTULO II OBXECTO DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU

Artigo 4.- Fins.

O fin da “Fundación Vigo Convention Bureau” é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Artigo 5.- Actividades fundacionais.

Para o cumprimento do dito obxecto fundacional a fundación levará a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Captar congresos, mediante actuacións ante as institucións, entidades, grupos ou persoas que as convoquen; presentación de candidaturas en colaboración cos seus delegados locais e seguimento e actuación ante as diversas administracións para o seu fomento.
- Captar convencións e viaxes de incentivo de grandes empresas mediante promocións específicas en diferentes cidades nacionais e internacionais e viaxes de familiarización a Vigo de altos executivos con capacidade decisoria.
- Informar e axudar na selección de infraestruturas e servizos especializados para a organización de todo tipo de eventos, reunións, conferencias, congresos, etc.
- Asistir na confección de programas de actividades para viaxes de incentivo e programas culturais, sociais e de ocio para delegacións e acompañantes.
- Aglutinar ás empresas, institucións, organismos, que presten servizos para a organización de congresos, reunións, conferencias, simposios, etc.
- Crear e consolidar unha conciencia pública -tanto oficial como privada- en relación coa transcendencia económica do turismo e, especialmente, do turismo de congresos e reunións.
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas con esta actividades.
- Representar no plano nacional e internacional á cidade de Vigo como sede de congresos e reunións, así como a todos os membros do Padroado, podendo realizar incluso convenios de cooperación ou colaboración con entidades do sector público ou privado, que contribúan ao seu desenvolvemento.
- Coordinar con autoridades, organizacións e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.
- Asistir a feiras e salóns especializados.
- Promocionar nos medios de comunicación nacionais e internacionais a Vigo como sede de congresos.
- Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e provedoras de bens e servizos relacionados coa actividade de turismo de reunións.
- Elaborar e manter unha páxina web específica da Fundación Vigo Convention Bureau.
- Producir e distribuír a Guía Profesional de Congresos, que aglutine toda a información turística, cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a

celebración de congresos, así como as empresas de servizos especializados para este tipo de eventos.

- Prestar asesoramento para a organización de congresos ou reunións en Vigo, xestionando os contactos coas empresas profesionais necesarias.
- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.
- Proporcionar información turística en distintos soportes e publicacións de interese aos delegados.
- Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre Vigo.

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

TÍTULO III

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS/AS

Artigo 6.- Destino das rendas e ingresos

Á realización dos fins fundacionais destinarase ao menos o 70 por cento dos resultados das explotacións económicas que se realicen, e dos ingresos obtidos por calquera outro concepto, unha vez deducidos os gastos realizados para a súa obtención, debéndose destinar o resto a incrementar a dotación fundacional ou as reservas, consonte coa decisión do Padroado.

- Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación.
- Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

Artigo 7.- Beneficiarios/as.

1.- Será beneficiaria da Fundación Vigo Convention Bureau o conxunto da cidadanía viguesa, da área metropolitana e de Galicia, xa que o desenvolvemento da economía produtiva e da economía social de Galicia que propicia o turismo de reunións, incidirá positivamente na mellora do nivel de vida.

2.- Así mesmo serán beneficiarias das actividades da Fundación Vigo Convention Bureau as persoas físicas e/ou xurídicas que reúnan algunha das condicións seguintes:

- a) Ser demandantes de asesoramento e/ou de servizos especializados na organización de toda sorte de eventos no termo municipal de Vigo.
- b) Desenvolver actividades económicas relacionadas co turismo de reunións e os seus participantes no ámbito da área metropolitana de Vigo.
- c) Prestar servizos, posuír infraestruturas ou elaborar elementos susceptibles de

- utilización polo turismo de reunións que se desenvolva en Vigo.
- d) Demandar material de promoción da cidade.
 - e) Interesar información sobre estatísticas, bases de datos, servizos, equipamento, contactos comerciais e recursos de Vigo, tanto da información xeral aberta á demanda, como da restrinxida para entidades colaboradoras ou que teñan o carácter de interesadas.
- 3.- A determinación de beneficiarios/as será efectuada polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

TÍTULO IV DAS ENTIDADES FUNDADORAS E COLABORADORAS

Artigo 8.- Dotación da Fundación.

- 1.- Está composta pola achega fundacional determinada na carta fundacional.
- 2.- Polos bens e dereitos que no sucesivo adquira a Fundación ou se acheguen polos fundadores ou por terceiras persoas que o Padroado acorde afectar con carácter permanente ós fins fundacionais. Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu Inventario e, no seu caso, nos rexistros correspondentes.

Artigo 9.- Entidades fundadoras.

Son entidades fundadoras da Fundación Vigo Convention Bureau as que como tales figuren na escritura pública fundacional.

Artigo 10.- Entidades colaboradoras.

- 1.- Consideraranse entidades colaboradoras as persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, que acrediten o seu interese en colaborar economicamente e de forma activa no desenvolvemento dos fins fundacionais da Fundación Vigo Convention Bureau.
- 2.- As solicitudes de ingreso, dirixidas ao Presidente do Padroado, deben ser aprobadas polo Padroado da Fundación por maioría de dous terzos dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros da fundación e estarán supeditadas a que se realice a achega que se considere suficiente, que será anualmente aprobada polo Padroado.
- 3.- A solicitude de ingreso irá acompañada do acordo do órgano competente solicitando a admisión e deberá manifestar a vontade de aceptación destes estatutos e os acordos que os desenvolvan, así como as demais disposicións que resulten aplicables, co compromiso de asumir as obrigas inherentes á condición de entidade colaboradora.
- 4.- O conxunto ou asemblea das entidades colaboradoras, propondrá ao Padroado un vogal en representación destas.

Artigo 11.- Dereitos e obrigas dos membros colaboradores.

- 1.- Cumprir os estatutos e acordos que se adopten.
- 2.- Residir na cidade, Mancomunidade ou Área Metropolitana.
- 3.- Asistir con dereito a voz ás reunións do Padroado, previa invitación do Presidente.
- 4.- Satisfacer as achegas ordinarias e extraordinarias que se establezan.
- 5.- Participar nos órganos complementarios, que se creen, na forma que se determine.
- 6.- Aportar información da súa entidade para elaborar estatísticas tendentes ao mellor coñecemento da realidade do sector turístico de Vigo
- 7.- Recibir información para o exercizo das súas funcións na fundación.

Artigo 12.- Separación das entidades colaboradoras.

- 1.- O Padroado previo requirimento poderá decidir a separación destas entidades, en caso de incumprimento notorio e reiterado das súas obrigas, tras a instrución do expediente ao efecto e coa audiencia da entidade afectada.
- 2.- Non será preciso requirimento previo no caso de actos que afecten gravemente ao interese xeral e aos fins da Fundación. En todo caso será precisa a audiencia da entidade ou interesado no expediente que se instrúa.
- 3.- O incumprimento de obrigas non será determinante para a separación se a entidade cumprise voluntariamente as obrigas contraídas, aínda que sexa de forma extemporánea.

TÍTULO V GOBERNO DA FUNDACIÓN

Artigo 13.- Órganos de goberno e xestión da Fundación Vigo Convention Bureau.

Conformarán os órganos de goberno e xestión da Fundación:

- 1.- O Padroado
- 2.- O Comité Executivo
- 3.- O Xerente da Fundación.

Artigo 14.- O Padroado.

- 1.- O Padroado é o máximo órgano de goberno, representación e administración da Fundación Vigo Convention Bureau. Exercerá as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.
- 2.- O Padroado é titular exclusivo de todas as facultades que en dereito sexan precisas para o eficaz desenvolvemento dos fins fundacionais. Correspóndenlle, con carácter enunciativo, as recollidas nestes estatutos e a interpretación dos mesmos. Todo iso, sen menoscabo de que o protectorado exerza as facultades que a lexislación vixente lle atribúe sobre as fundacións privadas.

Artigo 15.- Funcións do Padroado.

1.- A competencia do Padroado esténdese a todos os actos e negocios xurídicos relativos á representación e goberno da Fundación; á libre disposición e administración de todos os bens que integran o seu patrimonio, rendas e produtos e ao exercizo de todos os seus dereitos e accións.

2.- Correspóndenlle ao Padroado as facultades seguintes:

- a) Exercer o goberno, a representación, a alta inspección, vixía e orientación do labor da Fundación.
- b) Interpretar e desenvolver estes estatutos mediante a aprobación dun regulamento de réxime interno, de persoal e de servizos e demais normativa complementaria que se xulgue conveniente, así como acordar a súa modificación
- c) Adoptar acordos sobre fusión, escisión e extinción da Fundación Vigo Convention Bureau, coas limitacións establecidas na lexislación vixente.
- d) Aprobar o plan de actuación, segundo o establecido no art 39 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e as posibles modificacións que puidesen ser necesarias, velar polo cumprimento dos fins da Fundación Vigo Convention Bureau, garantindo a continuidade da misión, do mandato e dos propósitos polos que se crea.
- e) Aprobar as propostas do xerente no relativo ao plan de marketing
- f) Aprobar a recepción de subvencións, doazóns e achegas realizadas por entidades públicas ou privadas.
- g) Aprobar o cadro de persoal, fixando os criterios da súa selección, e o nomeamento, separación ou cesamento do persoal directivo, consonte coa lexislación vixente, cos presentes estatutos e co Regulamento de Réxime Interno.
- h) Nomear os censores de contas e aprobar estas.
- i) Aprobar concesións, concertos e convenios coas diferentes entidades públicas ou privadas.
- j) Aprobar a admisión de membros colaboradores e a separación destes, así como o nomeamento e cesamento dos expertos que poidan chegar a conformar as comisións asesoras e grupos de traballo que se estime adecuado constituír para o desenvolvemento das funcións da Fundación.
- k) A adquisición, administración e disposición de bens mobles e inmobles nos termos establecidos nas leis e nos presentes estatutos.
- l) Nomear e cesar ao/á Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, que será proposto polo Concello de Vigo, de común acordo coas entidades fundadoras.
- m) Calquera outras atribucións non mencionadas anteriormente que deriven das funcións de goberno da Fundación que correspondan ao Padroado.

3.- O Padroado, excepción feita das facultades sinaladas no artigo 18.1 da Lei de Fundacións de Interese Galego, poderá delegar as súas facultades no Comité Executivo, especialmente a contratación de obras, servizos e subministracións para o desenvolvemento da programación aprobada polo Padroado.

4.- O Padroado poderá avocar en calquera momento as delegacións conferidas e revogar os poderes outorgados por acordo adoitado coa maioría requirida para a súa concesión e a notificación aos interesados.

Artigo 16.- Funcionamento, convocatoria e acordos.

1.- Actuación colexiada.

O Padroado exerce as súas funcións de forma colexiada e mediante a adopción dos correspondentes acordos.

2.- Periodicidade das sesións.

- a) O Padroado reunirse en sesión ordinaria dúas veces ao ano. O Presidente/a poderá, en todo caso, convocar ao Padroado a reunións extraordinarias cando o considere oportuno e, en calquera caso, por solicitude de cando menos a terceira parte dos seus patróns/as.
- b) Corresponde en todo caso á sesión ordinaria do Padroado:
 - b.1 A aprobación do plan de actuación
 - b.2 A aprobación das contas anuais

3.- Convocatoria.

- a) Para a válida constitución das sesións requírese a convocatoria por escrito dirixida a todos os membros do órgano de goberno, na que se expresará a orde de día, lugar, data e hora da sesión, con cinco días de antelación.
- b) No caso de sesión extraordinaria, a convocatoria poderá realizarse con 48 horas de antelación por un medio que permita deixar constancia da mesma. Así mesmo, considerarase constituído o Padroado en sesión extraordinaria cando, ao estar presentes a totalidade dos seus membros, así o acorden. En tal caso, o Padroado quedará validamente constituído para tratar os temas que, unánimemente, decidisen incluír na orde do día.

4.- Acordos.

- a) Para que quede validamente constituído o Padroado requírese a concorrencia, presentes ou representados por outros membros do Padroado, da metade máis un dos seus membros, entre os que haberá de estar necesariamente o Presidente/a ou Vicepresidente/a e o Secretario/a.
- b) Os acordos, se a normativa aplicable ou estes estatutos non esixen un quórum especial, adoptaranse por maioría simple dos patróns asistentes. Cada membro do Padroado ten dereito a un voto. No caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente/a.
- c) Non serán válidos os acordos adoptados sobre asuntos que non consten na orde do día, excepto que, por acordo unánime dos membros presentes, se decida a súa inclusión nesta.

Artigo 17.- Composición do Padroado.

O Padroado estará integrado por un mínimo de oito e un máximo de doce membros. O primeiro Padroado será o designado na escritura de constitución.

Un dos membros do Padroado será o representante do conxunto das entidades colaboradoras da Fundación que se determine.

Artigo 18.- Organización do Padroado.

- 1.- O Padroado contará cun presidente e cun vicepresidente.
- 2.- A Presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde/Alcaldesa-Presidente do Concello de Vigo ou concelleiro-a en quen delegue.
- 3.- A Vicepresidencia da Fundación será exercida polo Concelleiro/a Delegado de Turismo do Concello de Vigo, ou concelleiro-a en quen delegue.
- 4.- Os membros do Padroado que sexan persoas xurídicas designaran ás persoas físicas que os representen, as cales deberán deixar constancia da súa aceptación nalgunha das formas previstas no artigo 19 da Lei de Fundacións.
- 5.- O cargo de patrón que recaia en persoa física deberá ser exercido persoalmente. Non obstante poderá actuar no seu nome e representación outro membro do Padroado designado por el. Esta actuación será sempre para actos concretos e haberá de axustarse ás instrucións que, no seu caso, o representado formule por escrito.
- 6.- No suposto de que o membro do padroado o sexa por razón do cargo que ocupe, poderá actuar no seu nome a persoa á que legalmente corresponda a súa substitución. No suposto de que esta substitución legal corresponda a outro membro do Padroado, este, ademais de actuar en nome do substituído, conservará o seu dereito de voto como membro substituínte.
- 7.- O Padroado contará cun secretario e cun tesoureiro. Serán nomeados polo Padroado entre os seus membros a proposta do presidente da Fundación.
- 8.- Os membros do Padroado exercerán o seu cargo de forma gratuíta sen que en ningún caso poidan percibir retribución polo desempeño da súa función. Os membros do Órgano de Goberno terán dereito a que lles sexan reembolsados os gastos, debidamente xustificados, que o desempeño da súa función lles ocasione, sen que as contías percibidas neste concepto poidan exceder os límites previstos na normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas para seren consideradas dietas exceptuadas de gravame.
- 9.- Outorgada a escritura pública fundacional o Presidente do Padroado convocará sesión constitutiva.

Artigo 19.- Nomeamento, substitución e cesamento de patróns

- 1.- O Padroado poderá promover o nomeamento dun novo patrón, sexa persoa física ou xurídica para completar total ou parcialmente o número máximo de membros. O acordo de designación deberá de ser adoptado por maioría de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do Padroado, a proposta do presidente e en atención ao mellor desenvolvemento dos

fins fundacionais.

2.- O Padroado poderá cubrir as vacantes que puideran producirse en caso de que algún dos seus membros decida o seu cesamento como patrón. A vacante poderá ser ocupada pola persoa física ou xurídica que nomee o Padroado, en atención ao seu interese no desenvolvemento dos fins fundacionais. O acordo deberá ser adoptado no prazo máximo de tres meses desde o cesamento, por maioría de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña a maioría absoluta dos membros do Padroado. Así mesmo o Padroado poderá, en caso de vacante, acordar reducir o número de membros mediante unha modificación da súa composición.

3.- Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de teren aceptado expresamente o seu cargo. Esta poderá constar no outorgamento da carta fundacional ou realizarse perante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo secretario, co visto e prace do presidente ou por calquera dos medios contemplados na norma de aplicación.

4.- O Padroado poderá promover o cesamento de patróns por calquera das causas previstas na lexislación vixente e polo procedemento que nesta se fixa.

5.- O nomeamento, substitución e cesamento de patróns comunicarase formalmente ao Protectorado.

6.- Os patróns desempeñarán as súas funcións por períodos de catro anos, podendo ser reelixidos.

Artigo 20.- O/A Presidente/a

Correspóndelle ao presidente exercer as seguintes funcións:

- 1.- Exercer a representación da Fundación.
- 2.- Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións, arbitrar os debates e deliberacións e desfacer os empates co seu voto de calidade.
- 3.- Autorizar a asistencia, con voz pero sen voto, doutras persoas ás reunións do Padroado se a súa presenza se considera conveniente pola natureza das cuestións que se vaian debater.
- 4.- Exercer, en caso de urxencia, toda clase de accións, excepcións e recursos xudiciais e administrativos en defensa dos dereitos e intereses da Fundación, convocando no prazo máximo de quince días reunión do Padroado, para os efectos de informar e/ou validar os acordos ou actuacións realizadas.
- 5.- Cumprir e facer cumprir os acordos do Padroado.
- 6.- Calquera outra función que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo Padroado.

Artigo 21.- O/A Vicepresidente/a

Son as súas funcións:

- 1.- Substituír ao presidente/a e exercer as funcións no caso de vacante, ausencia ou enfermidade, e préstalle a súa axuda e colaboración nas funcións que a este correspondan.

- 2.- Presidir o Comité Executivo.
- 3.- Aquelas que, por escrito, lle sexan delegadas polo presidente/a.

Artigo 22.- Vogais do Padroado.

1.- Serán vogais do Padroado as persoas físicas membros do mesmo, as que actúan en representación das persoas xurídicas membros do Padroado e as persoas físicas que sexan membros do Padroado por razón do seu cargo e nas que non concorra a condición de presidente ou vicepresidente do Padroado.

2.- O Padroado da Fundación nomeará como patrón e vogal ao representante da asemblea de entidades colaboradoras, que será elixido en votación realizada ao efecto en asemblea formada por todas elas, convocada polo Presidente da Fundación ou polos dous terzos das entidades colaboradoras. Da dita votación e do seu resultado dará fe o secretario do Padroado, que comunicara a proposta ao Padroado. O acordo de nomeamento como patrón requirirá a maioría de dous terzos dos presente, sempre que supoña a maioría absoluta dos membros do Padroado.

3.- A duración do mandato do membro do Padroado elixido polo conxunto das entidades colaboradoras será de catro anos renovables. Poderá ser reelixido indefinidamente por períodos iguais de tempo e cesado por decisión da asemblea de entidades colaboradoras seguindo o mesmo procedemento que para o seu nomeamento.

4.- Ademais das causas de cesamento previstas para os patróns no artigo 24.4 da Lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego, será automático o cesamento dos/das vogais no Padroado de cesar nas súas respectivas entidades, administracións ou cargos. Estas deberán nomear ao substituto/a coa maior brevidade posible. Tamén cesarán por petición propia ou cando sexan substituídos pola entidade ou administración que representen.

5.- Os vogais do Padroado teñen dereito a:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.
- b) Exercer o dereito ao voto.
- c) Obter a información precisa para o cumprimento da súas funcións.

6.- Os vogais do Padroado están obrigados a :

- a) Cumprir e facer cumprir estritamente os fins fundacionais de acordo co disposto nos estatutos da Fundación.
- b) Concorrer ás reunións ás que sexan convocados e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten.
- c) Desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal.
- d) Conservar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación e manter plenamente a produtividade destes, segundo os criterios financeiros e de acordo coas circunstancias económicas.
- e) Vixiar para que a Fundación aporte información suficiente e veraz aos eventuais beneficiarios e persoas interesadas na mesma.

Artigo 23.- O/A secretario/a

O/A secretario/a será designado polo Padroado entre os seus membros, a proposta do Presidente da Fundación, por maioría absoluta dos membros do Padroado.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- 1.- O/a secretario/a do Padroado da Fundación Vigo Convention Bureau deberá estar presente en todas as reunións.
- 2.- Será fedatario de todos os actos, resolucións e acordos do Padroado, do Comité executivo e da asemblea de entidades colaboradoras, correspondéndolle a custodia do libro de actas e de toda a documentación da Fundación, a redacción das actas das reunións do Padroado, do Comité Executivo e da asemblea de entidades colaboradoras, que se transcribirán no libro de actas co "conforme" do/a Presidente/a, así como emitir as certificacións que procedan co visto e praxe do/a Presidente/a.
- 5.- Calquera outra que lle encomende a Presidencia.
- 6.- Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a secretario/a será substituído polo vogal de menor idade do Padroado.

Artigo 24.- O/A Tesoureiro/a

O/A tesoureiro/a será designado polo Padroado entre os seus membros, a proposta do Presidente da Fundación, por maioría absoluta dos membros do Padroado.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- 1.- Xunto co Xerente, a formulación da proposta de plan de actuación, segundo instrucións recibidas do Padroado.
- 2.- A rendición de contas, especialmente das contas anuais da Fundación.
- 3.- Calquera outra que lle encomende a Presidencia.

Artigo 25.- O Comité executivo.

- 1.- Crearase un Comité executivo, integrado polos seguintes membros:
 - O/A Presidente/a.
 - Dous vogais nomeados de entre os do Padroado polo/a Presidente/a do Comité executivo.
 - O/A Secretario/a do Padroado.
 - O/A Tesoureiro/a do Padroado,
- 2.- Exercerá ás funcións de Presidente/a do Comité executivo o Vicepresidente/a do Padroado.
- 3.- O Comité executivo exercerá as funcións de xestión e administración efectiva da Fundación que o Padroado lle delegue, de cara a unha maior operatividade e adecuación para o cumprimento dos acordos, programas e obxectivos do Padroado. Nesta delegación de funcións quedan expresamente exceptuadas as que son indelegables segundo a Lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego.
- 4.- O Xerente da Fundación asistirá necesariamente con voz e sen voto ás sesións

do Comité executivo. Poderán asistir tamén, previa invitación do presidente, os asesores da Fundación que se nomeen.

5.- Nas súas sesións estudaranse e avaliarán as propostas realizadas polo/a Xerente, elaborando un documento definitivo, que se someterá a aprobación do Padroado, entre outras a do Plan de actuacións e contas anuais.

Artigo 26.-O/A Xerente.

1.- O Padroado nomeará un/unha xerente que será o superior órgano unipersonal de xestión ordinaria e administrativa da Fundación Vigo Convention Bureau, que exercerá as súas funcións consonte coas directrices emanadas do comité executivo e do seu presidente e sen prexuízo das funcións atribuídas ao Padroado, ao seu Presidente, ao Comité Executivo e ao Presidente deste.

2.- O nomeamento do/a Xerente deberá recaer nunha persoa física con solvencia técnica acreditada.

3.- O nomeamento e o cesamento do/a Xerente requirirá acordo adoitado polos dous terzos dos membros do Padroado.

4.- A Fundación Vigo Convention Bureau formalizará co/a Xerente un contrato laboral axeitado ao seu labor funcional. En ningún caso, a duración do contrato poderá exceder de sete anos, prorrogables por acordo das partes e conforme ás disposicións aplicables á materia.

Artigo 27.- Funcións do Xerente.

Serán funcións do/a Xerente:

- 1.- Preparar, estudar e executar os acordos aprobados polo Padroado e o Comité Executivo, así como os mandatos da Presidencia.
- 2.- O/A Xerente da Fundación "Vigo Convention Bureau" deberá asistir ás sesións do Padroado da Fundación e as do Comité Executivo con voz pero sen voto.
- 3.- Propoñer ao Padroado e executar as estratexias e políticas de actuación da Fundación, así como asinar, por delegación do Presidente, do Padroado ou do Comité Executivo, os convenios, concertos e contratos con entidades públicas, privadas ou particulares que sexan necesarios para formular e desenvolver o Plan de actuacións nos termos establecidos pola lexislación vixente e nos presentes estatutos. Igualmente corresponderalle a realización dos actos que destes contratos deriven.
- 4.- Elaborar as propostas de Plan de actuacións, Plan de marketing e Contas anuais, para sometelas ao estudo e avaliación do Comité executivo. Redactar, xunto co Secretario/a, o documento definitivo segundo instrucións do Comité executivo, para que este órgano o eleve á consideración do Padroado. Ademais deberá de dirixir, organizar e supervisar as diferentes áreas, liñas de actuación e servizos para levar a cabo correctamente os fins da Fundación.
- 5.- Dirixir, xestionar e inspeccionar, conforme ás directrices do Presidente, do Padroado e do Comité executivo, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución dos fins da Fundación Vigo Convention Bureau.
- 6.- Propoñer ao Comité executivo o Plan de Actuacións, Plan de marketing e Contas

- anuais, e no seu caso, as modificacións correspondentes. O Comité Executivo, unha vez analizada a proposta, cando esta sexa definitiva, elevaraa á aprobación do Padroado.
- 7.- Administrar o patrimonio segundo as leis e as atribución conferidas polos órganos de dirección e decisión.
 - 8.- Ordenar, por delegación da presidencia do Padroado, os pagamentos e a xestión de tesourería de acordo cos criterios aprobados polo Comité executivo.
 - 9.- Velar polo mantemento xeral das instalacións e equipamentos da Fundación.
 - 10.- Redactar os Regulamentos de Réxime Interno, de persoal e de servizos.
 - 11.- Propoñerlle ao Comité Executivo o nomeamento e cesamento dos cargos directivos, proposta que elevará, cando sexa conforme, ao Padroado para a súa ratificación definitiva.
 - 12.- Desenvolver a política de persoal deseñada polo Comité executivo, e para tal fin, seleccionar ao persoal, concertar ou rescindir relacións laborais, acordar sancións e executar os acordos do Padroado sobre o réxime retributivo.
 - 13.- Exercer en casos de urxencia, por delegación do/a Presidente/a, as accións, excepcións, recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación Vigo Convention Bureau e informarao Comité Executivo na primeira sesión que se realice.
 - 14.- Todas aquelas funcións que o Padroado e o Comité executivo lle encomenden e cantas competencias lle sexan delegadas por este de forma expresa ou todas aquelas que, sendo necesarias para a máis eficaz dirección e administración da Fundación, non lle estean reservadas a outros órganos.

TÍTULO VI RECURSOS DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

Artigo 28.- Composición, administración e disposición do patrimonio.

- 1.- O patrimonio da Fundación Vigo Convention Bureau estará constituído pola dotación inicial da Fundación Vigo Convention Bureau, recollida na Carta Fundacional e polos bens e dereitos de calquera clase que no sucesivo adquira a Fundación, ou se aporten polos fundadores ou por terceiras persoas e que o Padroado acorde afectar con carácter permanente aos fins fundacionais. Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu Inventario e, no seu caso, nos rexistros correspondentes.
- 2.- A administración e disposición do patrimonio corresponderá ao Padroado na forma establecida nestes estatutos e con suxeición ao disposto na Lei 12/2006 de Fundacións de Interese Galego.
- 3.- Os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación deberán figurar o seu nome no inventario e inscribirse nos Rexistros correspondentes. Os fondos públicos e os valores mobiliarios deberán ser depositados ao seu nome en establecemento financeiro.

Artigo 29.- Titularidade de bens e dereitos.

- 1.- A adquisición, administración e disposición dos bens corresponde ao Padroado da Fundación Vigo Convention Bureau de acordo con estes estatutos, sen prexuízo da delegación destas facultades no Comité Executivo, e das facultades de

administración que se atribúen ao Xerente.

2.- Poderán adscribirse á Fundación Vigo Convention Bureau bens e dereitos sen que isto implique a transmisión de dominio. Estes bens e dereitos deberán figurar no balance da entidade polo seu valor de cesión debidamente separados daqueles que fosen adquiridos ou se adquirisen no exercizo da actividade da Fundación Vigo Convention Bureau.

3.- Os bens que integran o patrimonio fundacional, sen prexuízo dos actos necesarios para a súa xestión e administración, quedan vinculados exclusivamente ao cumprimento directo ou indirecto dos fins da Fundación Vigo Convention Bureau. O seu alleamento e gravame requirira das comunicacións ao Protectorado e constancias previstas no artigo 29 da Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego.

Artigo 30.- O financiamento.

- 1.- Os recursos económicos da Fundación Vigo Convention Bureau compóranse de:
 - A dotación inicial.
 - As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidirse por parte do Padroado.
 - Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
 - Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
 - Os rendementos do seu patrimonio.
 - Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
 - Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

2.- A Fundación Vigo Convention Bureau desenvolverá actividades económicas relacionadas cos fins fundacionais, sexan complementarias ou accesorias ás mesmas, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

Artigo 31.- Plan de actuación.

O Padroado elaborará e remitirá ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercizo, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexa desenvolver durante o exercizo seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación.

Artigo 32.- Xestión económica.

- 1.- A xestión económica da Fundación levarase de acordo cos seguintes principios recollidos no artigo 31 da Lei de Fundacións de Interese Galego:
 - a) Destinar efectivamente o patrimonio e as súas rendas, de acordo con esta Lei e os estatutos da Fundación, aos seus fins fundacionais.
 - b) Dar información suficiente dos seus fins e actividades para que sexan coñecidos

- polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.
- c) Actuar con criterios de imparcialidade e non discriminación na determinación dos seus beneficiarios.
 - d) Respetar o código de conduta das entidades sen ánimo de lucro.

Artigo 33.- Das contas anuais.

1.- A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade, que permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para isto levarán necesariamente un libro diario e un libro de inventarios e contas anuais, legalizados polo Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2.- O Padroado da Fundación elaborará, en referencia ao anterior exercizo económico, as contas anuais, que comprenden o balance de situación, a conta de resultados e a memoria. Estes documentos forman unha unidade e serán redactados con claridade, mostrando a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación. O exercizo económico coincidirá co ano natural.

3.- As contas anuais serán aprobadas polo Padroado, antes do 1 de xullo de cada ano, sendo asinadas polo presidente do Padroado ou membro deste en quen delegue.

4.- As contas anuais, comprensivas do balance de situación, conta de resultados do exercizo anterior e da memoria, debidamente asinados e con certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade, serán remitidos, no prazo de 20 días hábiles, a contar da súa aprobación, ao Protectorado

5.- A contabilidade da Fundación Vigo Convention Bureau será obxecto de auditoría nos supostos do artigo 37 da Lei de Fundacións de Interese Galego, sen prexuízo de que se sometan a auditoría externa aspectos das contas que a xuízo do Padroado ou do Protectorado presenten circunstancias especiais que o aconsellen.

TÍTULO VII

MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

Artigo 34.- Modificación de estatutos.

1.- Por acordo do Padroado adoptado coa maioría de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do Padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos esixidos na Lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego e disposicións regulamentarias.

Artigo 35.- Fusión con outra fundación.

A Fundación Vigo Convention Bureau poderá fusionarse con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados.

O acordo de fusión deberá de ser aprobado co voto favorable de dous terzos dos asistentes á reunión, sempre que supoña a maioría absoluta dos membros do padroado.

Artigo 36.- Extinción da Fundación.

1.- Ademais das causas previstas nos apartados c), d) e f) do artigo 44 da lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego, a disolución da Fundación Vigo Convention Bureau, realizarase por acordo do Padroado, en sesión extraordinaria especial convocada ao efecto, e requirirá o voto favorable de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña a maioría absoluta dos membros do Padroado. Este acordo deberá ser ratificado polo Protectorado.

2.- En caso de extinción e a teor do disposto no art. 6 da Lei 49/2002, o patrimonio da Fundación destinarase ao Concello de Vigo, como entidade pública de natureza non fundacional que persegue fins de interese xeral.

3.- A extinción da fundación, salvo que sexa consecuencia dunha fusión, determinará a apertura do procedemento de liquidación polo Padroado, baixo o control e asesoramento do Protectorado.

Explicación de voto polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias:

Sinceramente estamos convencidos de que Vigo debe formar parte da “Spain Convention Bureau” e de aí que no ano 2006 iniciáramos os borradores e as conversas coa directiva pero vostedes non son coherentes. Nós cremos que en épocas de crise é necesario non crear novas estruturas con novos gastos correntes, novos gastos de xerente e por iso aínda que no fondo estamos de acordo, na forma non podemos estar de acordo con que se cre unha nova fundación.

Son moi afeccionados a crear fundacións. Xa no anterior goberno crearon a fundación “Vigo en Deporte” e neste tamén queren crear a “Vigo Convention Bureau”.

15.- (109).- DAR CONTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCÍONS “PLAN CONCERTADO” DO ANO 2009. EXPTE. 41508/301.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 11 de maio de 2009, adoptou o seguinte acordo:

“2(610).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR PARA O CONFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLO CONCELLO DE VIGO NO ANO 2009. EXPTE. 41508/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas de Servizos Sociais, do 06.05.09, conformado polo xefe e a concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

S.Ordinaria 29.06.09

Aprobar a solicitude de subvención á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ao amparo e de conformidade coa Orde do 1 de abril de 2009, para o cofinanciamento da prestación de Servizos Sociais polo Concello de Vigo ó longo do ano 2009; o importe da prestación dos Servizos Sociais por parte do Concello de Vigo ascende a un total de 5.589.333,40 euros, dos cales a achega municipal será de 1.872.426,69 euros e o importe máximo da subvención que se solicite, de 3.716.906,71 euros.

Así mesmo estarán destinados a proxectos de desenvolvemento do pobo xitano 109.200 euros, dos cales 36.400 euros corresponden á achega municipal e 72.800 euros á subvención solicitada.

Deste acordo darase conta ao Pleno da Excma. Corporación Municipal, consonte co artigo 11º da Orde citada.”

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Gustaríame explicar un pouco en que consiste o Plan Concertado porque moitas veces escoitamos falar del pero non sabemos en que consiste. Eu quero poñer en valor que precisamente o Plan Concertado é o que se asina coa Xunta de Galicia e que esta á súa vez asina co goberno estatal; é unha vía de financiamento para os servizos sociais dos Concellos a través do Estado e da Comunidade Autónoma.

Este é un financiamento moi importante, este ano en concreto pídense 3.700.00 euros. Evidentemente sabemos que non nos darán toda esa subvención pero é algo que nestas épocas que estamos a atravesar vai permitir atender todas esas necesidades dos colectivos máis desfavorecidos, as que ten nestes momentos a cidadanía por mor da crise económica.

O Plan Concertado no apartado de “Persoal” serve para subvencionar o persoal, a axuda no fogar, problemáticas diferenciadas como bolsas de libros e de comedor, programas para maiores, problemas de discapacidade. Logo tamén temos outro concepto que é “Prestacións económicas” e aí entran as axudas ás familias que neste momento precisan máis que nunca; tamén as axudas para farmacia. Outro concepto é “Rede de Emerxencia” onde entrarían os comedores sociais e as axudas a esas asociacións que dalgún xeito están colaborando con este goberno para que a exclusión social sexa menor. Logo tamén hai outro concepto de “Investimento” e de “Mantemento” con moi pequenas cantidades.

No ano 2004, cando estaba na Xunta de Galicia o Sr. Fraga e era Concelleiro de Benestar Social o Sr. López-Chaves, pedíronse á Xunta de Galicia 1.700.000 euros e concedeulle ó daquela goberno municipal 576.000 euros. O mesmo aconteceu no ano 2005 cando era concelleira a Sra. Iglesias e a Xunta concedeu 586.000 euros.

No ano 2006 coa Xunta do goberno bipartito -vexan a diferenza- pasamos dos 586.000 euros anteriores á concesión de 1.338.543 euros, é dicir, dobramos e mesmo sobra. O mesmo aconteceu no ano 2007 e no 2008 que nos mandaron 1.349.899 euros.

Eu agardo que o Partido Popular, que tantas críticas está a facer á xestión da Concellería de Servizos Sociais, colabore e lle pida á Xunta do Sr. Núñez Feijóo e de D^a Beatriz Mato, Conselleira de Asuntos Sociais, que por certo tivo unha intervención moi acaida esta fin de semana cando dixo que os obreiros ían estar na rúa de seguiren así, pois como segundo ela os obreiros van estar na rúa, probablemente veñan ós servizos sociais para que lles paguemos axudas. Entón, se realmente vostedes o que queren é que estean na rúa, por favor, páguennos cando lles pedimos as subvencións. Eu espero que colaboren vostedes niso.

Dende que está esta concelleira e este Goberno, teño que dicir que o concepto de “Persoal” incrementámolo en 11 persoas; sete traballadoras sociais novas e cinco auxiliares. Dende que está este Goberno dobrouse o esforzo de “Axuda no Fogar” e pasouse de dar 70.000 horas de servizo a dar 115.000 horas; aumentáronse considerablemente e seguiranse a aumentar as axudas de bolsas de comedor, para libros, axudas ás familias e así sucesivamente. Incrementáronse os convenios de cooperación coas entidades que máis o necesitan e que están resolvendo en moitos casos a problemática das persoas que están en exclusión social.

Para un recurso que nunca houbo en Vigo como un centro para acoller a xente que está sen teito, acábanse de estrear e nestes momentos xa están en marcha dous pisos onde van ser admitidas trece persoas para iniciar un itinerario de inclusión. Durante todo o tempo que estivo o goberno do Partido Popular ningún destes recursos se puxo en marcha e fíxense que nin sequera foron necesarios cartos, nin sequera tivo orzamento porque esa foi unha cesión por mor dunha boa xestión dende a Consellería de Vivenda, concretamente polo Ex-Delegado de Vivenda. Houbo unha cesión dos pisos e o único que fixo este Concello foi arranxalos e redactar un convenio de xestión. Non era cousa tan difícil para lle dar saída a tanta xente desfavorecida.

Dende que está este goberno púxose en marcha o bono-taxi; malia que o goberno anterior se compadecía moito das persoas con discapacidade nunca se puxo unha medida destas características. Dende que está este goberno púxose en marcha o “Xantar na Casa” que nestes momentos está atendendo a 76 persoas.

Xa ven que este goberno si sabe como utilizar o diñeiro e por iso esperamos que vostedes, que son os que teñen agora o goberno na Xunta de Galicia, fagan as xestións oportunas, como as vou facer eu, e apoiem ós nosos pedimentos agora que temos que incrementar considerablemente o tema das horas de dependencia. Tamén pedir a vostedes que se temos que traer algunha modificación a Pleno para o Servizo de Axuda a domicilio porque non se dan feito as horas de dependencia, esperamos e contamos coa súa colaboración.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

16.- (110).- DAR CONTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIONS DESTINADAS Ó COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS. EXPTE. 3943/224.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 18 de maio de 2009, adoptou o seguinte acordo:

“24.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA DESTINADA A COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS. EXPTE. 3943/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade do 14.05.09, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 1 de abril do 2009, da extinta Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOG núm. 76, do 21 de abril de 2009, polo que se convocan subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, por un importe de 143.179,35 €, desglosado do seguinte xeito:

- “Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI)”. Importe da axuda solicitada: 97.066,67 €
- “Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero”. Importe da axuda solicitada: 34.046,01 €.
- “Axudas económicas dirixidas a mulleres vítimas de violencia”. Importe da axuda solicitada:12.066,67 €.

2º.- Dar conta da presente solicitude de subvención ao Pleno da Corporación Municipal.”

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

Neste intre a Corporación municipal e máis todos os presentes no salón de Plenos en cumprimento de acordo plenario, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia doméstica.

17.- (111).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó SECTOR LÁCTEO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091648, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“O sector agrario galego segue a ser un eixo de vital importancia na economía galega. Unha das características senlleiras é a súa marcada especialización gandeira, xa que as producións gandeiras achegan o 62% do valor da produción da rama agraria e dentro delas, sen lugar a dúbidas, é a produción láctea a que ten un maior peso, ao representar arredor dun 28% do conxunto da produción agraria galega.

Así mesmo, tamén é moi relevante a súa contribución fundamental desde o punto de vista territorial, onde destaca a superficie de prados naturais, de pasteiros e de monte onde se practica o pastoreo, que constitúen o eixo da paisaxe agraria da maior parte do territorio.

A actividade económica dunha parte importante do territorio galego pivota arredor da produción agraria e,o sector agrario e as actividades económicas vinculadas a el son a principal fonte de emprego.

A evolución da produción láctea en Galiza ao longo das campañas que van desde 2005 a 2008, demostra a vocación de permanencia das explotacións lácteas galegas, pasando a significar o leite das explotacións galegas o 38% das entregas á industria do Estado español, fronte ao 35% que significaba a comezos de 2006. As explotacións lácteas galegas son, neste intre e sen dúbida ningunha, o principal referente da produción láctea no Estado Español, non só polo seu peso, senón tamén pola dinámica de crecemento da produción en Galicia nun contexto como o que caracteriza ao sector no resto do Estado de estancamento ou redución das entregas de leite.

Malia a favorábel tendencia amosada nestes últimos tres anos no sector lácteo

galego, a recente modificación da regulación comunitaria do sector lácteo, co horizonte da liberalización da produción de leite en 2015 precedido dun incremento lineal de cota a todos os Estados produtores da Unión Europea, incluídos os excedentarios, vén de sementar incerteza no sector, así como un drástico recorte de prezos percibidos polos gandeiros e gandeiras, pondo ao límite a supervivencia da moitas explotacións leiteiras de moitos concellos galegos.

Perante esta situación, cómpre unha posición institucional inequívoca de apoio ao sector, urxindo que as Administracións competentes adopten as medidas necesarias para garantir a estabilidade e o futuro do sector lácteo galego e con iso asegurar un medio rural vivo na Galicia.

Por isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao goberno español a renegociar a actual asignación de cotas entre os distintos Estados membros da UE, de xeito que o aumento da cota se dirixa unicamente a aqueles Estados que teñen unha cota moi inferior ao seu consumo interno e nos que existen segmentos importantes de explotacións, como é o caso de Galicia, que necesitan máis cota para ser viábeis.

Segundo.- Instar ao Goberno español a propoñer na UE unha actuación decidida e concreta, para regular os mercados e garantir prezos aos produtores de leite, de xeito que se garanta a viabilidade do sector, do mesmo xeito que se actúa con outros sectores económicos.

Terceiro.- Instar ao Goberno do Estado e á xunta de Galicia a coordinar as actuacións necesarias para:

- a) Garantir a recollida de todo o leite producido na Galicia.
- b) Establecer axudas directas aos produtores de leite, para compensar o baixo prezo do leite en orixe -actualmente por debaixo do prezo de custo- en tanto non se recuperen os prezos de mercado.
- c) Garantir a continuidade da industria transformadora existente na Galicia e, en concreto, da planta de Pascual na provincia de Lugo.

Cuarto.- Comunicar este acordo plenario ao Presidente do Goberno do Estado, ao Presidente da Xunta de Galiza, aos Grupos Parlamentarios do PP, do PSOE e do BNG no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.”

A Comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de xuño, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ CARREIRA: O sector agrario galego é un eixo de vital importancia na economía galega alén da súa contribución fundamental dende o punto de vista territorial. A actividade económica dunha parte importante do territorio galego, especialmente da Galicia interior, pivota arredor da produción agraria. O sector agrario e as actividades económicas vinculadas a el son a principal

fonte de emprego de amplas comarcas da nosa xeografía

O sector agrario galego caracterízase pola súa marcada especialización gandeira. A produción gandeira chega ó 62% do valor da produción da rama agraria, así mesmo destaca a superficie de prados e de pasteiros de monte onde se practica o pastoreo que constitúe o eixo da paisaxe agraria da maior parte do territorio.

Sendo a gandería a principal actividade socio-económica do sector agrario galego, sen lugar a dúbidas dentro dela é a produción láctea a que ten un maior peso cun 28,3% do total da produción. Nun contexto que no resto do Estado se caracteriza por un claro estancamento ou redución das entregas do leite, as explotacións lácteas galegas pola súa dinámica e crecemento son neste intre o principal referente da produción láctea estatal.

A evolución da produción láctea nas campañas do 2005 ó 2008 demostra vocación de permanencia das explotacións lácteas galegas, aumentando neste período un 3% as entregas á industrias do Estado español pasando do 35% no ano 2006 ó 38%.

Malia a favorable tendencia amosada nestes últimos tres anos no sector lácteo galego, a recente modificación da regulación comunitaria co horizonte da liberalización da produción do leite no 2015, precedido dun incremento lineal da cota a todos os estados produtores da Unión Europea ven de sementar incerteza no sector, ó tempo que un drástico recorte de prezos percibidos polos gandeiros e gandeiras, pondo ó límite a supervivencia de moitas explotacións leiteiras de Galicia. Perante esta situación cómpre unha posición institucional inequívoca de apoio ó sector, urxindo que as administracións competentes adopten as medidas necesarias para garantir a estabilidade e o futuro do sector lácteo galego e con iso asegurar un medio rural vivo na Galicia.

O concelleiro Sr. López Carreira procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Resúltame rechamante que presenten esta moción hoxe aquí logo de descartar e eliminar todas as dirixidas ó goberno que lles deu a gana, sobre todo todas esas mocións que eliminaron relacionadas coa xestión municipal; sen embargo nos traen outras mocións que lles parece moito máis importante debater. Non quere dicir iso que o tema non sexa interesante, importante ou de relevancia, pero dende logo que xa se ve a estratexia que están utilizando vostedes

que á de non querer debater as cuestións de xestión municipal.

Sra. Abelairas, xa que fai ese xesto téñolle que dicir tamén que vostede a min non me vai dar ningunha lección de democracia porque eu nacín en democracia. A diferenza, Sra. Abelairas é que hai outros que non cumpren esa característica e que sen embargo parece que están, como o Sr. Alcalde, aínda ancorados no pasado coa súa actitude completamente ditatorial e autoritaria. Esa é a diferenza entre vostedes e nós.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, é a última vez que lle tolero a vostede que me diga iso a min que estiven na cadea por defender a democracia. Ningunha alusión ó pasado democrático de cada quen, ningunha. É a última vez que lle tolero a vostede que poña en dúbida o rango democrático dos que tivemos que pelexar na rúa, que aguantar a Ditadura por defender a democracia, en tanto os antecesores do seu partido estaban no Réxime; a última vez que llo tolero. A próxima vez intervirei a fondo dicindo que facía o seu Presidente Honorífico do Partido Popular mentres eu estaba na cadea e el estaba apoiando ó Goberno de Franco; direino a fondo. É a última vez que lle tolero esa intervención.

Continúe.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Pois non poñan entón en dúbida a nosa actitude democrática que é o que fixo a Sra. Abelairas e vostede non lle contestou, nin a rebateu, nin lle dixo nada de nada, Sr. Alcalde. Non fomos nós os que empezamos este debate.

Agora vou falar da moción. Como dicía esta moción chámanos moito a atención porque ademais tamén presentamos unha en termos semellantes o pasado mes de decembro. Chámanos a atención porque eliminaron outras tantas relacionadas coa xestión municipal e sen embargo esta lles parece a súa máxima prioridade.

Aínda así claro que a imos debater porque é unha cuestión interesante. De todos os xeitos lamento o secuestro político ó que estamos sometidos ó día de hoxe.

En todo caso imos apoiar esta moción no primeiro punto, no segundo e no cuarto. Sen embargo o terceiro ímosllo substituír e presentar unha emenda nos seguintes termos: “Instar ó Goberno do Estado e da Xunta a coordinar as actuacións necesarias para que os produtores teñan garantida a recollida de leite mediante contratos homologados coa industria”, xa que nin o Goberno, nin a Xunta teñen esta obriga,

nin é a súa función recoller o leite, polo tanto non podemos aprobar ou ter en conta esta moción como a presentou o Bloque Nacionalista Galego.

No punto b) deste terceiro punto o texto sería o seguinte: “Dentro das posibilidades que permita a normativa comunitaria, establecer axudas directas ós produtores de leite para compensar o baixo prezo do leite en orixe”, dado que este prezo se atopa efectivamente por debaixo dos custes.

O punto c) cambiariámolo polo seguinte texto: “Realizar actuacións encamiñadas á continuidade da industria transformadora existente en Galicia, en concreto da planta de Pascual na provincia de Lugo”.

Engadiríamos un cuarto punto neste terceiro punto da moción que sería o seguinte: “Situar a Interprofesional de Leite, INLAC, en Galicia e impulsar acordos neste foro para ordenar os mercados de leite entre os produtores e a industria”. Isto obviamente parécenos importante xa que a falla dos acordos entre os produtores e a industria láctea débese nin máis nin menos á ineficacia da anterior Xunta que non foi quen de situar esta Interprofesional en Galicia onde se pode falar e chegar a acordos para establecer esas necesidades en canto á fixación de prezos e demais.

Esta vai ser a nosa proposta pero en todo caso, como lle dicía, sorpréndenos que presenten esta moción cando o actual goberno da Xunta en menos de 60 días está presentando un programa de xestión neste sector do leite con actuacións claras e concisas, cando vostedes no anterior goberno da Xunta en 60 días aínda se estaban repartindo as áreas, sen embargo o Partido Popular de Galicia e o goberno da Xunta están tomando decisións en tan só 60 días e fíxese, Sr. López, só hai que mirar os titulares da prensa que xa indican o que están facendo neste sentido.

Xa que presentou esta moción vou aproveitar para dicir o que se está facendo: “A Xunta axiliza 100 millóns de euros en axudas que beneficiarán a 45.000 gandeiros”. “A crítica situación do sector lácteo foi outro dos temas presentes no encontro de Zapatero con Feijóo que propuxo que Galicia sexa a sede da Organización Interprofesional Láctea xa que a Comunidade conta co 50% das explotacións”. “A Xunta rexeita o ERE de Pascual porque non se xustifica. É unha deslocalización que nada ten que ver con causas que xustifiquen un ERE”. Logo falaremos das deslocalizacións nas que vostedes son especialmente favorables a que ocorran este tipo de cuestións. Xa lles porei algún exemplo. “A Xunta informa a Traballo de que o ERE de Pascual non se xustifica senón que constitúe unha deslocalización”. “A Xunta creará a marca de leite de Galicia para apoiar o sector”. “O sector lácteo galego

sálvase do caos co plan choque Feijóo". Isto entre outras cousas que se poden ler en tan só dous meses. Vostedes presentan agora esta moción que como lles dicía estamos de acordo con varias das cuestións, pero no fondo o que están facendo é desviando a atención porque como xa dicía algún dos seus compañeiros os votos son dos cidadáns. Efectivamente e vostedes teñen xa moi poucos, cada vez menos.

En todo caso, cinguíndome tamén ás axudas presentadas pola actual Xunta que se refiren a préstamos que solicitarán os gandeiros ó 0% de interese a partir de setembro, axudas directas enmarcadas tamén no Regulamento europeo de mínimos, axudas coas que se pretende evitaren o estrangulamento do pulmón financeiro do sector dos gandeiros, ese é o principal problema que temos á parte doutras cuestións como é o "dumping" francés do que logo tamén farei algún comentario porque diso parece que non queren falar.

As axudas de mínimos, o pagamento único para cobralo a partir do 3 de xuño deste mes en troques de decembro sen un custo a maiores para os gandeiros.

Pódense resumir en sete as liñas de actuación da Xunta: axilización dos trámites para o pagamento das solicitudes de modernización das explotacións: 18,6 millóns, ata un 50% de axuda con respecto ó total dos investimentos. En segundo lugar axilizar os trámites para o pagamento de axudas ás explotacións derivadas da PAC: 21 millóns. Axudas directas, o que se ven chamando pagamento único, formalización de préstamos con entidades bancarias, chegouse a acordos -que vostedes non foron capaces- coas entidades bancarias precisamente para financiar esas necesidades dos gandeiros, para mellorar as súas instalacións, para os axudar a funcionar e que os seus activos se poidan seguir xestionando correctamente. En cuarto lugar o programa de apoio ó capital circulante; isto ven establecido por parte do IGAPE, se quere doulle o folleto e leo, así se instrúe do que se está facendo en tan só sesenta días como lle dicía antes. Xa apareceron no DOG do 10 de xuño as axudas de mellora de eficacia ás explotacións de ata o 50% de anticipo.

Unha sexta liña de actuación é a "Modificación do programa de Desenvolvemento Rural" financiado pola UE con 28,7 millóns; e unha sétima liña de mellora dos procedementos para axilizar as axudas dos plans de mellora. Con isto se desbloquea o pagamento de axudas comprometidas e por vía de urxencia administrativa arredor de trescentas explotacións en Galicia con carácter retroactivo dende o 01.01.2007. Fíxese o que se está facendo.

Malia todo iso vostedes se empeñan en presentar estas cuestións. Logo debateremos

algunha cousa máis porque como lle dicía nós presentamos unha moción en sentido semellante e o goberno desta cidade votou en contra. Non sei como se atreven a presentar isto seis meses logo, van con moito atraso. O que me resulta rechamante é que presenten esta moción e queiran votar a favor.

Nós imos seguir mantendo a nosa postura e imos votar a favor eses tres puntos e se queren lles repito a emenda que presentamos para que lles quede totalmente clara. No terceiro punto propoñemos: “Instar ó goberno do Estado e da Xunta de Galicia a coordinar as seguintes actuacións: a) Que os produtores teñan garantida a recollida de leite mediante contratos homologados coa industria. b) Dentro das posibilidades que permita a normativa comunitaria, establecer axudas directas ós produtores de leite para compensar o baixo prezo do leite en orixe, actualmente por baixo do prezo de custo en tanto non se recuperen os prezos de mercado. c) Realizar actuacións encamiñadas á continuidade da industria transformadora existente en Galicia, en concreto da planta de Pascual na provincia de Lugo. d) Situar a Interprofesional de Leite, INLAC en Galicia e impulsar acordos neste foro para ordenar os mercados de leite entre produtores e industrias.

Esta é a emenda que nós facemos a ese terceiro punto. Creo que queda suficientemente clara.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Por alusións. Sr. Sagarra, dixo vostede: “Nacín en democracia” e ademais dirixiuse a min. Eu dígolle que sorte que tivo. Eu nacín uns anos despois de que ás mulleres se lles retirara a posibilidade de votar.

Parece que dá por certo que nacer en democracia significa que un é demócrata. Nada máis lonxe da realidade, iso deuse gracias a xente como o Alcalde neste caso. Estar na cadea é un pouco duro e iso foi por defender as liberdades de todos, incluído que vostede nacera en democracia.

Merece que retiren do vocabulario verbas como “eliminados”, cando estaba vostede referíndose ás mocións; “prestámoslles os votos”, que é unha falla de respecto total e absoluta ós votantes; “secuestro político”. Gracias a esa democracia, a esa loita de tantos homes e mulleres estamos nós agora mesmo aguantando o que vostede está dicindo e “aguantando” é tamén unha verba que non se debería utilizar pero un se ten que aguantar. Pensar agora, trinta anos despois, que hai que volver empezar a defender a democracia entra unha mágoa moi grande.

Se queren lles dou o folleto: falla de respecto ós concelleiros e concelleiras e tamén á

democracia. A min si que me gustaría que tivesen coidado porque as palabras non as leva o vento, quedan e fan moito dano.

SR. LÓPEZ CARREIRA: A verdade é que eu tamén me acollo ás palabras do Sr. Coello, dá mágoa, é triste que vostede sexa un provocador nato que tenta converter isto nun circo coas continuas descualificacións do resto dos concelleiros ás que non lle vou contestar porque ó final descualifícano a vostede mesmo.

Dixo que a anterior Xunta de Galicia non fixo nada no sector do leite. Eu voulle lembrar algunhas das medidas que tomou: Establecéronse axudas ó circulante por parte do IGAPE no 2008. Utilizouse o mercado competencial para a adopción de medidas para evitaren que se utilizara o leite como reclamo das grandes superficies, é dicir, combateuse por medio de control o dumping. Interveuse no mercado retirando seis millóns de litros, pagándollos ós produtores a prezo de mercado, leite que logo se destinou a axuda comunitaria no Caribe. Por primeira vez se chegou a acordos coa Mesa do Leite; por primeira vez porque en dezaseis anos vostedes non foron capaces de chegar nunca, acordos que de existiren vontade política permitirían estruturar o sector lácteo galego e dende logo seguir avanzando no camiño do contrato homologado en Galicia. Ademais, gracias ás medidas impulsadas no anterior goberno da Xunta, como a creación de Banco de Terras, poderase dotar de máis base territorial ás nosas explotacións lácteas.

Dende logo que se actuou continuamente no Parlamento de Galicia para chegar a acordos e os únicos que non chegaron a acordos foron vostedes. No único caso no que se estivo a punto de chegar a un acordo, no último momento o Sr. Feijóo abortouno porque prefería manter o conflito, seguir montado no cabalo da crise, seguir aplicando a demagogia no sector lácteo.

Vostedes nunca acompañaron ó anterior goberno no sector lácteo e ademais preferiron enganar. Lembren que durante tres anos e medio estiveron dicindo que toda a culpa era da Xunta e agora o Conselleiro do momento, con toda a cara do mundo, é capaz de subir ó Parlamento e dicir que a Xunta non pode facer nada e que todo haillo que esixir a Madrid e á Unión Europea. Realmente é triste.

Pero falemos do que vostedes están a facer. Non están a facer absolutamente nada. Só hai anuncios propagandísticos do Conselleiro, fume e máis fume e ademais queren dalgún xeito revestir dun presunto plan de choque, ó que vostede aludiu e falou de varios puntos, que o único que fai é financiar xuros, non fai outra cousa. Os

contratos homologados en Galicia parece que teñen pouco interese e vostedes parece que prefiren ir ó contrato homologado estatal que ten moitas menos garantías para os gandeiros do noso pobo e coma fan sempre botar balóns fóra.

Falou hai un momento dun suposto plan de axudas de algo máis de cen millóns de euros. Lémbrolle que deses cen millóns, setenta millóns corresponden ó pagamento único da PAC que se ía facer no mes de decembro e vostedes o único que fixeron foi xestionar que se lles adiante por medio de bancos. Evidentemente iso ten custos, ten xuros, ten gastos, ten comisións que están dispostos a cubrir, pero tamén sabe que cando o gandeiro se dirixe á Xunta para cubrir eses gastos, quedan inhabilitados para poder pedir máis axudas en tres anos.

Lémbrolle como negociou o BNG o caso da supertaxa a custe cero absolutamente, nin para a Xunta, nin para ningún dos gandeiros. Teñen que vostedes que aprender como hai que negociar coa banca.

Falou dun acordo dun suposto adiante do pagamento do PAC ós produtores de carne de vacún por cerca de vinte e dous millóns. Lémbrolle que o pagamento terían que o facer antes do 30 de xuño, polo tanto quero saber de canto adianto se trata, dunha semana? O 30 de xuño é o prazo fixado pola normativa europea.

Falan dun adianto do 50% dos plans de mellora que xa estean autorizados. Non aportan absolutamente ningunha liquidez porque se outorgan en función de investimentos xa realizados polos gandeiros e ademais teñen gastos porque hai que presentar un aval bancario.

En definitiva, non hai ningunha achega directa, non hai axudas para liquidez e os únicos recursos que achega a Xunta que non estaban xa previstos van parar directamente ós petos das entidades bancarias. Realmente é fume e nada máis que fume.

Pregúntolle cantos deses pretendidos cento corenta e catro millóns de austeridade que vostedes din que hai, van ir ó sector lácteo, cantos? É preciso que o goberno galego abandone a súa inacción, que adiante solucións reais, que achegue axudas específicas para garantir o futuro das explotacións lácteas.

Aceptamos as emendas ó punto tres.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Efectivamente vostedes tamén tomaron algunhas medidas, pero a media de días transcorridos os cales vostedes empezaban a dar as axudas concedidas era de máis de douscentos. Esa era a media a partir da que

vostedes daban as axudas concedidas en melloras de investimentos nas explotacións. Coa Xunta actual se dan a partir de que os gandeiros presenten as solicitudes de axudas, llas concedan e presenten o comezo da actividade das infraestruturas que van realizar, dos investimentos que están realizando. Esa é a diferenza entre vostedes e a Xunta actual.

Erra tamén en canto ó anticipo das axudas que se dan en xuño; esas son as do ano anterior. Agora as que se están anticipando son xa as do ano próximo, que se van anticipar dende decembro ata o 1 de xuño que é cando se empezaron a dar.

Pero o problema de fondo desta cuestión, no que vostedes non entran porque se están metendo coa Xunta cando tomou moitas máis medidas e de maneira moito máis rápida e eficaz do que vostedes o fixeron, son as malas negociacións na Unión Europea que levou a cabo a Sra. Espinosa; ese é o fondo da cuestión no que vostedes non queren entrar e é a causa principal de que teñamos unha discriminación en canto á porcentaxe de cota que nos concederon e que foi lineal, como indican na súa moción, e é tamén unha das causas de que haxa dumping francés. En España temos unha cota asignada de aproximadamente seis millóns de toneladas e sen embargo temos un consumo de máis de nove millóns de toneladas entre leite e produtos lácteos; a situación é que nos invaden os franceses co seu leite facendo dumping. Voulles explicar como o fan xa que vostedes non nos enviaron un emisario político para nos explicar a cuestión.

Cando se está pagando a dezaioito céntimos o quilo de leite ós gandeiros galegos é porque os franceses están poñendo aquí o quilo de leite ó mesmo prezo; iso son trinta pesetas e teñen dez pesetas de transporte. Ese é o problema. Como se explica que un gandeiro francés poida enviar aquí leite con máis dun 33% de custos de transporte. Iso explícase facendo dumping e vendendo por debaixo de custos porque son excedentes de seu, non hai outra maneira de facelo. Esa é a cuestión de fondo e ven das malas negociacións na Unión Europea da Ministra Espinosa por culpa da mala xestión política do Sr. Zapatero.

As cadeiras en Nova York se pagan tamén, Sra. Abelairas, custan un diñeiro e logo nos afectan a sectores coma ó sector primario gandeiro que sobre todo é estratéxico en Galicia. Esas son as consecuencias da nefasta política exterior que fai o Sr. Zapatero pero o peor de todo é que a Sra. Ministra se nega a recoñecelo. Que pregunte ós gandeiros, ás fábricas de recepción de leite por que están comprando a eses prezos. Pero llo vou acabar de explicar, Sra. Abelairas.

Poden facer dumping con dez pesetas de porte, que é un terzo dos dezaoitocéntimos que lles pagan ós gandeiros de aquí, porque están enviando camións con leite concentrado que logo dilúen. Esa é a cuestión do dumping e o que está arruinando ós gandeiros galegos. Se quere falar deste sector vaia e pregúntelles xa que vostede sabe tanto do tema e faille tanta gracia. Xa que o presentaron imos aproveitar para o dicir. Falen coa Ministra, vostedes que teñen tan boa relación. O Alcalde di que ten moi boa relación e logo os éxitos son practicamente nulos, pero iso é o que temos.

En todo caso voulle lembrar a moción porque, señores do Bloque, vostedes tamén tiñan que ter lida esta moción que presentamos nós o pasado mes de decembro cando acababan de ter lugar as negociacións na Unión Europea. É verdade que a presentamos a tempo pero se debateu tarde, pero vostedes votaron en contra. Fíxense que eu lles ofrecera a posibilidade de variala amplamente mesmo para solicitar que eses fondos, que non se sabe moi ben onde ían ir, se destinasen ó sector lácteo e a mellorar a actividade láctea en Galicia. Vostedes non tiveron nin vontade nin interese en achegar nada neste sentido e por iso mantivemos a moción. Pero é que na moción xa incluíamos, entre outros, estes aspectos: "Instar ó goberno para que acepte un aumento da cota da produción láctea proposta pola UE para o conxunto comunitario sempre que sexa asimétrico para que non se vexan prexudicados os intereses de países deficitarios coma España". E vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego, votaron en contra. O que non se explica de verdade é como seis meses despois van votar agora a favor; é absolutamente incomprendible. Ademais diso nos criticaron amplamente, dixéronos cousas tan variadas como que era unha moción de oportunismo, desfasada, para propaganda, etc. Neste caso díxoo o Grupo Socialista de Vigo e como eles non van debater, xa llo transmito eu da súa parte: esta moción é oportunista, desfasada e para propaganda. Transmítollo da súa parte xa que non sei se os señores do Grupo Socialista van votar a favor ou contra. Daquela votaron en contra, pero é que unhas veces votan en contra e outras a favor; é un auténtico desfase, a verdade é que non entendemos nada. Ven aquí todo escrito, se quere tamén lla paso se non a lembra; debatina eu mesmo. Acusáronos de tantas cousas que a verdade é que nos sorprende moito e sobre todo, como dicía ó principio, habendo tantos temas de relevancia, importantes, de xestión municipal que vostedes non quixeron debater.

Iso si, aínda que vostede se enfade, Sra. Abelairas, aquí recibimos moitos insultos

esta mañá e estivemos ben tranquilos, tivémonos que calar porque o Sr. Alcalde non dicía nada ó respecto, importáballe “un pemento”, dito dese xeito, pero é que os escoitamos e vai quedar por escrito. Polo tanto, quen están mentindo, Sra. Abelairas? Quen está insultando? Estamos xa “ata o gorro” de que vostedes se dediquen a insultarnos continuamente e logo oféndense porque llo repitamos. Pois como di o dito: “Pensa o ladrón que todos son da súa condición”.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, eu sei que quen recibiu insultos e difamacións fun eu, eu si que o sei. A partir de aí seguimos o debate.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Voulle explicar cal é a diferenza: Hai seis meses tiñamos un goberno na Xunta que actuaba dentro e premía fóra, hoxe temos un goberno da Xunta que nin actúa dentro, nin preme fóra. Esa é a grande diferenza entre unha moción e outra.

Eu non sei se realmente se pagan ou non cadeiras, dende logo si que sei que se pagou a foto das Azores e sufrímola todos; iso téño ben claro.

Xa que vostedes tanto presumen de gañar as eleccións en Europa, están agora a tempo de facer unha política efectiva en defensa do sector lácteo. Empecen por aquí e fagan alá porque é certo que a responsabilidade maior está en Europa coa política neoliberal que se fixo ata agora, unha política que por certo vostedes apoian, unha política que ademais dá tremendos bandazos segundo sexan os intereses das grandes corporacións económicas agroalimentarias. Primeiro unha política absolutamente intervencionista marcando cotas e agora por intereses das grandes superficies, das grandes corporacións económicas e de certos países claramente excedentarios do centro de Europa, sexa Francia, Alemaña, Dinamarca e Países Baixos, pasan absolutamente á política máis bárbara de libre competencia.

Xa está ben, póñanse a traballar, a actuar, actúen, e deben facelo xa porque nos estamos a xogar o futuro do campo galego.

A PRESIDENCIA: Pasamos á votación. Permanecen os puntos primeiro, segundo e cuarto como aparecen na proposta orixinal e o punto terceiro cambiarase pola transcripción literal da lectura que fixo o Sr. González Sagarra. Vótase a moción incluída a emenda.

Emenda formulada polo concelleiro Sr. González Sagarra, do Grupo Popular, durante o curso do debate:

Modificar o texto do apartado 3 no seguinte sentido:

Terceiro.- Instar ao Goberno do Estado e á xunta de Galicia a coordinar as actuacións necesarias para:

- a) Que os produtores teñan garantida a recollida do leite mediante contratos homologados coa industria.
- b) Dentro das posibilidades que permita a normativa comunitaria establecer axudas directas aos produtores de leite, para compensar o baixo prezo do leite en orixe -actualmente por debaixo do prezo de custo- en tanto non se recuperen os prezos de mercado.
- c) Realizar actuacións encamiñadas a continuidade da industria transformadora existente na Galicia e, en concreto, da planta de Pascual na provincia de Lugo.
- d) Situar a inter-profesional de leite INLAC en Galicia e impulsar acordos neste foro para ordenar os mercados do leite entre produtores e industria.

A presidencia somete a votación a moción formulada pola voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, xuntamente coa emenda formulada polo concelleiro do Grupo do PP, Sr. González Sagarra.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Instar ao goberno español a renegociar a actual asignación de cotas entre os distintos Estados membros da UE, de xeito que o aumento da cota se dirixa unicamente a aqueles Estados que teñen unha cota moi inferior ao seu consumo interno e nos que existen segmentos importantes de explotacións, como é o caso de Galicia, que necesitan máis cota para ser viábeis.

Segundo.- Instar ao Goberno español a propoñer na UE unha actuación decidida e concreta, para regular os mercados e garantir prezos aos produtores de leite, de xeito que se garanta a viabilidade do sector, do mesmo xeito que se actúa con outros sectores económicos.

Terceiro.- Instar ao Goberno do Estado e á xunta de Galicia a coordinar as actuacións necesarias para:

- a) Que os produtores teñan garantida a recollida do leite mediante contratos homologados coa industria.
- b) Dentro das posibilidades que permita a normativa comunitaria establecer axudas directas aos produtores de leite, para compensar o baixo prezo do leite en orixe -actualmente por debaixo do prezo de custo- en tanto non se recuperen os prezos de mercado.

- c) Realizar actuacións encamiñadas a continuidade da industria transformadora existente na Galicia e, en concreto, da planta de Pascual na provincia de Lugo.
- d) Situar a inter-profesional de leite INLAC en Galicia e impulsar acordos neste foro para ordenar os mercados do leite entre produtores e industria.

Cuarto.- Comunicar este acordo plenario ao Presidente do Goberno do Estado, ao Presidente da Xunta de Galiza, aos Grupos Parlamentarios do PP, do PSOE e do BNG no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.”

18.- (112).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A LINGUA GALEGA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091651, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Resulta evidente que o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. O respecto á legalidade vixente (Estatuto de Autonomía e Lei de Normalización Lingüística) e a implementación de cambios legais na dirección da igualdade e da convivencia semellan non ir na dirección daqueles que aínda poñen proa ao dereito fundamental para que o galego goce no seu territorio do mesmo status legal que o castelán no seu.

Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, por canto existen sectores -políticos e mediáticos- que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galiza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua.

Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: non só non gozamos dunha realidade que permita a existencia e normalidade dos usos do noso idioma no día a día, senón que ademais resulta evidente un proceso de confusiónismo que pretende rebaixar aínda máis o status xurídico do galego, partindo dunha situación de clara desigualdade e desvantaxe do galego fronte ao castelán, e que os únicos deberes para as administracións públicas queden referenciados ao uso do castelán. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas.

De feito, un contundente informe do Consello de Europa elaborado a finais do pasado ano, advertía que no noso País non se están a dar garantías para o uso normal do galego en sectores tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose de feito os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego. Tamén o Consello Escolar de Galiza, un informe sobre o galego no ensino, confirma unha clara desgaleguización do alumnado no seu tránsito da familia á escola, como consecuencia da desvantaxe do galego fronte ao

castelán no ámbito do sistema educativo.

Acreditamos que compete ao pobo galego, a través das súas institucións representativas, definir a política lingüística acorde co criterio de cooficialidade e de lingua propia que mesmo o actual Estatuto recoñece para o noso idioma; esixindo das institucións de autogoberno a defensa da igualdade plena de dereitos para o galego e a aplicación de medidas a favor da normalización dos seus usos.

Non obstante, estamos a escoitar declaracións de persoas con cargos de alta responsabilidade no novo Goberno Galego que supoñen un ataque contra do galego e mesmo poden supoñer un perigo de confrontación e de fractura social; á marxe de ir contra de acordos unánimes do Parlamento Galego, nomeadamente contra o recollido no artigo 5 do Estatuto de Autonomía, que sinala o galego como lingua propia de Galiza e a obriga dos poderes públicos de potenciala nos diferentes ámbitos de uso.

Por isto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno Galego a que cumpra as obrigas establecidas no Estatuto de Autonomía de Galiza, que no seu artigo 5º di: “A lingua propia de Galiza é o galego. Os poderes públicos de Galiza (...) potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

Segundo.- Como proba da vontade de volver ao consenso sobre a lingua galega instar ao Goberno Galego:

- a) A que non proceda á derogación do Decreto 124/2007, que desenvolve unha medida contemplada no Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galiza no ano 2004.
- b) A que non modifique a Lei 4/1988 da Función Pública de Galiza no referente a demostrar o coñecemento da lingua galega nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración Autonómica.

Terceiro.- Instar ao Goberno Galego a que promova a reforma do marco legal que posibilite a plena igualdade en dereitos e deberes do galego e o castelán, como fórmula para facer real a cooficialidade das dúas linguas.”

A Comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Presentamos esta moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre a lingua galega nun contexto determinado. Logo de anos lexislando no que atinxe á normalización da lingua galega, atopámonos agora mesmo nunha situación na que aparece unha nova filosofía lingüística que determina que a liberdade individual é un atributo que ten que nos permitir escoller

o idioma no que queiramos falar e actuar sen que os poderes públicos nos poidan impoñer a lingua que temos que utilizar en distintos eidos da nosa vida.

Por suposto, cando falamos de liberdade lingüística, de liberdade de elección de lingua estamos falando da elección entre o castelán e o galego, non estamos falando da liberdade lingüística para poder utilizar calquera lingua sexa cal sexa a lingua inicial, senón a liberdade lingüística para utilizar o castelán. Nomeadamente estase dando esa reivindicación en eidos como o ensino ou a función pública.

Nestas circunstancias temos que analizar realmente como se pode levar á práctica esta posición teórica de liberdade individual de escolla de lingua porque evidentemente a liberdade individual, como maior atributo do ser humano e da vida, abre nesta materia un discurso que seduce a todo o mundo como é normal, porque supoño que todo o mundo estará de acordo en que nada debe haber que coarte a capacidade de autodeterminación das persoas. Pero estas declaracións teóricas téñense que levar á práctica e entón comeza o debate sobre o ser e o deber ser.

Para escoller libremente, neste caso a lingua que queremos utilizar, castelán ou o galego, téñense que dar polo menos dúas condicións. Por unha banda parece obvio que para poder escoller unha ou outra lingua unha persoa ten que teren competencia nas dúas linguas, eu non podo escoller falar chinés porque non o sei falar, entón para escoller se falo galego ou castelán loxicamente terei que saber falar galego ou castelán.

Por outra banda ademais ten que haber unha liberdade de elección, é dicir, a persoa que escolla unha ou outra lingua ten que carecer de condicionantes, non se pode ver premida por prexuízos, por medo ás repercusións que poida ter utilizar unha ou outra lingua, é dicir, téñense que cumprir por unha banda condicións obxectivas, o puro coñecemento, e por outra banda condicións subxectivas. Agora mesmo, cando falamos das condicións obxectivas, se analizamos os resultados da política lingüística levada no ensino no noso país ata o de agora vemos que non se dan esas condicións obxectivas.

Os rapaces e rapazas do noso país rematan o ensino obrigatorio sen a capacidade todos e todas elas de expresarse ó mesmo nivel nunha e noutra lingua. Hai distintos estudos sociolingüísticos e mesmo do Consello Escolar de Galicia no que está representada toda a comunidade educativa que, por exemplo agora mesmo, demostran que o 100% do alumnado de 16 anos manifesta ter unha capacidade plena para manter unha conversa ou para ler en castelán, pero o 20% manifesta ter

serias dificultades para manter unha conversa ou para ler en galego. Ademais por informes do Consello de Europa sabemos que agora mesmo o sistema educativo en Galicia non proporciona esa capacidade para utilizar por igual o galego e o castelán ó remataren o ensino obrigatorio.

Por outra banda, se falamos das condicións subxectivas sabemos que tampouco existen. Todos coñecemos o termo diglosia, é dicir, o galego e o castelán non teñen o mesmo status, non se utilizan da mesma maneira en todos os eidos da comunicación e da nosa vida cotiá e ademais non se pode utilizar en moitos dos outros eidos. Sinxelamente temos que mirar ó noso arredor para veren moitos casos así; por exemplo, agora mesmo que comeza o verán queremos que os nosos fillos e fillas poidan facer os seus exercizos nos cadernos de repaso e non os hai en galego, queremos mercarlles un xogo novo para a Wii e non o podemos mercar en galego, queremos que vexan un filme en galego, queremos que vexan “Kika Superbruja” e non o poñen en ningún cine en galego. En determinados lugares realmente custa poder utilizar o galego para se desenvolver dunha maneira normal. Esta é unha situación que ninguén negou nunca, senón non sería necesario establecer políticas de normalización lingüística como as que se aprobaron por unanimidade ata agora nas administracións galegas.

Por tanto as administracións teñen que actuar en consecuencia. Non se dan nin as condicións obxectivas, nin as subxectivas para que se poida falar galego ou español e se faga un exercizo de dereito. Algo que é imprescindible para asinar un contrato non se dá agora mesmo para utilizar o galego ou o castelán, co que esa teoría de permitir a liberdade de expresión en galego ou en castelán vese totalmente negada pola propia realidade.

Neste caso o que teñen que facer as administracións son políticas de fomento cara á lingua galega que é a que se ve prexudicada. Isto non se pode cualificar de discriminación porque a Constitución española efectivamente prohibe a discriminación arbitraria, pero avala a interpretación de que hai que tratar igual o que é igual e desigual o que é desigual. A lingua galega e a castelá no noso país están nunha situación desigual e polo tanto hai que tratalas de maneira desigual segundo establece tamén a Constitución Española. O límite obviamente é que ambas linguas oficiais estean en igualdade de condicións.

Ata agora establecéronse políticas lingüísticas que non nos levaron a esa igualdade de condicións porque foron, tal e como as cualificou o actual secretario de Política

Lingüística, “políticas de baixa intensidade” e o resultado é a situación na que nos atopamos agora mesmo.

Fronte a estas políticas de baixa intensidade de promoción do uso do galego co novo goberno da Xunta, atopámonos con políticas de alta intensidade pero iso si, en contra da promoción do uso do galego. Atopámonos a proposta de derogación do coñecido como “Decreto do Ensino” que establece as políticas lingüísticas no ensino ou a xa efectiva modificación da Lei da función pública.

Por certo, a modificación desta Lei da función pública tramitouse polo procedemento de lectura única, o que supuxo que os parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego tivesen a oportunidade de expresarse sobre un tema de tal calibre só durante cinco minutos; unha soa intervención de cinco minutos no Parlamento Galego para falar da modificación da Lei da función pública. Iso si que é democracia e posibilidade de participar nas administracións públicas e no Parlamento de Galicia. Iso é o que estableceu o goberno do Partido Popular. Foi toda unha lección de democracia da que temos que aprender moito neste Pleno do Concello de Vigo.

Precisamente ademais se piden liberdades lingüísticas en dous eidos concretos que por definición son eidos nos que a liberdade está limitada: o ensino e a función pública. Está condicionada polo feito de que garantir os dereitos da cidadanía implica sempre deberes e especialmente por parte das administracións públicas. Se falamos do caso da Función Pública, o funcionariado é administración e polo tanto a súa liberdade está condicionada pola necesidade de que a súa acción garanta os dereitos da cidadanía.

Sempre existiron condicións para o acceso á Función Pública. O acceso á Función Pública pódelle esixir a unha persoa que acepte algo que en principio poida entenderse coma unha violación da súa intimidade, como someterse a unha análise de sangue para comprobar se consume algún tipo de droga ou alcol. Pois ben, para acceder á Función Pública unha persoa tense que someter, se así llo demanda a administración, a unha análise de sangue ou administración pode definir que para acceder á Función Pública haxa que medir máis de 1,70 m; ou a administración pode definir que para acceder a un posto determinado da Función Pública non se poida ter ningún tipo de defecto visual. Iso nunca se considerou eliminar ás persoas con capacidade. Unha persoa con moita capacidade para ser funcionario de prisións, por exemplo, pode ter que se someter a unha operación para eliminar a súa miopía e así poder participar na selección. O acceso á Función Pública sempre estivo e estará

condicionado polo feito de que o funcionariado é a administración e esta ten uns deberes que son garantir os dereitos da cidadanía. A Función Pública non pode ofrecer unha liberdade total para facer as probas como cada quen coide oportuno. Isto sempre foi así. Estamos falando polo tanto dun eido no que a liberdade está condicionada.

Outro eido é o ensino. O ensino tamén está condicionado, nel non hai unha liberdade total e xa non falemos de cuestións lingüísticas ou da Lei de normalización lingüística, falemos da Lei orgánica de educación que establece unha serie de cuestións que teñen que ser ofrecidas polas administracións, neste caso pola administración cando establece os currículos que non son unha cuestión de liberdade da cidadanía. No caso dos dereitos lingüísticos segundo a Lei orgánica as administracións teñen que garantir en primeiro lugar o coñecemento das linguas oficiais coas medidas que sexan necesarias; pero as que se tomaron ata agora evidentemente non chegaron. Ademais non existe un dereito de opción lingüística aínda que si existe unha obriga por parte das administracións de configurar os mecanismos de apoio necesarios para os estudantes que teñan necesidades específicas. Pero non hai dereito dos pais de opción lingüística.

Os poderes públicos establecen os currículos e iso está referendado ademais por sentenzas mesmo antigas, podemos falar de Sentenzas do 94 ou do 95 como de sentenzas recentes. En Galicia houbo recursos interpostos por pais que solicitaron o seu dereito á opción lingüística que se negaron polos tribunais; xa hai dúas sentenzas. É dicir, ninguén pode exercer o seu dereito a que os seus fillos e fillas sexan ignorantes ou analfabetos nunha das linguas oficiais porque no sistema educativo concorren os dereitos do funcionariado, dos nenos e nenas, dos pais e das nais, os dereitos da sociedade e a acción do Estado que está obrigada pola lei.

Aquí curiosamente a estas alturas o BNG atópase defendendo a Constitución Española, o Estatuto de Autonomía, a Lei de normalización lingüística, o Decreto do ensino que desenvolve a Lei de normalización lingüística, sacando sentenzas dos tribunais, fronte a aqueles que sempre nos acusaron de non apoiar a Constitución Española, etc. Aquí estamos lembrándolles ós defensores da Constitución que á Constitución española hai que respectala e aplicala nas leis que desenvolvan as cuestións lingüísticas. Tamén estamos defendendo a Carta Europea das linguas rexionais e minoritarias que se asinou por D. José M^a Aznar que tiña varias opcións para escoller e escolleu a opción máis comprometida. Na Carta das linguas

minoritarias dise: “Prever un ensino pre-escolar garantido nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes. Prever un ensino primario garantido nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes. Prever un ensino secundario garantido nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes. E prever un ensino técnico e profesional garantido nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes.”

Deseguido a concelleira do Grupo do BNG, Sr. Veloso Ríos, procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SRA. VELOSO RÍOS: A moción está asinada o 18 de xuño e por iso cómpre aclarar que o punto 2.b desgraciadamente chega tarde porque, utilizando ese procedemento de lectura única, aprobouse por vía de urxencia practicamente a modificación da Lei da función pública. Aínda así mantémolo para que poida constar o desacordo deste Pleno con esa modificación da Lei da función pública.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Atendendo a todo o que expuxo a compañeira do Bloque Nacionalista Galego e estando absolutamente de acordo, quixera engadir algunha apreciación máis.

Dende o cambio de goberno os que pertencemos ó ensino ou que temos a Concellería de Educación coma responsabilidade sentimos unha certa preocupación porque as queixas e a preocupación por non saber que vai pasar tamén chegan a esta Concellería de Educación.

Pregúntome por que é tan preocupante como se utiliza a palabra bilingüismo. Sabemos que o bilingüismo é a capacidade de falar en calquera circunstancia dúas linguas. Entendendo aquí en Galicia o bilingüismo como o uso do castelán e do galego, o Partido Popular cualificouno de “bilingüismo harmónico”, de “bilingüismo cordial” e eu creo que o bilingüismo non require de ningún tipo de adxectivo cualificativo. Existe ou non existe e a capacidade é ou non é de falar as dúas linguas en calquera situación e creo que o seu coñecemento ademais dun dereito é unha obriga.

No ensino temos unha gran preocupación porque nos aparece un problema: a lingua materna. Segundo a información que eu teño do CIS parece ser que o 50,3% da poboación ten como lingua materna o galego; o 24,2% ten o idioma propio de Galicia e o castelán, o que fai un 74,5% de idioma galego. Un 24,9% declara que ten como

primeira lingua ou lingua materna o castelán. Tendo en conta estas porcentaxes considero que a lingua materna predominante é a galega.

Logo temos a presentación a toda présa e á última hora do curso dunha enquisa nos centros educativos obrigando ó profesorado e ós directores dos centros a facerse cargo e responsabilizarse dela. Non sabemos se as respostas corresponden ó número de alumnos ou ó número de pais porque se a cada alumno lle entregaron a súa enquisa o pai pode responder tantas veces como fillos teña, por iso non sabemos moi ben como vai ser esa resposta, nin como se organizará o ensino de se poderen elixir o idioma tal e como propoñen dende o Partido Popular.

Os que vivimos no ensino sabemos perfectamente as carencias que ten e sobre todo en número de profesores, en espazos, en posibilidades de combinar os antollos das persoas que deciden que os seus fillos teñen que facer unha cousa ou a outra. Creo que lles corresponde ós poderes públicos absolutamente a responsabilidade do ensino, non é cuestión de que elixan os pais o que teñen que facer os rapaces nos centros educativos, ó igual que non poden elixir que medicina lle han dar cando vaian ó médico.

Por outra banda o horario da lingual galega, tal e como determina o Decreto 124/2007, este Decreto tan cuestionado polo Partido Popular, determina as horas pero non porque queira molestar a uns ou a outros ou porque queira máis a unha lingua que á outra. A min non me gusta dicir discriminación positiva senón accións positivas, pero enténdese mellor por discriminación positiva: a lingua galega non ten o mesmo tratamento nin a mesma consideración social que a lingua castelá. Polo tanto todo iso que se di de que vai desaparecer o castelán é algo absolutamente imposible porque todos os medios de comunicación en Galicia son en castelán, todas as cousas que se fan, sexan películas, comunicacións de todo tipo, todo é en castelán. Non hai polo tanto o menor risco de que desapareza o castelán, si pode que con tratamentos duros de desprestixio á lingua galega co tempo poida desaparecer, pero será por un traballo ben feito dende unha política que non corresponde facer.

A lingua galega e a castelá, as dúas xuntas, permiten que os resultados do informe PISA sexan mellores que os da media española, mesmo en inglés; en castelán son mellores que os da media española. Polo tanto algo debe ter o galego.

Iso de que o galego é inútil, de para que serve, iso que é tan manido por parte da maioría das persoas que non saben do seu valor, non é así porque nos permite entendérmonos con países como Portugal ou Brasil que contan con máis de 250

millóns de habitantes. Por outra banda coido que nos entendemos perfectamente con todas as linguas romances como o catalán, o italiano ou o francés con moita máis facilidade. Os únicos que realmente somos bilingües somos os galegos falantes, os demais se non o falan non é porque non o entendan, porque non son capaces, senón porque ó mellor non queren. Non hai un só galego que non poida entender ou falar galego, pode ser mellor ou peor pero todo o mundo entende o galego e os casteláns tamén o poden entender, non está tan afastado nin é tan difícil. Mesmo á hora de buscar algunhas palabras tamén as temos que buscar no propio castelán para saber o seu significado.

Con isto estou a dicir que estou apoiando a moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego porque o PSdeG.-PSOE tamén está de acordo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Esta é a miña primeira intervención neste mandato e quero dicir que hai exactamente dous anos asistín ó último Pleno do Concello e producíronse uns cambios nestes últimos anos. Agora goberna e preside este Pleno quen non gañou as eleccións, quen as perdeu; antes non era así. En segundo lugar, agora se limita e se censura a concelleiros e concelleiras da oposición, impídese por ese Alcalde (que non gañou as eleccións) que poidan exercer o control e fiscalización dos órganos municipais, a primeira función do Pleno segundo a Lei de bases do réxime local. É un retroceso democrático e unha mostra de autoritarismo. Xa sei que hai aquí algúns que semella teñan a patente da democracia pero eu fun elixido polos cidadáns de Vigo e polo tanto hoxe vou intervir e acusar desa censura neste Pleno.

Sra. Veloso, vostede é unha privilexiada porque pode presentar unha moción neste Pleno; as miñas compañeiras concelleiras do Partido Popular non poden, non teñen ese privilexio. Porque non a presenta vostede por teren un dereito, porque de teren ese dereito teríámolo todos os concelleiros e concelleiras. Presenta a moción porque ten un privilexio e cando alguén ten un privilexio é porque alguén é privilexiado e alguén discriminado. Este Alcalde, que non gañou as eleccións converteu os dereitos dos concelleiros en privilexios que concede ou non concede...

A PRESIDENCIA: Por favor, Sr. López-Chaves, este debate está dado xa suficientemente, cingase por favor á moción.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Gracias, Presidente, pero semella que un non pode falar

e vostedes aplauden e gaban esa actuación.

Vostedes empregan na moción a palabra esperpento. Por certo, semella que Valle Inclán non foi moi defendido nos últimos catro anos no goberno da Xunta de Galicia. A moción é esperpéntica, é un desatino.

Fala de Galiza e segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia o único nome oficial é Galicia, non existe outro nome, nin o Bloque pode cambiar o nome da nosa terra.

En segundo lugar, fala do artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia e vostedes sempre estiveron en contra do Estatuto de Autonomía de Galicia e por iso manipula o texto. No texto da moción dise algo que probablemente non coñeza: “A lingua propia de Galiza (outra vez) é o galego. Os poderes públicos de Galiza...”. Pero ese non é o texto do artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

O artigo 5 di: “A lingua propia de Galicia é o galego. Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e dos usar”. Ese é o texto do artigo 5. Vostede está manipulando, alterando e falsificando o texto do artigo 5.

Na moción insta ó goberno da Xunta de Galicia a modificar unha lei cando é o Parlamento quen modifica a lei. Pide non modificar unha lei que xa está modificada aínda que di que cando presentara a moción aínda non o estaba, pero non é certo porque xa se iniciara no Parlamento o día 2 de xuño, antes de presentar a moción, a modificación do texto lexislativo.

Por certo, a intervención do Bloque no Pleno do Parlamento realizouse en dúas ocasións, non nunha, e é un procedemento regulado polo Regulamento do Pleno do Parlamento que vostedes empregaron en varias ocasións e non só para modificar un artigo, senón para leis máis importantes.

Fala tamén na moción da igualdade de dereitos e de deberes do galego e do castelán pero non é así porque os únicos titulares de dereitos son os seres humanos. No artigo 14 da Constitución o dereito de igualdade predícase das persoas; Declaración Universal dos Dereitos humanos, os artigos 2 e 4 predícanse das persoas. Só a persoa, o ser humano é titular e suxeito de dereitos, ninguén máis.

A moción é un desatino pero o Bloque o que quere con ela é continuar coa política de inmersión e imposición. Vostede mesma falou agora e defende a imposición dunha lingua na nosa comunidade autónoma. É a continuación do conflito lingüístico que iniciou o goberno bipartito ó que os galegos e galegas dixeron non o día 1 de marzo.

O Partido Popular afirma que Galicia é unha comunidade bilingüe, defende a

liberdade de elixir e a promoción do galego. O galego non é patrimonio de ningún partido político, nin sequera do Bloque. Non se pode utilizar o galego como un instrumento da política nacionalista.

O Decreto de 2007 vaise modificar entre outras cousas porque o Consello Consultivo de Galicia, máximo órgano consultivo, afirmaba a ilegalidade dese decreto. A Lei de función pública xa se modificou para garantir o coñecemento do galego polos funcionarios e a liberdade lingüística. A Lei de ordenación do comercio, aquela que sancionaba ós comerciantes que non rotulaban en galego, non se vai tramitar. Rematou a imposición e iso foi o que dixeron os cidadáns e cidadás galegas e tamén os vigueses.

Agora hai unha nova modalidade, parece que segundo o Bloque non somos libres. O Bloque condiciona a liberdade, dá orixe a un novo tipo de dereito: o dereito fundamental condicionado. Non todos son titulares de dereitos fundamentais, só o son aqueles que decida o Bloque. Uns poderán exercer ese dereito en liberdade porque segundo o Bloque o poden exercer e outros non. Así non é porque os dereitos fundamentais non son condicionados. Para o PSOE o exercizo da liberdade é un capricho e un antollo. Imos ben.

O Decreto está recorrido, o único que non se admitiu foi a tramitación por un procedemento especial. Está recorrido aínda que os tribunais aínda non resolveron.

A Carta Europea de Dereitos Minoritarios como o Estatuto de Galicia non se pode manipular porque di: “Para os alumnos cuxas familias o desexen”. É o que di a Carta, está publicado; di máis: “...a provisión de medios que permitan aprender unha lingua rexional ou minoritaria ós non falantes que residan na área na que se empregue a devandita lingua se así o desexan”. Liberdade para elixir. Isto é o que di a Carta de linguas rexionais e minoritarias. Volvo a dicir: “cuxas familias o desexen”. Non se pode ler un texto e manipular e non completar a súa lectura.

Insisto en que a a modificación da Lei da función pública foi dúas veces ó Parlamento e por un procedemento de lectura única que vostedes empregaron para textos lexislativos máis extensos que un só artigo que se modificou.

Pero se o Bloque continua nesa concepción nacionalista de utilizar o galego como instrumento de imposición ideolóxica, no PSOE o Sr. Caballero está facendo o mesmo que o Sr. Touriño, para conseguir o poder (porque lembremos que non gañou as eleccións, perdeunas) cede a política lingüística ó Bloque. O mesmo fixo o Sr. Touriño e pasou o que pasou. O Sr. Caballero está pagando o prezo de seren Alcalde sen

gañar as eleccións, o prezo é ceder ós intentos de imposición lingüística do Bloque e faino en contra da vontade dos cidadáns.

Por iso non podemos condenar neste Pleno os ataques que unha veciña de Vigo sufriu este mes como consecuencia de activistas radicais, non podemos amosar a nosa solidariedade con ela, nin esixir que se respecten os seus dereitos porque o Alcalde censurou a posibilidade de que os Deputados do Partido Popular presentasen esa moción. A liberdade lingüística é a moeda que o Sr. Caballero está empregando para seren Alcalde sen gañar as eleccións. Os dereitos dos pais e das nais de Vigo a elixir a lingua vehicular dos seus fillos nas escolas é a moeda coa que se paga o goberno desta cidade. Fai o mesmo que o Sr. Touriño: o poder en troques de entregar os dereitos dos pais e das nais; é o prezo e as moedas coas que paga gobernar.

Pero o Sr. Touriño deuse de conta aínda que tarde e ademais a xente non o creu, dixo: “Nunca pasarei polo aro da imposición lingüística, porque as linguas nin se prohiben, nin se impoñen; ámanse, aprécianse e valóranse”. Estou totalmente de acordo pero o dixo ó final da lexislatura logo de consentir a actuación do Bloque. O Sr. Méndez Romeu tamén dixo logo das eleccións: “Non soubemos valorar o conflito da lingua que exacerbou ó mundo educativo e que reuniu cen mil firmas. Coido que o PP estivo sensible e escoitou á rúa para medir. Quedei aterrado cando unha manifestación pacífica de pais foi agredida por nacionalistas radicais, por certo, con pouca condena dalgún grupo parlamentario”. Fixo o mesmo que o Sr. Touriño, pero se deu conta tarde.

O PP non ten que pagar ningún prezo ó Bloque por gobernar e por iso vai votar en contra. Para nós a liberdade lingüística non é unha moeda de cambio como o é para o PSOE para poder gobernar, si o é para o Sr. Caballero e para o PSOE.

Un consello: non acendan a chama coas acusacións contra o Partido Popular. Coidado cos termos “carnicería”, “ataques” que están empregando. Vemos o que está pasando cando alguén lanza esas acusacións. Non acendan a chama que hai moita xente detrás e o que está pasando e o que aquí non podemos condenar está acontecendo na nosa cidade.

SRA. VELOSO RÍOS: “Non acendan a chama” dixo o pirómano porque aquí ó que estamos xogando é ó pirómano-bombeiro, é dicir, creamos un conflito para prometer en campaña electoral que o imos solucionar de chegaren ó goberno.

Hai unha serie de cuestións que dixo o Sr. López-Chaves neste Pleno que xa supoñía

que ía dicir porque tiven a oportunidade de debater con el en programas de TV e xa tiña sacado argumentos a ese respecto que realmente teñen moi pouca resposta porque estamos a outro nivel. Estamos cuestionando o sentir democrático de forzas políticas, estamos dicindo que o nacionalismo non se pode apropiarse da lingua, dio a mesma persoa que di que falar en galego é transmitir unha ideoloxía. Por favor, utilicen o galego para transmitir a súa ideoloxía, aprópiense do galego, canta máis xente nos apropiemos do galego máis posibilidades ten de sobrevivir, utilicen o galego tamén para transmitir a súa ideoloxía. Estou segura que non é incompatible porque ata agora moitas persoas militantes do seu partido utilizaron e seguen a utilizar o galego para transmitir a súa ideoloxía. Por que afirman agora que falar galego a un rapaz dun ano é transmitirle unha ideoloxía? Non sexan hipócritas porque de verdade que se contradín.

No noso país ata agora non existiu conflito lingüístico; curiosamente apareceu cando o Partido Popular deixou de gobernar na Xunta de Galicia. Noutras comunidades autónomas nas que hai dúas linguas oficiais este conflito, levado ós tribunais de xustiza, xa apareceu hai anos. Por exemplo no caso de Cataluña xa houbo varias cuestións relacionadas coa liberdade lingüística no ensino que se levaron ós tribunais e que xa foron sentenciadas polo Tribunal Constitucional e sinceramente creo que logo dos anos son perfectamente aplicables á situación actual en Galicia.

O Tribunal Constitucional establece que non é unha cuestión de horarios, senón de obxectivos a necesidade de aprender as dúas linguas nos sistemas educativos e ademais hai sentenzas que falan e reforzan precisamente que non hai dereitos de opción lingüística por parte dos pais e das nais. Vou pasar a ler algunhas partes de Sentenzas do Tribunal Constitucional e de verdade que sen as manipular porque non fai falla, de feito ata as vou ler en castelán porque eu non teño ningún problema en falar en galego ou en castelán porque como ben di a concelleira, Sra. López Atrio, os galego falantes si somos bilingües, si somos quen de expresármonos nas dúas linguas oficiais.

Hai unha Sentenza do Tribunal Constitucional de 1989 que di: “Non existiu ningunha lesión do dereito á educación garantido polo artigo 27 da Constitución Española pola moi sinxela razón de que ese dereito non inclúe como contido necesario o de opción lingüística como o recorrente pretende. Nin do contido do dereito constitucional á educación recoñecido no devandito precepto, nin tampouco en particular dos seus apartados 2, 5 e 7 despréndese o dereito a recibir o ensino en só unha das dúas

linguas cooficiais na comunidade autónoma a elección dos interesados.

O dereito de todos á educación, non cabe esquecelo, exércese no marco dun sistema educativo no que os poderes públicos, isto é, o Estado a través da lexislación básica e as comunidades autónomas no marco das súas competencias nesta materia, determinan os currículos dos distintos niveis, etapas, ciclos e graos de ensino, os ensinos mínimos e as concretas áreas ou materias obxecto de aprendizaxe, organizando así mesmo o seu desenvolvemento nos distintos centros docentes, polo que a educación constitúe en termos xerais unha actividade regrada. Ademais non se pode entender que o deber coñecer o castelán non supón un plus no sistema educativo e que é deber de coñecer as linguas cooficiais. A dignidade dos pais, das nais, dos rapaces e das rapazas non se ve atacada nunca por lles ofrecer máis coñecementos”.

É un absoluto delirio dicir que lles ofrecer máis coñecementos é atacar a dignidade das persoas e atacar a súa liberdade e de feito tamén o Tribunal Constitucional di: “Mal cabe entender que o deber xeral de coñecemento do castelán poida chegar entrañar o dereito a excluír o emprego do catalán como lingua docente”. Fala do catalán pero o mesmo pasa co galego.

Xa hai distinta xurisprudencia que apoia a necesidade de utilizar as dúas linguas cooficiais como linguas docentes para garantir o pleno coñecemento das dúas linguas que é o primeiro paso para a liberdade lingüística e sempre o defendemos en democracia, ademais sempre respectando a lexislación, respectando a Constitución, o Estatuto de Autonomía e as distintas leis das que nos dotamos.

SRA. LÓPEZ ATRIO: En vista de que é moi importante o contexto e o texto, voume remitir á lectura dun texto que corresponde a un artigo de Anxo Lorenzo, Secretario de Política Lingüística actual, que antes de seren nomeado, sendo digamos que afín á política do Partido Socialista dixo o seguinte:

“Estase a difundir a idea de que o modelo lingüístico de coexistencia entre galego e castelán está sendo substituído por un de imposición do galego sendo o goberno da Xunta de Galicia o responsable dese cambio.

A realidade parece apuntar noutras direccións. Por unha banda é o Partido Popular quen se está a separar do vieiro lingüístico consensuado nos anos 80 por motivos de estratexia partidaria: desgastar ó goberno e por outra o PP está en desacordo co contido da política lingüística actual diferente da que eles implementaron.

No primeiro aspecto o PP afástase do pacto lingüístico, supón unha novidade política

que cumprirá analizar con certo vagar nestes meses en que remata a actual lexislatura. O segundo aspecto: O PP está en desacordo coa política lingüística do goberno actual da Xunta de Galicia. Iso é absolutamente coherente dende a lóxica política.

O que podemos denominar como pacto, consenso ou acordo lingüístico confórmase mediante os contidos lingüísticos do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 e da Lei de normalización lingüística de 1983. Cales son ó noso entender as características principais deste pacto lingüístico? En primeiro lugar a cooficialidade. En segundo lugar, a declaración do galego como lingua propia. En terceiro lugar, a decisión de poñer en marcha un proceso institucional e social de normalización da lingua galega por se atopar esta en situación de desigualdade respecto do castelán. En cuarto lugar, o respecto polo principio de individualidade, que cada quen utilice a lingua da súa preferencia nas comunicacións non institucionalizadas.

Amparados nese pacto lingüístico os diferentes gobernos do Partido Popular aplicaron unha política lingüística de baixa intensidade. Os seus sinais de identidade en materia lingüística foron os de lexislar pouco, non desenvolver a planificación lingüística e non se preocuparen excesivamente porque se cumprisen as poucas normas lingüísticas que eles mesmos aprobaban. Foi en definitiva unha política lingüística inhibidora e de profundidade escasa na promoción da lingua galega.

A coartada ideolóxica para non facer máis chegoulles ós gobernos populares da man do bilingüismo harmónico, “constructo” ideolóxico de feble baseamento epistemolóxico que foi deseñado “ad hoc” para xustificar aquela política lingüística cutre.

Agora ben, bilingüismo harmónico é un “construto” partidista promovido exclusivamente polos gobernos fraguistas sen que en ningún caso formase parte do consenso lingüístico inicial.”

Podía seguir lendo este artigo que ademais corresponde ó pé da letra co que dixo no seu momento Anxo Lorenzo que agora forma parte do seu goberno e non sei co que estará de acordo, se co que agora están a promover ou se co que dixo no seu momento, antes de recibir o encargo.

Non debería haber problema co galego ou co castelán, sinxelamente darlle a cada quen o que lle corresponde. A igualdade entre galego e castelán en Galicia non existe e iso en detrimento do galego.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Non existiu conflito durante dezaseis anos, iniciouse cando se aprobou un decreto rachando o consenso lingüístico de todos os grupos parlamentarios que ata ese momento aprobaran por unanimidade todos os feitos relativos á lingua. Rachouse o consenso porque se aprobou por decretazo unha modificación non aceptada por todos os grupos parlamentarios, ademais foi un

decreto ilegal e insisto en que o Consello Consultivo de Galicia informou que o proxecto de decreto non era conforme a dereito. Malia isto aprobouse o decreto.

En canto ós cadernos de verán teño que dicir que hai algúns da editorial Anaya, só os hai que buscar. Tamén lle digo que nós somos bilingües, utilizamos o galego e o castelán. Teño aquí os resultados das eleccións autonómicas da provincia de Pontevedra, están pintados de azul os concellos onde gañou o Partido Popular e pódese ver que nos concellos do rural onde máis galego se fala son moitos máis os votantes do Partido Popular que falan galego que os do Bloque, entre outras cousas porque son moitos máis votantes. Son moitos máis os votantes que falan, escriben e viven en galego, como falan vostedes, do Partido Popular que do PSOE e do BNG.

Sra. Veloso, é difícil debater con alguén cando di que eu digo o que non dixeran. Insisto e repito que o Partido Popular defende que Galicia é unha comunidade bilingüe onde hai dúas linguas oficiais. Iso recólleo a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia. En segundo lugar liberdade para elixir e en terceiro lugar promoción da lingua galega e dende logo que está claro que o coñecemento do galego e o castelán se ten que ter ó remataren a etapa de educación obrigatoria, é unha obriga a de coñecer o galego e o castelán pero á parte diso os pais teñen que ter o dereito a elixir. Aquí se trata dun debate de liberdade, non de atacar ou defender o galego porque mesmo o Bloque nos reconece que todos promocionamos e defendemos o galego, defendemos que todos os nenos e nenas que rematen a educación obrigatoria teñan o dominio das dúas linguas, pero que os pais poidan elixir a lingua vehicular en que reciben o ensino os seus fillos, coa esixencia de coñecer as dúas.

Antes rían cando dicía: “carnicería”, “auténtico atentado”, “brutal ataque”, eses son os adxectivos que están empregando para se referir á actuación dun goberno democrático que levaba no seu programa electoral a modificación do decreto. Insisto en que non acendan a chama, non animen a ninguén. Hai que ter coidado cos termos. O termo “carnicería” empregouno o Partido Socialista no Parlamento.

Insístolle ó Partido Socialista que non sega sendo refén do Bloque, fórono durante catro anos de goberno da Xunta de Galicia; en troques de gobernar cederon a política lingüística ó partido minoritario, ó que menos representación tiña, ó que menos votos tiña dos cidadáns. Logo pasou o que pasou, ó final os cidadáns dixeran que non queren imposición lingüística, que queren liberdade.

Non hai ninguén neste Pleno que estea atacando ó galego. Iso non se pode poñer en boca de outros. O debate é outro, o debate é liberdade para elixir pero o Bloque iso

non o quere. Xa vimos que a liberdade é un dereito fundamental condicionado para o Bloque porque eles deciden que pode ou non exercela. Hai que cumprir certos requisitos? Non, os únicos requisitos son os que fixa a nosa Constitución e todos teñen dereito a esa liberdade.

Polo tanto o Partido Popular insiste en que como non ten que pagar ningunha moeda de cambio ó Bloque, por iso seguirá defendendo a liberdade, a promoción do galego e vai votar en contra desta moción e pídolle ó Partido Socialista que antes de que sexa tarde tamén adopte esa postura.

SRA. VELOSO RÍOS: Falamos de dereitos e de liberdade e semella a cuadratura do círculo: hai que garantir a competencia lingüística en galego e en castelán pero os pais poden decidir en que lingua se lles dan as clases ós fillos. Fala unha vez máis do informe do Consello Consultivo que como o seu propio nome indica é só un Consello Consultivo.

En troques eu léolle unha Sentenza do Tribunal Constitucional de 1994: “O dereito á educación que a Constitución garante non implica que a actividade prestacional dos poderes públicos nesta materia poida estar condicionada pola libre opción dos interesados na lingua docente e por iso os poderes públicos, o Estado e a Comunidade Autónoma, están facultados para determinar o emprego das dúas linguas que son cooficiais nunha comunidade autónoma como linguas de comunicación no ensino, de conformidade co reparto competencial en materia de educación.”

Para garantir a competencia lingüística nas dúas linguas non vai abondar con tres horas de galego en todo o ensino porque logo de todos estes anos iso xa o sabemos. O propio Conselleiro de Educación, D. Jesús Vázquez, dixo no Parlamento de Galicia que se ía encargarse de que se garantise a competencia lingüística en galego e en castelán dos alumnos e alumnas do noso país. Agora o que queremos é saber como, porque se podemos garantir a competencia lingüística non estudando galego, entón é que realmente estamos inventando algo. Como imos agrupar ós alumnos? Tamén queremos que nos digan se van separar os nenos e as nenas por exemplo polo idioma que utilicen. Con que recursos se vai facer todo isto? E postos a pedir liberdade, como nai tamén pido a liberdade de ter a gratuidade dos libros de texto. Moitas grazas.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PsdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa á lingua galega, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (113).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA A MEDIDAS DE TRÁFICO A TOMAR NAS RÚAS MARÍN, VILAGARCÍA E ESTRADA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091913, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“Dende que por parte do Goberno Central se inxectasen na Cidade de Vigo 52 millóns de euros procedentes do “Fondo Estatal de investimento local e fondo especial do estado para a Dinamización da Economía e o Emprego”, e este Concello o investise todo en humanizacións en lugar de ver as necesidades da cidade, todo foi un ir e vir de proxectos das rúas Marín, Vilagarcía e Estrada.

Respecto dos proxectos das rúas Marín, Vilagarcía e Estrada aprobados na Xunta de Goberno, non se pode saber con certeza se son os que teñen na súa posesión as empresas adxudicatarias das obras, ou ben son modificados aos que ningún cidadán afectado por as humanizacións ten acceso.

En distintas aparicións da concelleira correspondente cos afectados das humanizacións das rúas Marín, Vilagarcía e Estrada, realizou manifestacións nas que

indicou que o proxecto inicial tiña sido modificado.

Por todo isto, ou Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo para a súa aprobación.

- 1.- Que as rúas Marín, Vilagarcía e Estrada sexan de dous direccións.
- 2.- Que se manteñan os aparcadoiros existentes antes das realización das obras de humanizacións.”

A Comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Antes de comezar non quero deixar de dicir que moitas grazas, Sr. Alcalde, porque esta moción se presente neste Pleno porque hai moitos cidadáns interesados en escoitar o que vostedes opinan xa que dende o principio, dende que comezaron as humanizacións nas rúas Marín, Estrada e Vilagarcía, non foron escoitados debidamente como desexaban.

Dende que o goberno central inxectase cincuenta e dous millóns de euros no Plan de Fondo Estatal de Investimento Local e Fondo Espacial do Estado para a dinamización da economía e do emprego, este Concello dedicouse a realizar humanizacións en troques de preguntar cales eran as necesidades da cada zona da cidade de Vigo.

Pero ese non é verdadeiro problema, o problema xorde porque non hai ningún proxecto das humanizacións que se están realizando nas rúas Estrada, Vilagarcía e Marín. Dirán que iso é imposible posto que se aprobaría algún na correspondente Xunta de Goberno. Eu pódolles garantir que teño enriba da miña mesa tres proxectos distintos: novembro de 2008, xaneiro de 2009 modificados con lapis no lugar.

A problemática xorde cando non se sabe a que se fai referencia porque os primeiros proxectos eran de dúas direccións e non había ningún problema. Posteriormente pasouse a unha soa dirección, a beirarrúa amplíase, aumentanse as árbores, colócanse os colectores onde se quere sen pensar nos núcleos de poboación existentes nas distintas rúas e finalmente se poñen paradas de bus onde non corresponden. A isto fixeron referencia os representantes do colexio situado na rúa Estrada posto que os alumnos que asisten a este colexio teñen algún tipo de minusvalía e todos teñen que cruzar a rúa para poder ir ó colexio.

Por parte das persoas que forman parte das comunidades destas vivendas dise que teñen a resposta correcta para resolver o problema, que se diminúan na medida do posible as beirarrúas. Pero esta non é unha medida aleatoria porque a Sra. Abelairas

cando non me aprobou unha moción anterior, xa dicía que Coia ten unha superficie considerable de zona verde.

Coia ten zona verde, é distinta, ten outro tipo de construción, xa ten zona verde, as humanizacións xa están feitas, tan só habería que retomar a mellora das rúas. En principio non había melloras porque vostedes proxectaban lousas de formigón, pero logo se deron conta de que as lousas que precisa Coia son de granito e así tiveron que facer unha modificación. Pero todo isto foi despois, é dicir, vostedes actúan por impulsos.

Tamén temos unha gran problemática co tema relacionado cos aparcadoiros. A necesidade de aparcadoiros é primordial porque moitos edificios desa zona non teñen lugares para poder aparcar os vehículos e debido a esta circunstancia necesitamos o aparcadoiro correspondente.

Dirán vostedes que canto pide a xente de Coia. A xente de Coia só pide o que tivo e necesitou no seu momento e non se lle pode negar que aparquen os seus coches porque non os poden levar á casa.

Temos o problema do que se vai facer en Coia. Todo o mundo teno claro: humanizar, non sei o que pero se vai humanizar. Vanse reducir as rúas, pero traio aquí fotos das colas que hai cando se van recoller ós nenos só cunha vía. Pero o máis importante son os cidadáns e o que piden.

Sra. Abelairas, vostede falaba da democracia. A democracia está en recibir e escoitar á xente pero vostede o que fai é pasar por alí e logo di que xa os recibiu. Pero non é así, teño varias solicitudes de entrevistas das distintas comunidades, como por exemplo a do Camiño Vello de Coia pero vostede non lla concedeu. Xa que fala vostede tanto de democracia, non sei por que non concedeu esa entrevista pero maximo que porque non lle gustaría o que lle ían dicir.

Nas manifestacións que hai continuamente, os luns e os xoves, non hai grupos e se viñeron a min é por unha soa razón: porque vostedes non os escoitaron, nin vostedes nin o Bloque e tiveron que vir ó Partido Popular. Nestas manifestacións hai xente de todos os grupos pero o que non queren é levar o coche á súa casa porque non poden.

Están pedindo que teñan en conta que Coia é distinta, que ten unha avenida de Castelao preciosa, chea de verde, cuns paseos esplendorosos onde tamén existen xardíns, porque estou mostrando a foto da rúa Estrada, pero tamén podería mostrar a foto da rúa Vilagarcía, da rúa Marín onde hai verdadeiros parques e grandes

árbores, sen necesidade de colocar árbores máis pequenos onde xa hai árbores máis grandes, o que hai que facer é coidalas, tratalas, podalas (aproveito para dicir isto). Temos unha problemática forte na zona de Coia e por iso a xente pide que os carrís sexan dobres, pero tamén hai outra circunstancia que é que alí hai persoas maiores. Na rúa Padre Seixas hai un centro de saúde e se unha persoa está na rúa Vilagarcía ou na rúa Marín e quere ir en autobús cara á rúa Padre Seixas ten que coller dous autobuses, tense que desprazar directamente dende a rúa Marín, Vilagarcía ou rúa Estrada ás Travesas, á Praza de América, alí coller un autobús que a levará ata o centro de saúde. Déanse conta que aínda estando a menos de cen metros esa persoa ten que coller dous autobuses e pagalos se non ten a correspondente tarxeta. Aquí aproveito para dicir que a ver se dunha vez se coloca na lonxa, como dixo o Sr. Calviño, a correspondente expendedora de tarxetas de Vitrasa.

Está claro que necesitamos o dobre sentido e unha localización correcta do aparcadoiro para que poidan aparcas os vehículos da zona. Necesitamos que as humanizacións sexan acordes co contorno, Sra. Abelairas, porque é o máis importante e coa correspondente humanización pódese deixar perfectamente un dobre carril.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Comprendo que os cidadáns normais non teñen a obriga de coñecer algúns termos, propios dos concelleiros que debemos estar un pouco máis avezados. Esta moción asínaa o Sr. Martiño cando do que se fala é fundamentalmente de tráfico, pídense rúas de dúas direccións ou que se manteñan os aparcadoiros existentes e sen embargo non intervén quen normalmente o fai nos temas de tráfico e de seguro que do facer non diría “sexan de dúas direccións”. Os viais, as estradas teñen unha dirección e poden ter un ou dous sentidos, pero dirección teñen só unha. Pero, tranquilos que falaremos dos dous sentidos.

Tamén supoño que o Sr. Coello non presentará algo así porque dixo por activa e por pasiva millóns de veces, mesmo estando na oposición neste Pleno, que o Partido Popular é fervente partidario dos sentidos únicos porque melloran a seguridade, porque son fenomenais para ter menos accidentes, etc. Está moi claro, xa entendo por que esta moción non a presenta o Sr. Coello. Dáse a circunstancia de que eses viais dos que estamos a falar, que son moi importantes para os veciños, non son vías principais para a circulación. Vía principal é a avenida de Castelao, é obvio, pero estas vías son fundamentalmente de uso residencial, comercial, escolar e

evidentemente que o que nos ten que preocupar é que sexan vías humanas para os veciños que residen aí, para os que van facer as súas relacións comerciais, residentes, etc., iso é o que temos que defender.

Eses veciños saben perfectamente que por ter dous sentidos o transporte público neses viais en concreto tense atopado en ocasións moitos minutos paralizado precisamente porque hai unha situación de saturación

Saben perfectamente que eses viais estaban saturados. Hai dúas posibilidades para levar a cabo as humanizacións destas rúas e dende logo que os veciños, que seguro que dentro de cinco meses estarán encantados, non van atopar neste goberno cómplices para reducir zonas verdes o para poñer beirarrúas máis estreitas.

Hai dúas alternativas á hora de reestruturar unha sección, o ancho dunha rúa: ou eliminar un sentido da circulación, ou eliminar unha banda de aparcadoiro.

Comprendemos perfectamente a situación do aparcadoiro en Coia, sabemos como foron construídos eses edificios e por iso a opción de manter as prazas de aparcadoiro foi obvia, e non só mantelas con eses modificados, porque non só somos sensibles ó que desexan os veciños, senón tamén a aumentar o número de prazas de aparcadoiros e auméntanse 42 prazas.

O número de prazas está nos planos, son 42 prazas máis, pásase de 255 a 297 prazas. Pero o que é fundamental é que imos acadar unha circulación viaria moito mellor á parte de máis segura, un mellor funcionamento do autobús en canto a frecuencia e puntualidade porque é obvio que deste xeito evitaremos algúns atrancos que tiñamos con bastante frecuencia.

O fundamental é que esas rúas están absolutamente comunicadas dun xeito transversal coa avenida de Castelao, de xeito perpendicular coas rúas que mantemos en dobre dirección, como é a rúa Marín entre as rúas Vilagarcía e avenida de Castelao. O que estou dicindo está nos planos: dirección dobre, a rúa Marín entre Vilagarcía e avenida de Castelao e tamén sentido dobre a rúa Estrada entre Lalín e Castelao. Se vostedes non entenden iso non entenden nada.

A intervención do Sr. Calviño Rodríguez foi interrompida en varias ocasións por berros de persoas asistentes no salón de Plenos tendo que pedir silencio repetidamente a Presidencia.

Neste intre interrompe o uso da palabra do Sr. Calviño Rodríguez o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, téndolle que chamar a atención a Presidencia

varias veces, advertíndolle da posible interrupción do Pleno de seguir na súa actitude.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Todos lembramos o que aconteceu coa peonalización de Urzáiz na zona do Calvario onde, por certo, os veciños teñen que ir coller o autobús a Jenaro de la Fuente ou a outras vías moito máis lonxe e pregúntenlles agora ós veciños desa zona se queren que pase o autobús por esa rúa e xa verán vostedes como o entenderán perfectamente.

O exemplo que puxo o intervínte sobre o centro de saúde Padre Seixas non ten nin pés nin cabeza porque el mesmo di que estando a menos de cen metros teñen que coller dous autobuses. Primeiro, teñen que ir cara a avenida de Castelao para iren a Padre Seixas e para volver á súa casa coller o autobús que pasa por Padre Seixas e directamente os deixan na porta.

Dicir a maiores que ese non é o sentir da maioría dos veciños da rúa de Coia porque lles podo ensinar que dende que está funcionando o sistema de transporte neses viais por mor das obras, e así vai ser a situación definitiva, temos escritos felicitándonos por poñeren unha nova parada en Castelao con rúa Marín dicindo que é unha parada extraordinaria para a atención de todos os veciños desa zona de Coia. Cando queiran poden ver eses escritos onde entre outras está a firma do párroco da igrexa.

A PRESIDENCIA: Señoras e señores do público, ou rematan a interrupción ou remata o Pleno. Aquí non se interrompe. Sr. Martiño, ten a palabra. Inicie a súa intervención.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Imos tranquilizármonos todos un pouco Creo que O Sr. Calviño non se debería dirixir ás persoas que están aquí, senón ó concelleiro que presentou esta moción. O problema estivo aí porque do faceren así ó mellor evitaríamos a controversia. Sr. Calviño, está claro que vostede non ten moita idea do barrio de Coia.

Quero comezar dicindo en primeiro lugar que o meu compañeiro, Sr. Coello, non presentou esta moción por ningunha outra circunstancia, senón porque lle pedín que sendo da zona me permitise a min presentala.

Tamén gracias por facer a diferenciación das dúas direccións pero creo, Sr. Calviño, que vostede tampouco o ten moi claro porque en medio da súa intervención tamén

se lle escapou o termo e queda en peor situación ca min porque eu efectivamente non tiña eses coñecementos. Pero dá igual.

A referencia ó centro de saúde Padre Seixas denota que vostede non coñece a poboación que existe na zona de Coia. Na zona de Coia hai persoas maiores que non se poden desprazar camiñando case nin cen metros. Paréceme estupendo que lle deran os correspondentes parabéns por colocar unha parada de autobús, pero iso non quere dicir que estean de acordo co que vostede está facendo, só que esa parada facía falta.

Pero tamén fan falla outras cousas que vostede está obviando como un dobre sentido para que circulen os autobuses. Sr. Calviño, se pasease máis pola zona de Coia decatárase de que hai moita zona verde, moitos patios interiores, que toda a zona da avenida de Castelao xa é verde así que nese sentido non se precisa a ampliación, pero o que solicita a xente das rúas Marín, Estrada e Vilagarcía é a dobre dirección para poder coller o autobús.

Non hai que tratar da mesma forma a Coia que ó centro porque Coia ten o problema de que se vostede pon unha soa dirección e os autobuses circulan só pola avenida de Castelao, haberá persoas ás que case lles será imposible atravesar dende Castelao ata a rúa Estrada porque hai máis de 200 metros e mesmo hai lugares nos que nin sequera hai paso polo tanto terían que ir dar a volta ata Alcampo pola rúa O Grove. Teña vostede en conta que ás persoas maiores resúltalles difícil desprazarse. A mocidade si o pode facer, pero xustamente a poboación que hai en Coia nestes momentos non é moza, ten xa algo de idade.

O problema está en que vostede non entende a poboación que hai en Coia e por iso non sabe o que pide. Di que dentro de cinco meses estas persoas van estar contentas pero ese non é o problema, o problema está en que van facer cos seus vehículos, que van facer coas persoas maiores cando as teñan que levar ó centro de saúde, que van facer cando as persoas que queiran comprar teñan que dar toda a volta cun gran gasto de gasolina. Xustamente nesa zona hai dúas ou tres cafeterías, un quiosco que case está a piques de pechar debido a que o traxecto dirección cara á rúa Marín xa non se pode facer e a xente que lle compra agora é un 30% menos. A Cafetería Delicias atópase na mesma situación. Vostede non coñece iso porque non o ve ou non o quere ver.

Efectivamente hai unha zona da rúa Marín coa avenida de Castelao onde se cambiou ó dobre sentido, foi pola teimosía da xente que está aquí porque senón vostede non

faría nada. Nos proxectos, Sr. Calviño, está tamén nunha soa dirección a entrada a Castelao e iso cambiouse agora. O que está claro é que vostede descoñece a zona de Coia, ten que pasar máis por aí.

Como dicía había problemas nalgunhas ocasións cos autobuses, non de quince minutos como vostede di, pero o que lle podo garantir é que se se arranxan ben as beirarrúas e as zonas verdes por aí poderían circular perfectamente dous autobuses e mesmo aparcando os vehículos; hai zonas máis anchas e máis estreitas, pero o que si é certo é que aproveitando as circunstancias de Coia, os patios interiores e zonas verdes, pódese aproveitar esa conxuntura para ó mesmo tempo que se humaniza con zonas verdes e paseos, utilizar as vías da zona.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A opción está clara. Aquí estamos a falar de que sempre defendemos sentidos únicos para mellorar a seguridade e resulta que agora vaise polo contrario. Falamos de que temos que humanizar, ampliar as beirarrúas, etc., e o Partido Popular está defendendo aquí xusto o contrario.

É algo absolutamente normal, algo ó que nos teñen acostumados, pero dende logo que non van ter deste goberno a complicidade para facer unha cousa que coidamos que é enormemente negativa para a cidade. O futuro das cidades é sentidos únicos e mellor transporte público. Terán moi boas novas no seu momento respecto á mellora do transporte público no seu barrio porque estamos empeñados niso. Ese é o futuro das cidades.

Vostedes están defendendo a cuadratura do círculo porque o que é obvio é que o ancho, as seccións das rúas son as que son e non hai outra posibilidade. Optamos por manter as prazas de aparcadoiro mellorando as beirarrúas porque iso forma parte destas opcións políticas que temos nesta banda do Pleno que, por certo, é o que defenden normalmente os gobernos e mesmo os que dirixe o Partido Popular. Outra cousa é que vostedes teñan que estar á contra permanentemente, que tenten facer cousas como a que fixeron coa rúa Tui, estando daquela eu na oposición, porque o que fixeron vostedes cando eliminaron alí practicamente todas as prazas de aparcadoiro foi o que era daquela coherente porque estaban no goberno, porque querían unha mellor cidade. Non como agora que están á contra do goberno e impedíndolle que faga esta transformación da cidade que os vai deixar a vostedes por debaixo deses quince mil votos dos que falan tanto.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sr. Calviño, insisto novamente en que o Partido Popular non está en contra senón a favor das humanizacións, pero hai que ver en cada momento o que hai que facer, non hai que humanizar por humanizar, non o hai que facer ó tolo, non colocar lousas de formigón nunha rúa e logo cambiar ás de pedra porque interesa. Insístitolle en que Coia tamén quere e necesita as humanizacións pero atendendo ás necesidades dos distintos barrios. Non é humanizar por humanizar, non é só pintar no papel, o papel todo o suxeita pero non é o real, hai que estar en cada caso concreto e vostede non estivo.

Polo tanto vou solicitar unha vez máis que as rúas Marín, Vilagarcía e Estrada sexan de dobre sentido, que se manteñan os aparcadoiros existentes antes da realización das obras de humanización ou que aumenten o que sexa necesario para que os veciños teñan onde aparcar.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, relativa a medidas de tráfico a tomar nas rúas Marín, Vilagarcía e Estrada en Coia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (114).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO QUE O GOBERNO RECORTE OS PRAZOS DA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091919, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“A situación que a cidade de Vigo esta a vivir con relación a súa seguridade, atópase estancada pola falta de xestión, unha vez máis, do Goberno municipal.

Os anuncios reiterados de incrementar o número de efectos da Policía Local, non se está a cumprir. Dous anos de goberno e as promesas de incrementar o cadro en 100 novos axentes en catro anos é unha falacia.

Ata a data, os únicos novos 26 policía locais que xa exercen no seu posto de traballo, foron da oferta pública realizada polo goberno do PP no ano 2005.

O número de axentes da Policía Local que ten a cidade e actualmente de 346. Tendo en conta que o seu traballo se organiza en tres quendas; mañá, tarde e noite, as baixas laborais, as presenzas no xulgado, os policía destinados a seguridade do bi-goberno, e os condutores, sacamos a conclusión que Vigo ten un déficit moi importante no cadro da Policía.

Esta situación ten que ver coa paralización da oferta pública de emprego de Concello correspondente ó ano 2008 e que non poderá ofertarse no mellor dos casos ata primeiros de 2010.

Con esta previsión as persoas que acudan a oferta e superen a mesma, non poderán exercer a súa condición de funcionario ata o verán do próximo ano. Isto provocaría que continuásemos sen os axentes necesarios para manter a seguridade no noso municipio.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo a seguinte proposta:

Que a oferta pública de emprego recorte os prazos de demora da oferta pública de emprego.”

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez).

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Debido ás circunstancias que rodean ós 346 membros da Policía deste Concello que teñen diferentes funcións e diferentes mandatarios, sucede que ás veces nos atopamos cunha absoluta falla de efectivos. O Sr. Alcalde nas pertinentes eleccións indicou que ía aumentar en cen efectivos o

cadro de persoal da Policía Local, pero só se incorporaron as vinte e cinco persoas da Oferta de emprego público que o Partido Popular realizou no 2005, vinte e cinco que vostedes venderon como se pertencesen a eses cen efectivos prometidos pero non é así.

O 4 de agosto de 2008 o goberno municipal aprobou a Relación de postos de traballo o que tería que levar a presentar o máis axiña a Oferta de Emprego Público.

O meu partido presentou unha moción pola que se solicitaba ós distintos grupos deste goberno que fixeran o posible para garantir a legalidade e maior privacidade nas probas. Esta moción rexeitouse polo goberno, votaron en contra tanto o BNG como o Partido Socialista.

Posteriormente, o 17 de outubro presentamos outra moción instando que de xeito inmediato se realizase a correspondente Oferta de Emprego Público. O Sr. López Font indicou daquela que era unha moción oportunista politicamente porque, segundo el, xa sabiamos que a Oferta de Emprego Público se ía publicar en datas próximas e segundo o establecido no Estatuto Básico do Emprego Público. Isto foi no Pleno do 17.10.08 e non entendo, se xa se ía realizar, como aínda non se fixo. Nós estamos de continuo presentando esta moción porque coidamos que é importante para evitar que haxa máis paro do existente.

Como todo o mundo está presentando hemeroteca eu vou facer o mesmo. O mércores, 16 de xaneiro de 2008, o Sr. López Font dicía: “Sacamos 136 prazas, ampliamos o cadro de persoal de 2009 de forma ambiciosa. Os exames rematarán en decembro. A nova oferta no 2008”. Posteriormente, o 5 de agosto dicía: “O Concello cubrirá na próxima oferta de emprego 147 prazas”. Xa aumentamos de 136 a 147 prazas. “O edil confía que o proceso quede resolto no prazo dun mes e que se convoquen as oposicións a finais deste mesmo verán. A maior parte dos exames deberían realizarse este ano”. Estamos a falar de agosto de 2008.

O mesmo mes pero xa noutra rolda di: “O goberno local oferta 150 prazas”. Xa subimos de 147 a 150 prazas, cada vez que fala coloca máis oferta pública. “Abel Caballero informou onte de que a Xunta de Goberno Local aprobou a Relación de Postos de Traballo”. O 11 de decembro de 2008 di: “As oposicións municipais inclúen 156 prazas”. Xa subimos de 150 a 156 prazas. “Os exames arrancan en marzo. A Policía reforzarase con vinte e cinco axentes e aumentaranse 17 bombeiros”. Nesta nova xa indican que a convocatoria desas 156 prazas deberá aprobarse en xaneiro e fálase dos tribunais. “A previsión de Persoal é comezar en marzo para rematar catro

meses despois". É dicir, estamos xustamente a finais de xuño e xa en marzo deberían ter rematado os exames para estar traballando os novos funcionarios a finais de setembro.

Outra nova con data o 3 de xaneiro de 2009 di: "A oferta pública do Concello sacará a concurso 159 prazas". Comezamos con 136 prazas, seguimos con 147, 150, 156 e rematamos con 159 prazas. A verdade é que eu xa non teño claro canta oferta pública van sacar, se van ser 159 ou 136, pero o que está claro é que están vostedes constantemente mentindo tanto á cidadanía coma a este partido da oposición.

O compromiso era o de sacar 100 prazas de policía nesta lexislatura e ata o momento non se incorporou nin un só, porque os vinte e cinco que en moitas ocasións vostedes se atribúen corresponden á Oferta Pública de 2005.

Entendo que como estamos en 2009 será complicado que antes de 2010 se incorporen os novos funcionarios. Entón si se poderán incorporar os 25 policía pero quedarán 75. Se en tres anos só puideron sacar 25 prazas de policía difícil me parece que poidan sacar algunha máis e polo tanto as promesas do Alcalde son mentiras e digo esta palabra porque me parece a axeitada para a situación.

Cando nos atopamos cun paro de 26.135 persoas é necesario cumprir o plan de emprego que o Alcalde no seu momento indicou, estas prazas deberían saír a concurso, dá igual que 137, 139 ou 150, pero se necesita que saian a concurso para que algunhas familias poidan obter un salario e así respirar.

Solicitamos polo tanto que se convoque a oferta de emprego público no Concello de Vigo o máis axiña posible.

SR. LÓPEZ FONT: Resulta sorprendente que se refira a determinado número de prazas cando vostede sabe perfectamente cando está publicada a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo.

En relación coa moción presentada instando ó goberno para que a oferta de emprego non sufra máis demora, ante todo teño que sinalar que a tal oferta de emprego elaborouse durante a vixencia dos orzamentos municipais do ano 2008, negociada coa representación sindical dos traballadores nas mesas xerais de negociación e finalmente aprobada pola Xunta de Goberno Local o 30 de decembro do ano 2008, parece mentira que vostede o descoñeza. Todo, Sr. Martiño, dentro do mesmo ano. Logo explicareille por que poño énfase en que todo se desenvolveu dentro do mesmo ano aínda que sei que xa o sabe vostede e omitiuno aquí.

Cumprindo os requisitos de publicidade, o acordo da Xunta de Goberno Local publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 10 de febreiro de 2009, así como no Diario Oficial de Galicia o día 19 de febreiro de 2009. Como saben, ou deberían saber, esta oferta de emprego público integra 159 prazas porque no momento de convocala utilizamos o máximo das prazas que se podían convocar, por iso hai unha serie de disfuncións nos números da proposta tal e como se ían producindo as vacantes, das que 110 corresponden a prazas de persoal funcionario e 49 de persoal laboral, reservándose o 5%, é dicir, 8 prazas, para persoas con discapacidade física ou psíquica, cuestión que vostede presentou nunha moción. Por iso faláballe de oportunismo político porque sabía perfectamente como se estaba elaborando isto e coñecía a documentación por seren presentada ós sindicatos.

Débolle dicir que a vixente Relación de Postos de Traballo, non é como di vostede aquí, é a aprobada pola Xunta de Goberno Local o 29 de xaneiro do ano 2009 a fin de axustar as retribucións do persoal fixadas na anterior RPT ós vixentes orzamentos municipais para este ano 2009, esa si foi aprobada o 4 de agosto de 2008 e á que fai vostede referencia. De xeito que se pode afirmar que se deu cumprimento ás esixencias en materia de función pública, en concreto á obriga das administracións públicas de xestionar os efectivos ó seu cargo e de planificar a actividade profesional dos mesmos mediante a aprobación das ofertas de emprego público ou instrumentos similares, tal e como dispón o artigo 70 do Estatuto Básico do Emprego Público que establece un prazo de tres anos para a completa execución das ofertas de emprego.

É intención deste goberno que a Oferta de Emprego se execute dentro deste ano 2009 e dicíalle anteriormente a data na que se aprobou, estando á data pendentes de confección as bases xerais e específicas da convocatoria que, como vostede sabe, constitúe un proceso detallado de carácter técnico e xurídico que se está realizando polos funcionarios correspondentes, prestando especial atención á revisión e actualización dos temarios, á elaboración doutros novos para as novas prazas que se poidan ofertar, así como á previsión de todos os medios humanos e materiais que poidan ser necesarios para garantir o acceso e realización das probas selectivas das persoas con discapacidade nas debidas condicións de igualdade cos restantes aspirantes, previndo ademais a infraestrutura necesaria para que os procesos selectivos se desenvolvan axeitadamente.

Ademais é recomendable e necesario o traballo en harmonía coa representación sindical dos traballadores en relación ás suxestións que a este respecto puidesen ter,

S.Ordinaria 29.06.09

en especial con relación ás prazas reservadas para a promoción interna que a administración está obrigada a promover e fomentar e nas que tamén se preveu a reserva do 25% na Lei de función pública.

En todo o que lle dixen ata o momento se concreta a transparencia que vostedes demandan na moción presentada, a diferenza do sucedido na execución da anterior Oferta de Emprego Público realizada no Concello de Vigo que vostedes aprobaron o 13 de xuño do ano 2005 en Xunta de Goberno, non publicando as bases específicas ata o 27 de marzo do ano 2006, é dicir, case un ano máis tarde, cunha corrección de erros aínda o 3 de abril do mesmo ano. Pero o peor está por chegaren porque non impulsaron a execución desta Oferta ata o ano seguinte, publicando o anuncio das listas provisionais de admitidos ou excluídos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 29 de marzo de 2007.

Só foron capaces en catro anos de facer unha Oferta de Emprego Público, aprobárona o 13 de xuño do ano 2005 e non convocaron a Oferta de Emprego nin publicaron as listas provisionais ata o 29 de marzo de 2007, que casualidade, cando as eleccións municipais eran en maio de 2007. É verdade que neses momentos, dous anos despois, publicaron os tribunais, as datas e lugares de realización e iniciaron a realización dos procesos selectivos uns días máis tarde, en torno ó 24 de abril, concentrando a execución de toda a oferta precipitadamente nos días previos ás eleccións municipais do ano 2007 con todos os tribunais e comisións de selección funcionando á vez.

É evidente, Sr. Martiño, como pode comprobar, que esta vez na Oferta de Emprego planificámonos e organizámonos. A diferenza é que este ano a Oferta de Emprego Público realizárase dentro dos prazos legais e sobre todo e o máis importante é que os cidadáns saberán certamente o prazo que ten o Concello de Vigo para iniciar e rematar os procesos de selección coas garantías necesarias.

Como é posible que sexa quen de presumir de prazas de policía locais convocadas polo anterior goberno se a Oferta de Emprego que convocaron vostedes no 2005, na que estaba ese número de policía locais ós que se refire, tivo que rematar o proceso selectivo este goberno no ano 2007? Si, Sr. Martiño, por moito que ría isto é así.

A diferenza é que este goberno está desenvolvendo a Oferta de Emprego do 2008, aprobou os Orzamentos de 2009 e convocará a Oferta de Emprego de 2009 e tamén se convocará tamén a Oferta de Emprego do 2010.

Eu comprendo que vostedes teñan moita presa porque as eleccións municipais se

realicen, pero lles lembro que se realizarán en maio de 2011. Polo tanto os compromisos que tiña este goberno sobre creación de prazas cumpriranse, non se preocupe. Estamos dentro das marxes legais que establece a lei, cousa moi diferente da que fixeron vostedes.

É increíble que se poida facer o discurso que fixo vostede de mestura coa situación de desemprego que hai nestes momentos cando a ineficacia do anterior goberno levou a que única e exclusivamente en catro anos se creasen un número mínimo de prazas no Concello de Vigo, fixeran a Oferta de Emprego Público con todo o oportunismo e, dado que semella que lle preocupan moito os cidadáns, os cidadáns opositores presentábanse un día á convocatoria de auxiliares, ó día seguinte á de administrativos e ó seguinte á de subalternos sinxelamente polo seu interese de que en tres meses estivese todo concentrado e semellase que vostedes crearon emprego público no Concello de Vigo.

Dado que se refire en concreto á Policía Local, téñolle que dicir que se algún goberno fixo algo pola Policía Local é este goberno. Se algún goberno adaptou en mellores condicións as súas propias condicións de traballo, é este goberno. Se un goberno adaptou a situación dos policías locais á Lei de seguridade de Galicia, é este goberno e se un goberno empregou o maior número de xornadas anuais de dispoñibilidade para paliar o déficit do cadro de persoal que hai dende hai moitos anos, foi este goberno.

Polo tanto transparencia, preocupación polo emprego público, porque o hai que facer dentro da legalidade e especial preocupación polo Corpo de policías e bombeiros polos que vostedes non amosaron ningunha sensibilidade.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sr. López Font, observei que hoxe se lles dá a todos por ler. Gustoume o informe que fixo o funcionario, foi excelente, gustoume como o leu, nun ton tranquilo, porque se non o le vostede sae por outras bandas. Eu pensei que non o ía ler e como xa sei o que me adoita vostede contestar ía eu noutro sentido, pero como esta vez contestou por vostede un funcionario que é quen lle fixo o correspondente informe para o ler e ademais o leu vostede moi ben, paréceme moi ben todo o que dixo.

Todos nós cumprimos anos e cando chega certa idade, chega a xubilación prevese; se alguén se vai xubilar xa sabemos cando, entón non hai que falar primeiro de 135 prazas, logo de 150 e despois de 159. Cando queiramos sacar a Oferta de Emprego

Público xa temos que saberen cantas persoas se van xubilar. Xa lle digo Sr. López Font que cada quen é dono do que cala e prisioneiro do que fala. O seu maior problema é que fala demasiado porque xa o 16 de xaneiro de 2008 dixo vostede: "...e os opositores remataron os exames. A nova Oferta publicarase en 2008"; estou lendo o "Faro de Vigo" do 16 de xaneiro de 2008. Claro que como vía tan lonxe o remate de 2008 dicía: "...a nova Oferta é para cumprila no 2008". A verba cumprir significa facer.

Vostede fala moito dos sindicatos e a min paréceme estupendo que se leve ben cos sindicatos. Aínda que eu tamén me informo, coido que vostede ás veces pensa que sei máis do que sei pero iso tamén me facilita as cousas. Vostede acusaba ó meu compañeiro, Sr. Figueroa, de moitas cousas, de navalleiro ou algo así, eu vouno acusar a vostede de chantaxista; dígollo por unha Acta da Mesa de Negociación do 7 de abril de 2009 onde se di: "O Concelleiro está disposto a aceptar a proposta dos sindicatos ... sempre e cando acepten unha proposta de adecuación retributiva de cinco postos". Non quero entrar no fondo do asunto, tan só dicir que iso está escrito; vostede chantaxea dicindo que acepta a proposta dos sindicatos sempre e cando accedan ó pedimento retributivo destes cinco postos.

Sr. López Font, o que está vostede facendo é unha política de clientelismo porque non sei con que sindicato falará pero un deles di que "...entran e saen do despacho do concelleiro contemplados por todos. Por que? Cando?..." É dicir, a tan importante paz social aquí está dalgún xeito vulnerada. Vostede ri. Á verdade é que se alguén me acusase a min disto non riría senón que me preocuparía.

Dígolle algo máis: Sei o que ten vostede nun caixón. Ten vostede gardado un expediente moi importante no que hai funcionarios implicados. Un xefe dun departamento acorda unhas remuneracións e vostede garda o expediente porque non o quere facer, ese clientelismo non o leva ao impulsar. Seguro que vostede sabe ben de que estou falando.

Hai unha cousa clara, Sr. López Font, vostede aproboume e rexeitoume mocións, dixo que non entendía as miñas mocións, as da miña compañeira, Sra. Larriba. Non sei se vostede quere facerse o inocente dicíndose descoñecedor, o que si está claro é que vostede comprende o que eu lle poño en cada moción pero o que tenta é evitar ese enfrontamento dicindo que non entende o que poño ou o que é.

Sr. López Font, o que non pode é crear clientelismos nas ofertas de emprego, cos sindicatos ou cos funcionarios desta casa porque dalgún xeito está limitando a

moitas persoas. Vostede rexeitoume mocións, impediu que esas mocións se executasen dicindo que non as entendía. Temos por exemplo unha sobre o “Plan Concilia” que non aprobou neste Pleno pero que logo aplicou vostede sen ningún tipo de dilación.

O oportunismo non se propón, senón que xorde.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Martiño, non ofende quen quere. Iniciamos esta mañá o Pleno cun tema suficientemente desagradable que os retrata a vostedes e continua pola mesmo camiño. Eu podo vir ó Pleno cos escritos que confeccione eu ou cos que me confeccionen os meus asesores; iso pódoo facer eu, vostede ou calquera. Espía vostede os papeis que eu utilizo para chegaren aquí coa afirmación de que mos fixo un funcionario? A verdade é que iso o deixa a vostede en moi mal lugar. Eu non sei a quen pretende menosprezar, se ó funcionario por me preparar un papel no suposto de preparalo ou a min polo ler.

Vostede ten que saber que para saír, publicar e ser aprobada a Oferta de Emprego pola Xunta de Goberno necesítase aprobar a Relación de Postos de Traballo; dío na súa moción: “O 4 de agosto de 2008 apróbbase a Relación de Postos de Traballo”, polo tanto non pode estar aprobada anteriormente a Oferta de Emprego.

Cando queira dicir cousas concretas sobre a miña actividade coma concelleiro dígolle o mesmo que ó seu voceiro, ou as di aquí claramente e menciona ó que se refire e en todo caso do que me acusa, ou é mellor que cale porque esa práctica a min non me vale. Esa práctica que usa o Sr. Figueroa dicindo que se hai unha factura, que se fixemos tal cousa..., repítolle a vostede o mesmo; se di algo en concreto demóstremo.

Eu non son ningún chantaxistanin me sinto insultado porque vostede me diga iso. Todos os procesos de negociación que fixen cos sindicatos están en acta pública que vostede precisamente pode mostrar hoxe. Dáse conta vostede do que está chamando a aqueles que acordaron comigo o que eu lles propuxen? Iso é o que vostede omite. Estase dando conta vostede de que está chamando ós catro sindicatos desta Corporación chantaxeados? Vostede nin sequera é consciente do que di. Con tal de ir politicamente contra o Alcalde e contra min neste caso concreto, non ten idea da magnitude do que está dicindo.

Sr. Martiño, eu negocio con luz e taquígrafos, cousa que non facía o concelleiro anterior, Sr. Guerra. Pódenlle dicir os sindicatos que este goberno asumiu un proceso

de valoración de postos de traballo do que o Sr. Guerra non fixo ningunha acta. Esa era a forma de negociar do goberno anterior. Ogallá a Consellería de Traballo no conflito tan importante que temos nesta cidade tivese unha conselleira ou un presidente de goberno da Xunta de Galicia que se soubera sentar a negociar como me sento eu e dígoo modestamente. Eu en absoluto fago clientelismo. Cando di iso tamén está acusando ós sindicatos que representan ós traballadores deste Concello de que se pregan a unha política miña de clientelismo.

Non me pode demostrar absolutamente nada porque non participei en ningún tribunal, porque non din instrucións sobre ningún tribunal nin nada polo estilo, todo o que acordei cos sindicatos, Sr. Martiño, é público e transparente e pode ir aínda ó despacho por buscaren as actas de negociación que lle falten.

Cando un se senta a negociar e quere que ese sexa un proceso transparente utilízase esa linguaxe, cousa que tamén fan os sindicatos. Efectivamente faise unha proposta en troques doutra e acórdase unha cousa en troques doutra. Insístolle en que ogallá o goberno da Xunta o soubera facer.

Como lamentablemente non teño a quenda para rematar xa lle digo que a diferenza é evidente: O goberno da Sra. Porro fixo unha Oferta de Emprego mal, tarde, en pésimas condicións e só coa intención electoral de sacala; sen transparencia. Pola contra nós sacaremos as catro ofertas de emprego público, cumpriremos cos nosos compromisos e aínda que nalgunha parte poida haber algún atraso, é todo produto do noso interese por cumprir coa legalidade, cousa que vostedes non fixeron nin por asomo.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sr. López Font, cando di que é o xeito de negociar déixame perplexo, se vostede coida que ese é unha linguaxe de negociación paréceme ben; a min paréceme que está fóra de lugar e de contexto e sobre todo coa chantaxe para beneficiar a cinco postos, se fose para beneficiar a moitos máis poderíao entender pero son cinco. Non entendo como vostede ten a “cara política” de dicir iso. Os sindicatos están para defender os intereses dos traballadores e semella que vostede está para defender os intereses do clientelismo.

Acúsanos vostede de realizar unha soa oferta de emprego. Como ben dixo vostede a oferta de emprego sae co orzamento. O noso orzamento foi prorrogado de 2005, só tivemos un porque vostedes só aprobaron un orzamento entón obviamente non puidemos sacar outra oferta de emprego público. Así que pense quen ten a culpa, se

nós ou vostedes. O que está claro é que quen impediu que saíra o orzamento e a oferta foron vostedes porque non o aprobaron.

Logo de todo o que dixo volvín quedar perplexo porque non é que eu estea detrás de vostede, é que máis ou menos sei da maneira que ten de expoñer as cousas e así cando vostede non me fala nin de Javier Guerra, nin de Corina Porro sei que a resposta non a fixo vostede. Como vostede falou tan tecnicamente por iso pensei que o informe de resposta o preparara o funcionario. Por suposto quen defende ó funcionario son eu, vostede só lle bota a culpa de asinar en van como fai algún concelleiro nalgunhas ocasións. Eu defendo os funcionarios, outros os acusan.

Considero que é importante que saque a Oferta de Emprego Público. Insisto en dicir que un é escravo do que di e vostede éo porque no 2008 dicía que ía sacar xa a oferta pública.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, instando que o Goberno recorte os prazos da Oferta pública de emprego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (115).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO SE CONCEDAN AS LICENZAS ÓS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DENTRO DO PRAZO LEGAL QUE ESTABLECE A LEI 30/92.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091922, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“Con motivo das obras desta cidade moitos dos comerciantes, que por sorte aínda non pecharon, solicitan a este Concello licenzas para a realización das obras de acondicionamento dos seus locais, aproveitando a escasa afluencia de clientela, ven este momento propicio para desenvolver dita obra. Estas licenzas en lugar de concedelas como estipula a Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, nun período de 3 meses, eternízanse no tempo, pola escasa dirección política que temos nesta cidade.

O mesmo pasa cos novos emprendedores xa que ven como a solicitude das licenzas para a realización do acondicionamento dos seus locais e apertura se eterniza no tempo.

Por todo isto, ou Grupo Municipal do Partido Popular propón ou Pleno dá Corporación do Concello de Vigo para a súa aprobación:

Que se concedan as licenzas dentro do prazo legal que establece a Lei 30/92 para evitar mais agravios aos comerciantes desta cidade.”

A Comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

O concelleiro Sr. Fidalgo Iglesias, procede a ler o texto da moción presentada polo concelleiro Sr. Martiño Gómez que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. MARIÑO MENDOZA: Anunciar en primeiro lugar que por suposto imos votar a favor desta moción, como non pode ser doutro xeito porque este goberno se compromete a que todos os expedientes estean resoltos o máis axiña posible, xa sexan licenzas de actividade como de obra, porque o que si é certo é que na súa moción noto en falla as licenzas de obra que son necesarias para logo poder conceder esa licenza de actividade no 99% dos casos.

Fala tamén na súa moción de que moitos locais pecharon por mor das obras. A min gustaríame saber cales son eses locais porque os descoñecemos. Constantemente fan referencia a eles pero a verdade é que coido que os motivos polos que pecha un local comercial son calquera outro menos que se estea humanizando unha determinada rúa; pero de seren así gustaríame coñecer cal é ese listado de comercios que pechan por mor das obras ó que se refiren constantemente vostedes. Tamén me gustaría facer un pouco de memoria porque me sorprende que o Partido Popular nos presente esta moción xa que nos dous últimos anos do seu mandato nesta cidade, as licenzas de actividade recibían o seu prace un ano máis tarde que cando chegaron á Concellería de Urbanismo.

Non me sorprende que isto non lles preocupe demasiado porque o que queda claro é que a vostedes lles daba exactamente igual se os locais se abrían con ou sen licenza, dáballes exactamente igual que os expedientes tardaran dous ou cinco anos porque non facían absolutamente nada para que os locais cumprisen coas normativas e non

xurdisen incidentes en locais que non estaban adaptados ou non cumprían. O sinxelo feito de que un expediente se inicie non significa que cumpra e polo tanto hai que esperar á revisión e á actualización, como ben di a normativa, para poder abrir.

Como claro exemplo de todo iso busquei unha das últimas actas do Consello da Xerencia do seu goberno pola que ve que lles deu máis que tempo sobrado para cumprir eses prazos que estipula a lei. Entre os tres primeiros expedientes, o 29117/422 tardou nada máis e nada menos que 23 meses. O 27339/422, 36 meses e o 28634/422, 26 meses. Aínda é peor a situación porque estes dous últimos son centros de ensino. Iso é o que a vostedes lles importaban as licenzas de actividade no seu día.

O problema que existe agora coas licenzas de actividade é que este goberno si está traballando para que os locais abran con licenza, axilizando ó máximo todo o procedemento e todos os expedientes para que poidan abrir con todas as licenzas e contar con toda a seguridade para os cidadáns. A vostedes isto dáballes exactamente igual.

A Lei á que fan referencia na súa moción di máis cousas porque cando marca os prazos no artigo 45 e fala de “incorporación de medios técnicos”, di que “as administracións teñen o deber e a obriga de dotar á administración de todo o soporte técnico e de todos os medios humanos posibles para solventar este problema”.

Durante os anos de mandato do Partido Popular fíxose no seu primeiro ano un incremento de cadro de persoal que nós igualamos no noso primeiro ano. Pero ese é todo o incremento de cadro de persoal na Xerencia de Urbanismo que vostedes fixeron ó longo de todo o seu mandato. Como coido que todos coñecen, ademais das incorporacións que fixemos no noso primeiro ano de mandato, este ano vaise incrementar a dotación de funcionarios na Xerencia de Urbanismo con trinta e cinco novos efectivos. Coido que é unha medida sen precedentes. Ademais temos unha partida orzamentaria para a Xerencia que non houbo en todos os anos anteriores.

Dado que a moción ven máis baseada nas licenzas de actividade, dicir tamén que o departamento de licenzas de actividade vai dobrar o seu número de funcionarios. Outra cuestión moi importante nos tempos nos que estamos é a contratación de informáticos. A día de hoxe moitos concellos xa teñen gran parte da súa xestión de expedientes completamente informatizada. Nós imos cuadruplicar nun par de meses o número de informáticos que vostedes deixaron.

Gustaríame poñer un exemplo de como tramitaba o Partido Popular as licenzas de

actividade que é moi claro e evidente porque ademais o inauguraron, presentáronse alí e fixéronse fotos coa prensa; falo do centro comercial de Gran Vía. Absolutamente todos os locais dese centro comercial carecían de licenza agás Carrefour, o único local ó que se lle concedeu licenza coa primeira ocupación. Vostedes foron alí e os inauguraron absolutamente todos. Iso é o que lles importan a vostedes as licenzas de actividade. A partir de aí podería xurdir neses locais calquera tipo de problema para os cidadáns pero a vostedes lles daba exactamente igual. Esa é a vontade que teñen polas licenzas de actividade.

Por suposto que nós estamos envorcados en que todo isto se axilice, se resolva o antes posible e niso é no que estamos traballando. Reducimos ese prazo de tramitación dende que estamos neste goberno a practicamente a metade na maioría dos expedientes.

Paréceme unha falla de seriedade vir aquí presentando isto cando vostede non facían absolutamente nada polas licenzas de actividade e deixaban que todos os locais da cidade, xa fosen grandes ou pequenas superficies, abrisen sen a pertinente licenza.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar sorpréndeme que o Concelleiro de Comercio nin sequera participe cando é unha moción na que se podería falar do comercio, un dos principais motores da economía da cidade e que está pasando por un momento de enorme crise, non só por mor do consumo, senón que polas obras; sorpréndeme que non só non participe, senón que nin sequera estea presente na sala.

Preguntábame o Sr. Mariño cales son os locais que pechan por mor das obras. Desgraciadamente pódolle dar moitos exemplos, un deles ven nun xornal que teño aquí onde se ve que nun cartel pon: “Volvemos logo das obras. Desculpen as molestias”. Pero é que xa pecharon trescentos comercios durante este ano e crese que podemos rematar o ano con máis de cincocentos comercios menos na cidade. As vendas derrubáronse e tamén as marxes; as expectativas para as rebaixas non son prometedoras.

Nun momento de profunda crise económica, cando máis de trinta e cinco mil vigueses están a vivir no albor da pobreza, coido que non se debe tomar á lixeira cales son os locais que pechan porque di que non os coñece. O menos que se pode facer dende o goberno é cumprir a lei que para iso nos votaron e nos pagan. Debemos ser responsables e cumprir co que nos demandan.

As obras están sendo nefastas para o comercio. Non hai que confundir esta situación

coa crise que tamén o é, pero é que houbo caos, falla de diálogo; parece a lei da selva.

Nós non imos caer na tentación de chamar ós comerciantes demagogos como fai o Alcalde; o tenente de alcalde polo menos é máis educado e pídelle paciencia. Pero é que Vigo está cheo de locais pechados, por todas partes están os carteis de “Alúgase”, “Traspásase”, “Véndese”; non é iso suficiente para reaccionar?

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, por alusións, porque eu estiven na inauguración da que se falou antes. Falouse do goberno e eu representaba ó goberno

A PRESIDENCIA: Falouse do goberno, non se fixo ningunha alusión a vostede. É unha forma de entrar neste debate, se quere entre, pero vostede non foi nin mencionado, nin aludido. Hai unhas normas que son de todos os Parlamentos e é bo que comecemos decatármonos: Só hai alusións cando se nomea a alguén polo seu nome. Pregúntelle ó compañeiro que ten á súa esquerda. Nunca hai alusións se non se nomea ás persoas. Falouse do anterior goberno que tiña un número elevado de membros, nove ou dez concelleiros e unha alcaldesa. Non, Sr. Figueroa, falouse de feitos do anterior goberno.

Sr. Figueroa, ten vostede a palabra pero é a última vez que lla dou sen alusións persoais.

SR. FIGUEROA VILA: Eu estiven nesa inauguración, pero resulta que tamén un concelleiro do Partido Socialista, o Sr. Rivas, tamén estivo nela coma xerente dunha empresa que subministrou o formigón. Xa lle darei a facturación dese formigón e tamén a das obras de agora.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, nese momento o Sr. Rivas non era concelleiro, non ocupaba ningún cargo político, supoño que traballaba nunha empresa, non o sei, pero seguramente facía o seu traballo.

Está vostede facendo unha grave imputación a unha persoa por desenvolver o seu traballo privado. Daquela non tiña ningunha responsabilidade, ningunha presenza política e polo tanto tiña absoluta liberdade de actuación dentro da súa profesión. Este é un ataque insólito, Sr. Figueroa, e ademais lle pido que retire iso que acaba de dicir.

SR. FIGUEROA VILA: Non só non o retiro senón que me ratifico e aínda iremos máis aló.

A PRESIDENCIA: Sr. Mariño, ten vostede a palabra e xa sabemos as argumentacións que está utilizando aquí algún membro da oposición.

Sr. Rivas, si ten a palabra por alusións.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: En principio pediríalle ó Sr. Figueroa que retire o que dixo neste Pleno. A miña actividade profesional é miña, véñoa exercendo dende hai moitos anos con esforzo e suor e polo tanto con honestidade e transparencia. Como ben sabe eu non recibín ningunha adxudicación da administración local, a miña empresa traballa para empresas construtoras que están no mercado laboral e, por certo, empresas que vostede coñece.

Pídolle polo tanto que por respecto á miña persoa e á empresa pola que traballo retire esas alusións, senón en todo caso tomaremos as actuacións pertinentes.

SR. MARIÑO MENDOZA: Cría que o Sr. Figueroa nos ía clarexar algo, pero xa que entramos nas alusións persoais dicir que case desculpa a todos os seus compañeiros por iren aquela inauguración, mesmo case poderíamos desculpar á anterior alcaldesa se é que vostede non lle transmitía a información que debía. Pero vostede, Concelleiro de Urbanismo daquela, seguramente é o causante de todos estes problemas dos que eu estou a falar, que se lles permitise abrir ós locais con completa impunidade e ademais indo as inauguracións; con fotos, con reportaxes de prensa. A verdade é que vostede si que o sabía e ademais sabe como se conseguiu esa licenza o último día; tamén o sabe, pero non vou entrar nese punto.

O que si é certo é que o resto dos locais non tiñan licenza e a maior xustificación que vostede fai como defensa da decisión de por que se fixo aquilo é porque alí había máis xente. É impresionante. A verdade é que aquela xente non tiña por que coñecer se os locais tiñan ou non licenza, pero vostede si o sabía. O día que vostede inaugurou aquilo sabía perfectamente cal era a situación. Non sei se tivo algo que ver cunha achega económica da empresa xerente a este Concello ou cal foi o motivo, pero vostede si sabía que aqueles locais non tiñan licenza e aínda así foi á presentación, fixo que todos os seus compañeiros e membros deste goberno se

presentasen alí. Vostede si o sabía e non vou especular pero digo que quizais algún membro máis do seu goberno tamén sabía cal era a situación. Dende logo que vostede era coñecedor de cal era a situación e que todos eses locais se estaban abrindo sen licenza.

Vostedes móstranos as fotos dun local que ten un cartel. Eu esperaba algo máis fundamentado. Faláronos de locais que pechan por toda a cidade. Gustaríame que nos xustificasen cal é a diferenza entre os locais que pechan nas rúas humanizadas e os que pechan nas non humanizadas porque non poden dicir que isto é por culpa das rúas. Vostedes humanizaron Urzáiz, unha das principais vías desta cidade e o caos que se montou foi descomunal, aínda así eu coído que esta cidade está agradecida pola humanización que se fixo.

Por suposto que hai certas molestias durante as obras, pero en ningún caso se pode defender e xustificar que os locais pechan porque se estea facendo unha humanización porque os máis beneficiados polas humanizacións das rúas son os propietarios dos locais e os veciños que viven nelas, por iso este Concello non deixa de recibiren pedimentos de que a próxima partida que haxa para humanizar rúas sexan as de seu.

Fala do cumprimento da lei. Eu estoulle a falar de medidas inéditas na Xerencia de Urbanismo, de achegas económicas de orzamento inéditas neste Concello e facémolo única e exclusivamente co criterio e a confianza de que o urbanismo funcione de moito mellor xeito que como o levaban vostedes hai uns anos cando estaban neste goberno. É bastante insólito que veñan defender isto cando daquela vostedes non fixeron absolutamente nada.

Dixo que aquí debería estar o Concelleiro de Comercio, pero o que está pedindo vostede é que se axilicen os trámites urbanísticos. Poderíallo ter pedido ó departamento de Medio Ambiente ou ó de Tráfico, pero ata onde eu leo a moción o que di é que se axilicen os expedientes urbanísticos. Por suposto que terá que ser o Concelleiro de Urbanismo quen responda.

O que me parece insólito é que durante o seu mandato non fixeran absolutamente nada polas licenzas de actividade, que ampliaran o prazo nun ano, que non reforzaran o persoal da Xerencia senón que destinaran as partidas orzamentarias a outras cousas e que ademais inaugurasen centros que non tiñan licenza; iso é insólito. Agora veñen aquí pedíndolle a este goberno que axilice os expedientes e que cumpra. Por suposto que cumprimos esta e outra normativa.

Reducimos os prazos en só un ano de goberno á metade de onde vostedes os deixaron porque lles daba exactamente igual que tardasen cinco como dous anos, non lles importaba nada, todo se podía abrir sen licenza. Iso o que acaba ocasionando son máis expedientes de infraccións urbanísticas, denuncias dos veciños, máis traballo para os funcionarios e locais que non poderán ter nunca licenza porque xa realizaron as obras e abriron, pero agora o problema é que non cumpren e por iso teñen que volver pechar para faceren obras. Vostedes permitían unha e outra vez que iso sucedese e ademais inauguraban os locais a bombo e prato e con toda a prensa diante. Esa é a súa xestión do urbanismo. Vostedes ven o urbanismo desa maneira. O único que se busca é o beneficio duns poucos en detrimento de todos os demais.

Aquela inauguración a bombo e prato, cun centro comercial no que non existía ningunha licenza de actividade para aqueles locais foi lamentable porque alí estaban todos os representantes do Partido Popular.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Agradezo que voten a favor porque non podía ser doutra maneira e estamos pedindo algo que é coherente e para iso nos poñen aquí os cidadáns.

Alégreme que cambiaran de opinión porque neste mesmo mandato foron a inauguracións de centros comerciais sen licenza, como é o da Laxe, pero o que pasa é que era promovido por unha institución do PSOE na Zona Franca. Logo axilizáronlle a tramitación e coido que nunha semana ou dez días arranxaron todo o desaguisado. O que está claro é que os problemas dos comerciantes non se arranxan nomeando “Viguesa Distinguida” á Presidenta da Federación de Comercio, nin subvencionando a feira que ela organiza.

(Están ausentes o Sr. Alonso Pérez e a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, instando se concedan as licenzas ós establecementos comerciais dentro do prazo legal establecido, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

S.Ordinaria 29.06.09

22.- (116).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO Á ALCALDÍA A ENTREGA ÓS GRUPOS MUNICIPAIS DO BORRADOR DA CARTA DE MUNICIPALIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091927, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“Unha das grandes promesas do Alcalde desta Corporación na campaña electoral foi reclamar ó goberno central, case asegurando a concesión á nosa cidade, dunha Carta de Municipalidade, ó exemplo do feito na cidade de Barcelona, que dotase á cidade dunha situación administrativa similar ás capitais de provincia.

A pesar do tempo transcorrido, dous anos dende a promesa electoral, o certo é que ata a data actual non se ten feito nada neste senso, motivo polo cal dende o Grupo Municipal do Partido Popular reclamamos que se eleve o proxecto que di ter o Alcalde ós organismos competentes a fin de dotar a nosa cidade coa mencionada Carta de Municipalidade.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que por parte da Alcaldía se proceda á maior brevidade a entregar ós grupos municipais o borrador da Carta de Municipalidade que di ter, para que se estableza un prazo e os grupos municipais e o Consello Social da cidade poidan facer achegas á mesma, e que con posterioridade se eleve a Carta ós organismos públicos correspondentes.”

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: En primeiro lugar gustaríame dicirlle ó Sr. López Font que, como pode ver, non trememos por traeren ó Pleno esta moción. O mes pasado unha das argumentacións que fixo foi que tiñamos medo a presentar este tema no Pleno. Non é así.

Pero como xa é a segunda vez que tratamos este tema, teño que dicir que vostede tamén é prisioneiro das súas palabras porque cando tratamos por primeira vez esta moción, o 29 de setembro do pasado ano, dicía vostede que cando se fala de algo tan importante como é a Carta Municipal, a anécdota é se se dixo un mes enriba ou

un mes abaixo. A verdade, Sr. López Font, para min esa non é a anécdota; a anécdota precisamente é a constante mentira na que vive instalado este Concello co Sr. Alcalde e a súa megalomanía da que falaremos posteriormente.

O 23 de maio de 2007, manifestan á sociedade viguesa que a Carta de Municipalidade está feita e fano como un gran fito para a cidadanía porque se ían traer unha serie de servizos administrativos, xudiciais e doutro tipo e xa nos comparábase coa cidade de Barcelona. Desgraciadamente Vigo na actualidade non se pode comparar con Barcelona e iso é en gran medida por mor do “ninguneo” que ven sendo habitual por parte do goberno socialista, tanto do central como ata o mes de marzo do goberno socialista bipartito na Xunta de Galicia.

Posteriormente, malia que dicían o 23 de maio que a tiñan feita, en agosto de 2007 dise que un membro do Gabinete de Presidencia colaborará na redacción da Carta de Municipalidade. En que quedamos, estaba feita ou non? O 16 de xuño do ano 2007, data do Pleno de toma de posesión, anuncia o Sr. Alcalde, mentindo unha vez máis, que a Carta de Municipalidade se aprobaría ese mesmo ano. O certo é que transcorreu o ano 2007 e o ano 2008 e nada. Insisto en que o 29 de setembro do ano 2008 tivemos a oportunidade de tratar neste Pleno a Carta de Municipalidade e dixo vostede: “É un compromiso electoral do Partido Socialista, unha das actuacións e unha das propostas máis ambiciosas que ten este goberno e non nos queiran marcar dende a oposición os tempos”.

Desgraciadamente dende a oposición, Sr. López Font, témoslles que marcar os tempos porque vostedes non son quen de sacar adiante e comprometerse coa cidade en temas tan importantes como pode ser este. O Sr. Alcalde o 15 de xuño de 2008 insistía, mesmo antes de presentar nós a moción: “Teño o borrador e pronto empezará a circular”. Non sabemos se circula en patín, no famoso AVE ou se ven en avión pero o certo é que o 5 de novembro de 2008 tamén insistiu en que pronto a poría en circulación.

A única conclusión de todo isto é que nos atopamos cunha nova mentira, cun novo incumprimento, cunha nova fantasía; cun tema incumprido ó que vostedes lle daban moita importancia pero estamos na metade do mandato e isto non ten nin visos de saír cara adiante, nin cremos que estea nun caixón como os informes ós que aludía antes o meu compañeiro, nin nada, sinxelamente que non o teñen, só está na fantasía, na cabeza do Alcalde.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, como esta é unha cuestión que ten que ver directamente co Alcalde, avánzolle que a primeira persoa que vai coñecer ese borrador será o Presidente da Xunta na súa visita institucional a este Concello.

SR. LÓPEZ FONT: Díxenlles que seguro que tiñan medo a presentar a moción no Pleno anterior tendo en conta o que fixeron coa organización territorial da Xunta de Galicia aquí, porque non só hai que pedir responsabilidades a un determinado goberno, senón que tamén dende o seu Grupo municipal se deben pedir responsabilidades ó actual goberno do Sr. Núñez Feijóo. É verdade que nese momento tiveron medo e á parte de que se ergueron deste Pleno por non querer debater determinadas cuestións, hoxe é posible que o que debería ter é vergoña por traeren esta moción. Teñen moito interese en coñecer a Carta de Municipalidade que é unha promesa electoral do Partido Socialista e xa lle dixen no último debate que a pode comprobar en igualdade de condicións e adaptándoa á cidade de Vigo coa que ten a cidade de Barcelona.

Por este relato de datas que vostedes mencionan sempre, habería que vir con milleiros de recortes de prensa para lles concretar as datas. Aquí a única realidade é que o Partido Socialista, coa candidatura de D. Abel Caballero ás eleccións municipais do Concello de Vigo en maio de 2007, fixo unha oferta e unha promesa electoral de presentar a Carta Municipal para a cidade de Vigo; esta é a realidade. Facíase esa promesa porque é verdade que Vigo necesita un tratamento administrativo distinto; porque Vigo é a cidade maior do Estado que non é capital de provincia e porque necesita da presenza de todas as administracións e de todos os servizos na cidade. Isto foi o que dixemos.

Sabe vostede perfectamente porque xa llo dixen no debate do Pleno de 2008, que a Carta de Municipalidade ten unha parte autonómica e outra estatal, polo tanto nese debate se lles dixo que nós mantiñamos o compromiso da presentar, darlle a mesma entidade a esta cidade que a que ten Barcelona con todos os servizos. Atopámonos con que vostedes, que parece que queren aprender moito do proxecto que nós temos, fixeron unha moi mala imitación no que é a organización administrativa da Xunta de Galicia para a cidade de Vigo.

Énchense vostedes falando de mentiras e demais pero, como define vostede a actitude que tivo o Presidente da Xunta de Galicia con esta cidade cando dixo que ía haber unha delegada territorial con competencia sobre todas as consellerías e sobre

catorce concellos? Como o define vostede? Como é posible que á hora de falar do que esta cidade require e do que significa a Carta de Municipalidade se lle esqueza a configuración administrativa que deu a Xunta de Galicia?

Xa lle contestou en parte o Alcalde que ademais é a quen lle corresponde: o proxecto de Carta de Municipalidade hai que llo presentar en primeiro lugar ó Presidente da Xunta de Galicia e, como acaba de dicir o Alcalde, a el será presentado.

Nós estamos de acordo con esta moción porque é o que pensaba facer o Alcalde en tempos políticos.

Aproveita coma sempre para falaren de “ninguneo” político por parte do goberno central. Dende logo, señores do Partido Popular, viven noutra cidade. Non sei se van ó aeroporto ou non e se ven que se está facendo unha obra moi importante de trinta e tantos millóns de euros no aparcadoiro, non sei se atenden ós compromisos que se toman dende Aena, non sei se atenden ó compromiso que ten a Ministra de Medio Ambiente sobre máis de cen millóns para a depuradora desta cidade, non sei se foi vostede por Maceiras-Redondela para comprobar os compromisos do goberno de España coa cidade de Vigo representada polo Alcalde, D. Abel Caballero; non sei se se decatou dos compromisos que ten o Ministerio de Fomento con AVE directo Vigo-Madrid a través de Cerdedo, cousa conseguida polo goberno Socialista fronte o que fixera a Sra. Porro como Conselleira.

Poderíalle falar de moitas máis cousas pero é evidente que dende que é Alcalde D. Abel Caballero e dende que gobernan o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, esta cidade está atendida de forma preferente polo goberno central e estaba atendida de xeito preferente e en todos os ámbitos polo goberno da Xunta de Galicia. Creo que quedou suficientemente demostrada esta mañá a atención ó hospital de Vigo, á depuradora, ó Rexistro e ó Xulgado do Mercantil, lamentablemente, pola actitude que vostedes están mantendo, hoxe atopámonos nunha situación preocupante por veren se o goberno que preside o Sr. Núñez Feijóo cumpre con todos eses compromisos na cidade.

Coido polo tanto que en troques de desviar a atención do que fai un, ou do que facemos outros, debería preocuparse o Grupo municipal Popular dentro das mocións que presenta e dentro da súa actividade política de que o Goberno da Xunta de Galicia cumpra con todo o que hai comprometido con esta cidade. O exemplo do hospital é moi significativo, é o exemplo do que vostedes querían facer co Sr. Fraga que non cubría as necesidades da cidade porque se falou de seiscentas camas pero

eu coido que eran unhas cincocentas, fronte a un proxecto que realmente dá saída á situación sanitaria de Vigo.

Colleron o retrouso das maquetas pero o que ocorre é que as maquetas que programan os gobernos socialistas se acaban facendo; que os que trouxeron as autovías a Galicia foron os socialistas; quen van traer finalmente o AVE a Galicia van ser os socialistas. Vostedes de maquetas poden falar pouco porque as nosas maquetas se cumpren. Comentábanme a anécdota de que estando o Sr. Figueroa coma Concelleiro de Urbanismo fixéronse tres maquetas para explicar o Plan de Ordenación Municipal que vostedes tiñan; só expuxeron dúas e a terceira non. Nós expoñemos maquetas, esas maquetas pronto se farán e ó final, coma sempre, o progreso, o avance e as infraestruturas traeranas a esta cidade e a Galicia o Partido Socialista e non precisamente vostedes.

SR. CONDE GIL: Evidentemente, Sr. López Font, vostedes fan as maquetas pero o que logo non fan son as obras. Esa é a diferenza.

Di que ten elaborado o borrador da Carta de Cidade e na propia hemeroteca está a mentira. No ano 2007 asegúrase que se ten o borrador, que antes do remate do ano 2007 se vai presentar porque existe o apoio do goberno central, logo se bota a culpa a que se tiveron que disolver as Cortes, circunstancia que por outra banda tampouco era moi difícil coñecer porque calquera persoa que soubera ler e escribir sabía que en marzo se disolverían as Cortes.

Nunha entrevista de Onda Cero a D. Abel Caballero, a quen antes algún veciño cualificaba como “Caín Caballero”, este di: “Eu son un político atípico, dou datas”. Claro que é atípico, dar datas con mentiras si que é atípico. No tema da propia Carta de Municipalidade o Sr. Caballero mente e así o 30.03.2009, nunha entrevista que lle realiza o Diario Atlántico, di: “Cando anunciei a Carta Municipal xa tiña claro que era un asunto que se tiña que tramitar á metade do mandato”. En que quedamos, ía estar antes do remate de 2007 ou á metade do mandato? Se iso non é unha mentira que veña Deus e o vexa.

Pero como vostede falou do tema do AVE hai máis. Vostede dixo: “Xa deixaron de referirse á presenza da Ministra de Fomento nesta cidade porque dixo taxativamente que se garantía o AVE e o prazo”. Xa se ve a garantía do prazo sendo o galego, Sr. Blanco, Ministro de Fomento tras do cesamento, gracias a Deus para todos os galegos, de dona Magdalena Álvarez. Xa se ve porque se di que chegará ó remate do

ano 2015; xa o veremos porque ía estar no ano 2012 e o Sr. Alcalde, mentindo unha vez máis, como adoita seren costume nel, comprometeu a súa presentación á candidatura da Alcaldía de Vigo a ter o AVE no ano 2012. Xa me dirán vostedes se non é para lle pedir que presente de inmediato a súa dimisión. Na hemeroteca están as seguintes declaracións do Sr. Caballero: “Manteño o compromiso de AVE directo a Madrid para o ano 2012”. Despois o goberno recoñece que o AVE non chegaría a Galicia no 2012. Eu cualifiquei no Pleno anterior ó Sr. Caballero de “Pinocho”, pero “Pinocho” ó seu lado é un auténtico aprendiz, debeu ser el quen ensinou a “Pinocho” a mentir.

Na toma de posesión tamén se dicía: “Queremos para Vigo unha Carta de Municipalidade”. “Cales serán as primeiras medidas que adopte como Alcalde de Vigo? A primeira será poñer en marcha un plan de emprego. Vigo é moi poderosa en economía pero ten 4.500 parados mozos e bastantes desempregados de longa duración”. O resultado foi de 8.000 parados máis, a cousa foi medrando. Houbo un plan como o Plan ZP que ó final non tivo ningunha consecuencia: 600 empregos que a maioría deles non son nin da cidade de Vigo.

A Sra. Abelairas dicía que unha mentira mil veces repetida segue sendo unha mentira. Efectivamente, pero o único que pasa é que neste goberno municipal a mentira é como a gripe A, foise estendendo e cada un de vostedes está contaxiado de onde empezou a cepa que foi co Sr. Alcalde.

Fíxese, Sr. López Font, o medo que tiñamos de debater o tema da Xunta de Galicia ou non sei que máis con vostedes que trouxemos novamente a moción ó Pleno, non sei que complicación hai, o caso é que a Delegación da Xunta está aí, pero o que si me parece grave é o que mesmo estaban reclamando as forzas vivas da cidade: o Alcalde non se puxo do carón da cidade cando Pontevedra nos botou un pulso e non sei se vostedes pediron permiso ós seus representantes de Pontevedra ou a D. Patxi Vázquez para presentar ó Presidente da Xunta de Galicia a Carta de Municipalidade cando veña aquí. As forzas vivas da cidade, dado o desleixo das súas funcións, non lle pedían, esixíanlle ó Alcalde que tomase as rendas e defendese os intereses de Vigo: “Veciños, procuradores e comerciantes coinciden en que lle toca a Caballero pelexar polo municipio e detrás del iremos todos”. O que fixo foi acovardarse, agocharse e que detrás del non vaia absolutamente ninguén.

Tampouco vou evitar o tema do Xulgado do Mercantil. En primeiro lugar dicir que a Xunta de Galicia non ten competencia para aprobar este Xulgado malia que o Sr.

Alcalde ten coñecemento de que enviou unha carta o Conselleiro de Presidencia e Xustiza pola que se lle indicaba que en canto se lle asegurase a existencia do Xulgado do Mercantil en Vigo, se porían os medios materiais e humanos ó dispor da cidade para abrir este Xulgado. Insisto en que no ano 2005 se ditou un Real decreto cando se creou o Xulgado do Mercantil Número 2 que dicía taxativamente que se ía crear na cidade de Vigo, todo o mundo pensaba que ía vir o Xulgado para a cidade de Vigo e o “marabilloso” goberno socialista central que vostedes tanto gaban e semella que nós demos por criticaren, levouno para Pontevedra. Esperemos non nos atopar agora nas mesmas porque de seren así se perde unha ocasión moi importante para a cidade de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Dunha vez por todas xa lle vou desmentir esta utilización que fan con respecto ás propostas que fixo D. Abel Caballero coma candidato.

O 3 de abril de 2002 é cando Vigo perde o AVE directo dende Madrid e con esta frase: “Manuel Fraga diante dos xornalistas: A ver, Corina, póñase aquí para que a vexan”. Aquí é onde a cidade perde a conexión directa do AVE con Madrid, aquí é cando non había Cerdedo, Sr. Conde, é onde os vigueses tiñamos que ir ata Santiago no AVE. Esta é a realidade.

Pero dado que lle encanta a vostede o tema dos recortes de prensa e demais, dunha vez por todas se teñen que dectar do compromiso de D. Abel Caballero en campaña electoral. Léollo e logo facilitareille unha copia: “Caballero renunciará á súa candidatura se Fomento non garante o AVE por Cerdedo”. Esta é a campaña do Partido Socialista, é a promesa condicionante da súa candidatura que fixo o Sr. Caballero en relación co AVE.

Esta é a realidade do AVE, un AVE totalmente condicionado e inexistente polo Sr. Fraga, novamente actuando en contra desta cidade e como xa di a frase, utilizando á Sra. Porro, fronte a esta realidade do Sr. Caballero. O día que vostede, Sr. Conde, vaia en AVE dende Vigo a Madrid directamente saberá da promesa electoral que fixo o Sr. Caballero. Esta si que é a realidade. Debe ser moi bo prazo o ano 2015 e ademais moi acertado cando o Presidente do seu partido o acepta. O máis importante que lles hai que dicir ós cidadáns é que esta cidade vai ter AVE directo gracias ó compromiso que tivo D. Abel Caballero coma candidato á Alcaldía desta cidade.

Nós non lle temos que pedir permiso a ninguén. Toda Galicia, Vigo e o resto das cidades, están nunha lea tremenda en canto á organización administrativa pola culpa

do presidente do seu partido. O Sr. Núñez Feijóo, que tivo a man tendida deste goberno e do Alcalde da cidade, prometeu que habería unha configuración territorial na que habería unha delegación en Vigo que lle daría o status que a cidade merece. Voulle dicir unha cousa, Sr. Conde, falando de pedir permiso, quen se asustou diante das primeiras manifestacións dialécticas de dirixentes de Pontevedra foi o Sr. Núñez Feijóo que non soubo aguantar o envite.

Vou facer unha pregunta moi concreta: Vostede representa ó Partido Popular, séntanse aí trece concelleiros, utiliza determinadas manifestacións sobre dereitos dalgúns axentes sociais desta cidade pero, está o Grupo municipal do Partido Popular a favor de que se faga unha manifestación en Vigo contra o que din en Pontevedra? En primeiro lugar, se están a favor da manifestación, non sei por que non o dixeron con anterioridade. En segundo lugar, están a favor de facer unha manifestación contra un Decreto que asinou o seu Presidente da Xunta de Galicia? Non se decata, Sr. Conde, que con tal de enredar, que é o que fan aquí, con tal de non dar alternativas reais a esta cidade, vostedes o único que están facendo é ir na contra dela?

Vostedes deberían estar reivindicando que esta cidade tivese a delegación territorial que prometeu o Sr. Núñez Feijóo e non a mini delegación que ten. Si, Sr. Conde, son vostedes quen o terían que estar a facer e os que, cando determinados grandes proxectos teñen atraso para esta cidade, deberían poñerse ó fronte dela.

Aquilo que dixo a Sra. Molares na súa toma de posesión sobre que prevía que ía ser incómoda para a Xunta de Galicia, non o cumpriu nin ela, nin vostedes. Vostedes están á marxe do que necesita esta cidade, están de costas ó que esta cidade ten que reivindicar fronte ó goberno do Sr. Núñez Feijóo.

Claro que teñen medo a debater aquí porque en escasos sesenta días vostedes están dobregados diante da estratexia anti-Vigo que ten o Sr. Núñez Feijóo. Deberían ser os maiores interesados en primeiro lugar en que o Sr. Núñez Feijóo, dado que é de Vigo e vive en Vigo ogallá viñera a esta cidade en primeiro lugar cando empezou a visitar concellos. Ogallá veña coa aceptación dos proxectos que esta cidade necesita.

Sr. Conde, nos xornais do 3 de abril de 2002 e do 16 de xaneiro de 2007 está a historia do AVE en Galicia, por un lado sen conexión directa pola culpabilidade da Sra. Porro e a data de hoxe AVE directo por Cerdedo por mor do compromiso electoral que o Sr. Caballero fixo en xaneiro de 2007. A partir de aí busque os recortes de prensa que queira, terxiverse e mesture o que din uns co que din os

outros, pero non diga que o Sr. Caballero nin ningún de vostedes comprometeu a súa candidatura ó 2012 porque isto é textualmente o que dixo e non o que vostedes están a dicir.

Imos votar favorablemente a moción porque xa tiñamos previsto actuar en canto a presentar a Carta de Municipalidade.

SR. CONDE GIL: Eu faríalle a pregunta a vostede, Sr. López Font: estaba o Partido Socialista de acordo en contradicir ós seus compañeiros da cidade de Pontevedra e poñerse ó fronte dunha vez por todas da cidade? Por certo, son vostedes os que están gobernando, se non saben ou se non o queren facer teríalles que lembrar aquilo que dicía un ex presidente do goberno de España: “Váíase, Sr. Caballero”, váíase que eu penso que vai sendo hora de que o faga.

Se o Presidente da Xunta de Galicia tivo algún problema foi precisamente por equiparar Vigo con Pontevedra. Aí está o problema, porque vostedes que viven instalados na “esquizofrenia política” rexeitan no Parlamento a Super Delegación da Xunta en Vigo e teñen a “caradura” política de facer aquí as manifestacións que fixo vostede agora: “O PSdeG e o BNG votan en contra da creación da Delegación en Vigo”. En que quedamos? Están vostedes a favor? Están en contra? Polo menos coordínense cos seus compañeiros do Partido Socialista no Parlamento de Galicia. Onde está a Consellería de Pesca que prometera o Sr. Touriño cando se presentou ás eleccións? Maxino que estará coa Carta de Municipalidade na imaxinación de alguén. Dicía no Pleno do 29 de setembro do ano pasado cando falamos deste tema que había unha serie de cousas importantes na cidade, como podía ser o tema do Sr. Moneo, que ía presentar antes do 20 de xuño de 2008 o proxecto e presentouno un ano despois. Ese proxecto converte ó Alcalde desta cidade en Nerón; é o auténtico Nerón da cidade, semella que quere arrasala e volvela levantar das súas cinzas. Debe ser que non lle gusta.

O Sr. Touriño “Cre que Vigo é un Fórmula Uno e ve a Caballero como o gran piloto da cidade”. Non sei se o vai fichar Ferrari para o ano que ven, esperemos que non polo ben da escudaría. “Caballero oufánase de ter impulsado o tren que eloxia Obama”. Aquí xa traspasamos as fronteiras e Obama ve no Alcalde da cidade o gran referente. Espero que o Sr. Calviño non tome isto coma unha alusión, é un sinxelo comentario, pero el dicía antes no tocante ó tema de Coia, cando os veciños foron dalgún xeito expulsados do Pleno, que ían remontar os 15.000 votos que lles sacamos de

diferencia. Eu lémbrolle que eran 25.000 co Partido Socialista e 40.000 co Bloque Nacionalista Galego.

Vivimos instalados na megalomanía, na mentira, nunha actuación que ven sendo propia da vida política dunha persoa e que é difícil de superar. No ano 88 xa se anunciaron os trens de alta velocidade ata Galicia. Lémbrolles que foi o Partido Popular quen puxo en marcha o tren de alta velocidade para Galicia. Anunciouse en 1993: "Galicia contará con trens inter-city". O Sr. Caballero dicía no ano 88: "Irase máis rápido de Vigo a Santiago en tren que en coche". Eu creo que case se chega antes andando e senón lles preguntaremos ós sindicatos que hoxe marchaban cara Santiago.

Maxino onde está a Carta de Municipalidade se é que ninguén o remedia: aterrada no túnel que ía conectar a Península Ibérica con Marrocos. Moitas gracias.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Conde, pero o Presidente da Xunta cando visite Vigo recibirá da miña man o borrador de Carta Municipal e por cortesía e deferencia política será a primeira persoa que a coñeza.

(Están ausentes o Sr. Alonso Pérez e a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, instando á Alcaldía a entrega ós grupos municipais do borrador da Carta de Municipalidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

23.- (117).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A CONSTITUCIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE XUSTIZA DO CONCELLO ANTES DO REMATE DO MES DE XULLO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091930, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

S.Ordinaria 29.06.09

“No ano 2001, sendo alcalde D. Lois Pérez, naceu a coñecida como Comisión de Xustiza do Concello de Vigo formada entre os diferentes grupos políticos e os representantes xudiciais da cidade.

Nestes intres de incerteza na cidade no que respecta á situación da Xustiza, dos órganos xudiciais e dos xulgados da cidade, é a xuízo do Partido Popular máis necesario ca nunca a pronta constitución e posta en marcha da devandita comisión antes do remate do mes de xullo a fin de acadar un consenso xudicial na cidade

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que antes do remate do mes de xullo se proceda á constitución e posta en funcionamento da Comisión de Xustiza do Concello de Vigo.”

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Como supostamente seleccionaron as mocións por orde de entrada, cousa que non sabemos exactamente e xa falarei logo diso, teñen a desgracia de ter que volver escoitarme.

No ano 2001, sendo daquela Alcalde o Sr. Castrillo, estando de acordo as forzas políticas e os axentes xudiciais da cidade (xuíces, avogados, procuradores e sindicatos xudiciais), púxose en marcha o que se chamou “Comisión Xudicial do Concello de Vigo”. Nesa comisión tratábanse todos aqueles temas importantes en materia de xustiza para a cidade, pero un día xa non se volveu convocar. O Alcalde, Sr. Caballero, logo da súa reunión co Decano dos xuíces, D. Jaime Bardají, no mes de febreiro deste ano prometeu a súa posta en funcionamento inmediata.

Dende o Partido Popular demos un tempo máis que prudencial. Falábamos do mes de febreiro e só queda un día do mes de xullo para tomar a iniciativa de poñer en marcha esta comisión que cremos que é de importancia nos momentos nos que vivimos e máis cando o Alcalde non se decata dos problemas que ten a xustiza en Vigo. Os xornais din: “O rexedor asegurou que esta demanda dun novo xulgado e dixo descoñecer os compromisos políticos nesta materia”. Fala do Xulgado de Familia que ía tratar noutra moción que vostedes impediron que defendamos xunto coas de outras compañeiras e compañeiros neste Pleno. “Convocará ó Decano dos xuíces a unha reunión co obxecto de tomar coñecemento do pedimento do Xulgado de Familia para a cidade e se se decide incorporar esta demanda, se dende o ámbito político se

pode acordar dalgunha forma”.

No mes de xaneiro, tras da reunión co Sr. Bardají, o Sr. Alcalde quedou en convocar esta Comisión de Xustiza que dicía que o ía asesorar nesta materia. O caso é que pasaron xa os seis meses ós que aludía e nin está a comisión nin se espera. Este é o motivo do traer a este Pleno e, dados os problemas que vimos nos xornais respecto do Xulgado de Familia, pedimos que se proceda á constitución e posta en funcionamento da comisión de xustiza do Concello de Vigo neste mesmo mes de xullo.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Cando comeza a súa intervención, Sr. Conde, e di iso de “nestes intres de incerteza na cidade...”, eu engadiríalle “...e de perigo”, pero por culpa do Partido Popular.

Esta comisión de xustiza, que é certo que botou bastante tempo traballando para acadar uns resultados que compracesen tanto ós profesionais como ós que tiñan a responsabilidade de promovela, contou con moito apoio. A pregunta é por que vostedes en tres anos e medio non a puxeron en marcha malia que o Decano dos xuíces, Sr. Bardají, fíxolles reiteradamente o ofrecemento. Agora mesmo están tentando agochar a súa incapacidade

O Sr. Rueda non quere que o Xulgado do Mercantil estea en Vigo, pero non pode escapar das súas competencias que o son no tema dos locais e do persoal para eses xulgados O Ministro de Xustiza na súa visita do pasado venres comprometeuse a que Vigo teña o tan demandado Xulgado do Mercantil. Tamén anteriormente se conseguiu a Oficina Delegada do Rexistro Mercantil e vaise conseguir o Xulgado de Familia se o Partido Popular que está agora, non vou dicir que gobernando Galicia senón que ocupa o poder en Galicia pero que non goberna, non nos boicotea o Xulgado do Mercantil e o de Familia. Se non o fan ímolo ter pero aí tamén lles tocará a vostedes a responsabilidade de defendelo.

Dende o inicio do seu mandato o Alcalde foi atendendo todas as demandas que lle viñeron presentando tanto os profesionais da xudicatura, como os cidadáns que queren eses xulgados en Vigo para facer as súas xestións.

O propio Sr. Rueda enviounos unha carta dicindo que ata que o Consello do Poder Xudicial non llo pida, el non se vai pronunciar. Pero el xa se pronunciou, non o quere en Vigo, quéreo en Pontevedra. O que precisa saber o Consello do Poder Xudicial é que hai unha dispoñibilidade inequívoca por parte da Consellería de Vicepresidencia

da Xunta de Galicia de medios persoais e físicos para poder situar ese Xulgado. Polo tanto non cren vostedes novamente unha cortina de fume para agochar o que a Vigo lle están a quitar tal e como xa dixeron outros compañeiros. Hoxe aquí se falou do novo hospital pero o Sr. Núñez Feijóo se comprometeu a facer un en Pontevedra, non aquí, ó de aquí ponlle dificultades.

Eu creo que vostedes están moi nerviosos. Coa dimisión da súa voceira, que por certo só falou unha vez en dous anos, alguén pensou que quedaba aquí de “vinculeiro” e poucos días despois xa lle dixeron que non, que xa había outra candidata. Paréceme que están nerviosos e ademais con falla de liderado. Seguen con insultos, facendo unha oposición de veren quen insulta máis. Será que non teñen que debater nada politicamente.

Como aquí sacaron antes un tema, quérólles dar algunha pista sobre min. Eu procedo dunha empresa privada na que estou actualmente en excedencia, é unha empresa que prové dalgún equipamento a este Concello. Digo isto porque igual é delito chegar á política no Concello cunha nómina anterior. Digo isto por se acaso. A empresa da que procedo vendía equipamento e coido que o segue vendendo a este Concello; non o sei, pero llo digo por lles dar algunha pista. Tamén igual é incompatible facer convenios coa Universidade por haber aquí persoas que desenvolven a súa actividade nela. Digo isto polas alusións que lle fixeron ó meu compañeiro de Corporación.

Sr. Conde, os da incerteza e os do perigo para esta cidade de Vigo e para os seus cidadáns son vostedes, os do Partido Popular e o desgoberno da Xunta de Galicia.

Nós imos constituír esta comisión que vostedes non foron quen de facer en tres anos e medio logo dun traballo magnífico que fixeron todos os grupos e ademais co consenso da cidadanía. Por todo isto imos votar a favor desta moción.

SR. CONDE GIL: O Sr. Rodríguez Díaz falou aquí de todo, menos mal que ó final dixo que ían aprobar a moción. Algo é algo, polo menos algo sacamos en limpo.

Segue vostede manipulando e falando de temas que non veñen a conto. Estame falando do Xulgado do Mercantil case monograficamente e aínda que non é o tema propio da moción, algunha pincelada voulle dar.

Na carta do Conselleiro de Presidencia, Sr. Rueda, que recoñece vostede que recibiu o Sr. Alcalde dise: “Á vista das declaracións reflectidas nos medios de comunicación sobre as garantías ofrecidas polo Ministerio de Xustiza para a localización do Xulgado

na cidade de Vigo, pregaríalle confirmación sobre a seguridade das mesmas ós efectos de que, se fora así, ir avanzando nas previsións desta Consellería para que o Xulgado poida funcionar dende o primeiro día da súa creación". Por que di o Sr. Rueda se existe esa confirmación? Porque tristemente, cun goberno socialista no ano 2005, un Real decreto establecía o Xulgado do Mercantil na cidade de Vigo e, casualidade, gobernaban vostedes na Xunta de Galicia e acabou na cidade de Pontevedra o Xulgado do Mercantil Número Dous. Polo tanto non veña vostede aquí manipular as palabras de ninguén.

Alégranos que se vaia constituír a comisión xudicial. Entendemos que é un tema importante, que é unha promesa do Sr. Alcalde aceptaren a súa convocatoria. Primeiro dixo que ía esperar a que pasasen as eleccións autonómicas, xa pasaron. Díxose que se ía esperar a que pasasen as eleccións europeas, xa pasaron e ata as do Real Madrid que ó final non se tiveron que realizar. O caso é que por fin parece que imos ter a comisión cousa que nos congratula.

Só esperamos que se cumpra coa moción, que non se faga coma noutras ocasións e polo tanto que esta comisión se constituía e se poña en funcionamento antes de que remate o mes de xullo e non pase como coa de Control da Contratación que vostedes saberán que escuros intereses teñen que agochar. E non lle falo nin do seu traballo, nin do traballo do Sr. Rivas.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Debatesmos xa neste Pleno o do Xulgado do Mercantil Número Dous e quedou acreditado que daquela foi a decisión do Consello do Poder Xudicial, con maioría conservadora, o que impediu que ese xulgado viñera para aquí.

Sr. Conde, aquí o único lado escuro é o Partido Popular; éo para esta cidade porque co desgoverno que hai na Xunta de Galicia estannos deixando sen proxectos que xa estaban aprobados.

Dígolle máis, estes 8.000 parados que hai ultimamente, xunto cos outros 17.000, xa son parados do Sr. Núñez Feijóo e do Partido Popular e como teñen competencias, pregúntenlle á "mini-delegada", que xa se ve que non ten competencias porque senón estou seguro que sería algo máis sensible, cal é a dotación económica para contratar desempregados e desempregadas nas corporacións locais e neste caso na Corporación Local de Vigo e fagan a comparación co ano anterior.

Onde meten os cartos? Hai un ano aprobáronos 1.800.000 euros para a contratación de persoas desempregadas e aínda a crise non se notaba tanto e este ano aprobaron

500.000 euros. Que van facer ou que están facendo co outro 1.300.000 euros? Papatorias, festas? Apliquen isto, Sr. Conde e señores do Partido Popular.

SR. CONDE GIL: Sr. Rodríguez, por fin recoñece que é o Consello Xeral do Poder Xudicial quen ten que dicir a última palabra sobre o tema. No ano 2005, cando din que esa moción se defendeu neste Pleno, que nin eu nin vostede estabamos aquí, efectivamente houbo mesmo algún recurso xudicial, díxose que é o Consello Xeral do Poder Xudicial quen decide. Claro que vostede ten que apostilar que era de maioría conservadora. Eu non sabía que na xustiza hai maiorías conservadoras ou non. Pero por fin recoñece que é o Poder Xudicial quen ten que tomar a decisión e non a Xunta de Galicia.

Logo comeza falar de parados e dunhas circunstancias que non veñen ó caso e ás que non lle vou contestar. Falen vostedes coa Xunta de Galicia, falen coa Sra. Molares a quen moito querían cando estaba sentada aquí e agora van cada vez que poden contra dela. Falen con ela e que lles explique os temas da Xunta de Galicia porque aquí, insisto, temos que falar do Concello de Vigo.

Díxoo antes o meu compañeiro con toda a razón que nos impediron discutir democraticamente neste Pleno asuntos de competencia municipal e o Bloque Nacionalista Galego trouxo dúas mocións que se referían exclusivamente a temas da Xunta de Galicia. Aquí non estamos no Parlamento de Galicia, estamos no Concello de Vigo e témonos por tanto que centrar neste Concello.

Alégrame que apoiem a moción e insisto en que espero que sexa certo que, tal e como reza o teor literal da mesma, sexa posta en funcionamento a Comisión de Xustiza antes de que remate o mes de xullo e non pase como coa de Control da Contratación, por algunha desas circunstancias escuras e estrañas que se dan neste Concello, como por exemplo o tema do contrato de socorrismo deste ano.

(Está ausente o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Álvarez; preside o Pleno o Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira. Tamén están ausentes o Sr. Alonso Pérez e as Sras. Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez e Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, instando á Alcaldía a constitución e posta en funcionamento da Comisión de Xustiza ante do remate do mes de xullo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

24.- (118).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE ESTUDO DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091936, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“No mes de novembro do pasado ano 2008, por parte do goberno municipal e convocados polo Secretario Xeral do Pleno, constituíse, entre as tres forzas políticas do Concello, unha comisión especial encargada de estudar, consensuar e considerar o Regulamento Orgánico do Pleno, tal e como se acordara na Xunta de Voceiros.

Tras catro reunións, a última o día 28 de xaneiro do presente ano, suspendéronse as mesmas sen que ata a data se continuaran e por tanto sen levar ó Pleno do Concello dito Regulamento.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que á maior brevidade se proceda de novo á posta en funcionamento da comisión de estudo, consideración e consenso do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, para o estudo, consideración, consenso e elevación posterior ó Pleno.”

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

Emenda formulada á súa moción polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, por escrito de data 29 de xuño:

Substituír a expresión “...á maior brevidade” por “...no prazo máximo de 48 horas seguintes á realización deste Pleno”.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Hai unha emenda presentada a esta moción que explicará o representante do Partido Popular.

SR. CONDE GIL: A emenda que presentei conforme establece o Regulamento orgánico de funcionamento das entidades locais no seu artigo 97, refírese a que se modifica ó acordo da moción presentada en orixe no sentido de establecer que no prazo máximo de corenta e oito horas seguintes á realización deste Pleno se proceda de novo á posta en funcionamento da Comisión de estudo, debate e posterior aprobación do regulamento para posteriormente traelo ó Pleno.

Actualmente temos un regulamento do ano 1988 no que non se establecen nin limitacións de horarios, nin de presentación de mocións, nin estas actitudes anti-democráticas ás que estamos asistindo ultimamente. No anterior Pleno quixéronnos cortar os tempos de intervención e dalgún xeito así se está a facer. Neste Pleno, insisto que cunha actitude absolutamente machista, cálese ás miñas compañeiras de Partido e de grupo municipal. Maxino que o seguinte será ó estilo de Mao Tse-tung, poñemos ó Partido Popular un uniforme e que veñamos todos iguais e o máis calados posible.

Pero non vai ser así porque nos van ter enfronte reivindicando sempre e en todo lugar o noso dereito a intervir neste Pleno, a presentar as mocións que a Lei nos ampara, a defender os intereses da cidadanía desta cidade e facer o control do Goberno.

No seu momento por parte da Secretaria leuse un informe “ad hoc” no que se sinalaba unha serie de circunstancias que, en aras de que todos poidamos ir comer e dado que o grupo de Goberno soe ter especial presa en que rematen pronto os debates porque deben ter fame, vou obviar agás nalgúns detalles.

Efectivamente presentamos vinte e unha mocións neste Pleno, temos dereito a iso, coa lei na man non se establece ningún tipo de limitación; o regulamento orgánico vixente tampouco establece limitación e polo tanto non entendemos esta actitude sectaria, prepotente, machista por parte do Sr. Alcalde que ó final é quen toma a decisión tal como lles dixo no seu momento o meu compañeiro o Sr. Figueroa e se está incumprindo a lei haberá que tomar as medidas oportunas.

Dende o BNG acúsannos de ser quen “rebentaron”, polo dicir dalgún xeito, o regulamento do Pleno. É o que se deducía das súas verbas. Tanto o Sr. Font como a Sra. Méndez saben, eu mesmo estiven presente nas catro xuntanzas que tivemos, que isto non é certo tal como demostrarei con posterioridade. Se insisten no mesmo repito o que dicía antes: o virus da mentira igual que a gripe A estendeuse polo

gobierno municipal desta cidade; vacínense, cúrense e non mintan porque, como dixo a Sra. Abelairas, é moi malo. Mentir é grave e unha mentira repetida mil veces segue a ser unha mentira.

O que están facendo con este tema é mentir e instámoslles a que neste prazo de corenta e oito horas se poña de novo en funcionamento esta comisión, que se estude, se debata, se traia a este Pleno un regulamento e coa súa aprobación, se son quen de xuntar os votos, que non haxa ningún tipo de problema máis.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A verdade é que estamos abraiados de todo o que levamos escoitado hoxe á mañá. Seguen insistindo e sobre todo falando sobre un feito que en absoluto é certo. Os defensores da non paridade, os que meteron á Lei de Igualdade no Tribunal Constitucional precisamente agora son quen de falar de que aquí hai un Goberno machista.

Resulta que dá a casualidade de que poida ser que sexan máis traballadores os homes do Partido Popular porque presentan todas as mocións pola estrita orde de entrada no Rexistro Xeral. Logo de que a secretaria dera fe disto, seguen insistindo e ademais neste caso negando a credibilidade dunha funcionaria. A min iso paréceme o colmo.

Respecto ó regulamento evidentemente este Goberno vai facer o labor que vostedes non fixeron durante tres anos e medio. No ano 2004 tiña que estar listo este regulamento logo da aprobación da Lei de grandes cidades e a Sra. Porro nin se molestou en facelo. A oposición daquela foi leal en todo momento, colaborou co goberno, non como están a facer vostedes: crispando e dicindo mentiras.

A PRESIDENCIA: Perdóenme, concelleiros e concelleiras do Partido Popular. Queren por favor respectar e non interromper? O mínimo que se lles pide é que respecten igual que se fai con vostedes cando falan.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Parece que a vostedes a mentira funcionoulles na Xunta de Galicia, foi a campaña máis sucia da historia que ademais deu como resultados electorais os que temos agora e por iso dixeron: “imos por eles e imos seguir mentindo e crispando”. Pero a xente de Galicia, o pobo galego non é parvo e evidentemente os van cualificar polo que están a facer e pronto sufriran as consecuencias. Poden enganar pero non durante moito tempo.

Respecto ó regulamento o que din tamén é mentira e engano. Efectivamente estivemos os tres, Sr. Conde, vostede, o Sr. Font e máis eu e resulta que avanzamos sen problema, con pequenas anotacións, ata o artigo 56 do regulamento porque este Goberno si puxo en marcha o regulamento, si quería debatelo. Nese artigo 56 que di textualmente “O galego, lingua de Galicia, é a do Pleno do Concello de Vigo. As convocatorias, orde do día, mocións, propostas de acordo, ditames, emendas, actas, notificacións, recursos, comparecencias e todos os actos de carácter público administrativo que se realicen no nome do Pleno faranse e redactaranse en galego”. Vostede dixo que non, que o Partido Popular non ía pasar por iso. O Partido Popular quere cambiar unha ordenanza de Normalización Lingüística que se aprobou neste Concello no ano 1989, tamén cos votos a favor do partido Popular.

Pero como lles deu resultado a mentira e a crispación contra o noso idioma, vostedes queren traelo aquí. O Sr. Conde dixo que non seguía nese regulamento a pesar de que dixemos de avanzar un pouco máis e debater logo sobre este artigo. Nunca máis se falou e agora o traen con presa. Cre que lle imos aprobar un regulamento contra a ordenanza de Normalización Lingüística? Vaian desenganándose porque o BNG nunca aprobará nada que vaia en contra do seu idioma. A iso non estamos dispostos.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Conde, non porque teña unha serie de mocións seguidas vai aburrir, non se preocupe. Non sei que tal irá a súa gorxa pero si nos indigna o que di. Volve non ser consciente do que di neste Pleno.

Maxino que esta atonía de que xa non haxa periodistas nin público tenlle a vostede un pouco despistado.

Empezamos esta mañá desmontando unha acusación de seu moi grave, non se debe confundir algo tan serio como o machismo cunha actitude administrativa como a que se tivo na Xunta de Voceiros como xa quedou comprobado. Vostede ten que se decatarse de que ten un voceiro que chegou a esa xuntanza da Xunta de Voceiros e, a pesar do que dixera esta mañá onde eu non quixen intervir, os grupos municipais do Partido Socialista e do BNG fixéronlle unha proposta. Non a quixo aceptar e nunha frase que deixa moi claro o menosprezo que teñen todos vostedes polas institucións, en especial o Sr. Figueroa dixo “Decidides vos que sodes o Goberno”.

Esa é a realidade da reunión da Xunta de Voceiros cando ó Sr. Figueroa déuselle a opción de fixar un número de mocións, a opción de escoller as mocións que quixera, podía escoller as das mulleres e non o quixo facer. Ergueuse o Sr. Figueroa dicindo

“Sodes o Goberno, facede o que queirades”. Esa é a verdade desa xuntanza.

Que os que interviñeron de vostedes esta mañá logo de todo o que se dixo volvan falar de machismo e sexa vostede agora quen o faga dicindo que “...é unha actitude sectaria, prepotente e machista” define claramente o que pretenden dende ese grupo municipal. Válelles absolutamente todo, xogan coa profesión das persoas, son quen de facer mención ó traballo que poida ter un concelleiro, son quen de facer mención a todo absolutamente.

Sr. Conde, neste Goberno non hai machistas. Ogallá no Partido Popular houbera o mesmo número de machistas que no Partido Socialistas e no BNG. Nas intervencións desta mañá sobre este tema tiveron que calar, non foron quen de dar ningunha argumentación sobre as súas críticas. Cando lles tivemos que contestar a ese Grupo a Sra. Abelairas e máis eu foi un dos momentos de maior indignación destes dous anos porque velos a vostedes aquí gardando un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero e logo facer un discurso gratuito, que só lles vale para criticar ó Alcalde e ós membros deste Goberno cun tema tan serio no que moitas mulleres perden a vida ou a teñen condicionada, é indignante. O que non foron quen de demostrar esta mañá, agora pola tarde coido que xa se lle foi o verbo e tivo que volverse referir a isto.

O informe da Secretaria é literalmente o que pasou na Xunta de Voceiros e ten o seu dereito, pero o Sr. Figueroa o único que fixo o xoves foi non aceptar as nosas propostas, erguerse, marchar e dicir en relación coa orde do día do Pleno que fixéramos o que quixéramos porque eramos goberno.

Nin lles imos poñer camisetas de Mao Tse-tung, nin cortamos os tempos porque xa sabían vostedes perfectamente cales eran os tempos regulados para estes Plenos, outra cuestión é que non se estivesen aplicando. Non houbo ningunha redución.

Tamén está no informe que se leu da xuntanza do outro día que o BNG e o Partido Socialista xa anunciamos que queríamos continuar na discusión do regulamento orgánico, non temos ningún problema. Non sei por que presenta a moción nin este escrito de ampliación porque a pregunta é para vostede, Sr. Conde. Está disposto en corenta e oito horas a volver sentarse coa Sra. Méndez e máis comigo para falar do regulamento? Porque vostede é quen marchou.

Non vale que interveñan outros membros do seu grupo para dicir cousas que fixeron outros. Eu non cuestiono quen ven ás reunións pero vostede estivo nelas. Primeiro houbo unhas filtracións á prensa que dende logo eu non as fixen e parecía que as

xuntanzas estabamos telegrafándoas ós medios de comunicación. En segundo lugar lémbrome perfectamente que vostede dixo literalmente que en tanto non se retirase do borrador o artigo relativo ó galego que ven de citar textualmente a Sra. Méndez, vostede non volvía, por iso lle pregunto se está disposto a volver a unha reunión que convoquemos en corenta e oito horas, porque nós si. Quen se ergueu da mesa foi vostede e o Partido Popular.

Saiba que nós si estamos dispostos a volver pero tamén ten que saber a cidade que a verdade é a que dicimos a Sra. Méndez máis eu. Nun momento no que vostedes tiñan unha batalla electoral de utilización da lingua galega vostede dixo que non volvía a unha reunión en tanto non retirásemos ese artigo e que fixésemos o que quixéramos.

SR. CONDE GIL: Insistimos no mesmo, Sr. López Font, o virus afectoulles porque están mentindo. De todo isto eu só deduzo o tema de que vostedes teñen medo a traballar e teñen obsesión coa Sra. Porro que non sei cantas veces nomeárona aquí. Tamén teñen obsesión con que nos erguemos, o Sr. Figueroa da Xunta de Voceiros, eu desta comisión.

Insisten nun tema que non é certo. O artigo 56 do regulamento que é o que fala do idioma deixámolo aparcado para discutilo co anterior secretario ó final, sábeo vostede e non veña aquí mentir. Vaia vacinarse.

Repito que as miñas compañeiras dicían que sabíamos que Vigo ten un Alcalde prepotente; eu afirmo que Vigo ten un Alcalde prepotente, ineficaz, mentireiro, machista e o peor é que a pesar de ter estado na cadea, do que presumiu antes, é un Alcalde con actitudes ditatoriais e iso é verdadeiramente penoso. Só tivemos que asistir ó espectáculo que houbo antes cos veciños de Coia: non se lles deixou falar, a Policía lles intimida... Claro que o que lle gustaría ó Sr. Alcalde son os Plenos con decorado como o do Plan Xeral, cos figurantes do Partido Socialista sentados aplaudindo coas orellas e sen dar ningún tipo de problema. Outro día falaremos destas persoas e do colocadas que están nalgúns postos deste Concello ou doutras administracións.

Como partido político cremos firmemente na liberdade por iso defendemos, tal como defendeu antes o meu compañeiro Sr. López-Chaves, que conforme existe o Estatuto de Autonomía, que é a Lei por antonomasia de Galicia, a Constitución Española e demais leis, o Partido Popular nunca vai votar a favor da imposición dun determinado

idioma cando a lei nos ampara para nos expresar no idioma no que nos pete facelo. Iso chámase liberdade.

Fixar un número de mocións ou facer escoller a unha determinada persoa non deixa de ser máis que unha desculpa de mal pagador. Vostedes derivan cara o Sr. Figueroa a culpa que teñen de ter impedido que as miñas compañeiras falen no Pleno. Á parte de soñar todas as noites coas mentiras que van contar ó día seguinte e coa Sra. Porro, soñan tamén co Sr. Figueroa? Aclárenolo porque deben durmir moitas horas e por iso non teñen tempo para traballar neste Pleno e para traer vinte e unha mocións ou como dixo vostede nun periódico 150. Non nos dea ideas por se acaso.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Por alusións. Só por repetir o que dixen hoxe á mañá: unha mentira repetida mil veces segue a ser unha mentira; unha difamación repetida mil veces segue a ser unha difamación e unha calumnia repetida mil veces segue a ser unha calumnia.

Só para puntualizar dúas cousas. Que perigo que primeiro cuestionen vostedes a imparcialidade do Valedor do Cidadán e non contentos con isto, cuestionan a imparcialidade da Secretaria do Pleno. Que perigo.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Conde, segue cos insultos de sempre. Aquí non temos ningunha obsesión pero non se poden dicir as cousas que vostede di. Non se pode dicir que se expulsou ós veciños de Coia ou que houbo intimidación por parte da Policía porque son cuestións moi graves. Para vostedes é moi gratuíto chamar ditatorial ou machista a alguén. Teñen que ser moito máis rigorosos.

Na miña opinión persoal o que fixo o Alcalde cos veciños de Coia foi deixarlles falar máis do que deberían porque vostede debería coincidir comigo en que ningún concelleiro debe ser interrompido polo público, nin vostede nin eu, e si que nos interromperon. Cando un concelleiro está no uso da palabra deberíamos ter a defensa do resto dos concelleiros.

O que diferencia ó actual Alcalde de Vigo da anterior Alcaldesa tívoos vostede hoxe no punto 11 da orde do día. Dimos conta dunha sentenza por uns incidentes acontecidos nun Pleno no que a Sra. Porro denunciou perante o Xulgado ós que aquí tiñan provocado determinados incidentes. A diferenza é que o actual Alcalde de Vigo tratou de que non nos interrompesen no uso da palabra porque non son formas de se dirixir ós concelleiros e, máis que as risas case de satisfacción que expresaban a

maioría de vostedes porque se estaban producindo eses incidentes, bo sería que tivesen cara de desagrado. A diferenza é esa, teno aquí se é que ten a documentación de todo o que miramos hoxe no Pleno: “Denuncia da Sra. Porro coma Alcaldesa por incidentes acontecidos nun Pleno deste Concello”.

Iso é o que nos diferencia a uns e a outros e é o que diferencia ó actual Alcalde da anterior Alcaldesa sobre a que non hai ningunha obsesión pero si que é responsable do que fixo no seu momento.

Non me gusta a acusación que fai sobre se nos gusta ou non traballar. Ó Sr. Rivas xa lle dixeron de todo, dixo que somos uns vagos; a Sra. Méndez máis eu estamos aquí atendendo ás súas mocións, non nos erguemos ningún. Non se preocupe pola nosa capacidade de traballo pero si é evidente que vostedes pretenden converter este Pleno nun auténtico lamazal coa súa actitude de presentar vinte e unha ou cento cincuenta mocións.

Isto é o que fan no Congreso dos Deputados, é o que fixeron na campaña das autonómicas e é o que pretenden facer aquí. O que teñen que ter vostedes é respecto polas institucións. Non é de recibo que presenten vinte e unha mocións e tampouco é de recibo que fagan calquera tipo de críticas que non teñen nada que ver coa orde do día. Como xa quedou demostrado o Alcalde non interveu absolutamente en nada da orde do día.

O seu voceiro sabe perfectamente e así se fixo durante estes dous anos que o Alcalde delegou tacitamente na Xunta de Voceiros, estea el ou non, a configuración da orde do día. Aquí compareceron veciños polo AVE e outros temas que nos poden gustar máis ou menos, que poden ser mellores ou peores, con máis ou con menos interese. O Alcalde sempre asinou a orde do día que se decidiu na Xunta de Voceiros, é unha mostra de democracia que lle caracteriza e que vostedes precisamente pretenderon enlamar.

Por insultar a este Goberno non insulten a funcionarios da casa. Dicía anteriormente o Sr. Martiño que se encargan vostedes de defender ós funcionarios; iso non é certo. Dicar que un dos membros da Policía Local que está aquí fixo unha intimidación cando actuou en relación cos cidadáns que nos increpaban, descualifícalle.

Insisto en que o Alcalde de Vigo actual trata de falar cos veciños. A Sra. Porro lévaos ó Xulgado.

SR. CONDE GIL: A diferenza é que cando gobernaba o Partido Popular non facía falla

regulamento porque aquí admitíamos todo. No Pleno desa sentenza da que fala vostede que era o do Plan Xeral, o Partido Popular deixou que calquera cidadán accedese ó Pleno; houbo disturbios e aplicando a lei levouse ós cidadáns ó xulgado porque está habilitado para iso. O que fixeron vostedes no Plan Xeral foi poñer figurantes do Partido Socialista que xa falaremos onde están agora colocados.

Insisto en que si que teñen medo a traballar. Eu xa non teño nin fame. Nós admitíamoslles todas as mocións como xa antes se citou, algunha vez dezaioito, outra quince, pero non tiñamos ningún tipo de problema. Vostedes si que o teñen, non queren que o Partido Popular faga o seu traballo. Como dixen antes gustaríalles que tivésedes posta a camiseta ou o disfrace nunha actitude de ditador como Mao e que todos saltásemos.

Ademais está vostede descualificando a este Pleno e rogaríalle que retirase as alusións que fixo agora de que isto é un circo ou un lameiro. É vostede un machista porque, está falando das pelexas de limo ou algunha circunstancia similar?

Voulle dicir por que non se aprobou o regulamento do Pleno e quen se ergueu de verdade do regulamento: foron os seus compañeiros de Goberno, os señores do BNG e non foi no tema do idioma, foi precisamente no tema de expulsións de veciños dos Plenos. “O BNG impediu a Caballero legalizar a expulsión dos veciños do Pleno”, “Finalmente o Bloque decantouse, o Grupo municipal Nacionalista decidiu rexeitar o proxecto do regulamento do Pleno impulsado polo Alcalde vigués para impedir o acceso de determinados veciños ás sesións para evitar incidentes. Esta decisión inclina definitivamente a balanza unha vez que o PP deixara claro que tampouco estaba polo labor”.

Esta é a realidade do regulamento do Pleno, que vostedes carecen dos votos necesarios e saben que para a súa aprobación é necesaria a maioría absoluta. Se queren botar a culpa ó Partido Popular como soe ser a súa política habitual, fágano e alá a súa conciencia pero a culpa é da ineficacia, da arrogancia e da fantasía desa bancada e dese Goberno.

(Están ausentes os Sres. Alonso Pérez e Couto Pérez e a Sra. Díaz Vázquez).

A presidencia somete a votación a moción presentada polo Sr. Conde Gil xuntamente coa súa emenda.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Que no prazo máximo de 48 horas seguintes á realización deste Pleno se proceda de novo á posta en funcionamento da comisión de estudo, consideración e consenso do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, para a posterior elevación ó Pleno.

25.- (119).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO SE SOLICITEN DO GOBERNO CENTRAL AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS TRIPULANTES DAS FLOTAS PESQUEIRAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091945, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“Ao redor de 450 barcos galegos das flotas de palangre de superficie, Gran Sol (NEAFC) e do caladoiro nacional (litoral) están a verse afectados polos ceses temporais da actividade pesqueira decretados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

A devandita normativa, promovida polo Goberno socialista de Zapatero e inspirada na lexislación comunitaria sobre regulación dos esforzos pesqueiros e recuperación dos recursos mariños, está a provocar un grave impacto nas deterioradas economías dos tripulantes e mariñeiros e das empresas armadoras afectadas polo devandito cese.

A razón fundamental desta preocupante incidencia vén dada polo esquecemento do Goberno central que non habilitou unha liña de axudas específicas destinadas aos tripulantes destas embarcacións e dirixidas a compensar esta falta de ingresos, máxime dada a gravidade e excepcionalidade da conxuntura actual -caracterizada por unha aguda situación de crise no sector pesqueiro-.

En resume, cómpre actuar en beneficio do colectivo máis vulnerable do sector pesqueiro, os tripulantes afectados polo cese temporal de actividade, establecemento procedementos de supervivencia e garantía para paliar a gravidade da súa situación no tempo de parada.

En todo caso, coa súa actitude o Goberno socialista de Zapatero vén demostrando a pouca sensibilidade que ten con respecto ás necesidades deste sector e a súa incapacidade para aproveitar os mecanismos que a propia lexislación comunitaria

vén recoñecer en favor tanto de armadores como de tripulantes autorizando o establecemento das axudas e compensacións correspondentes.

A maiores de todo iso non podemos obviar -por responsabilidade- que o sector pesqueiro está padecendo unha forte restrición na dispoñibilidade de crédito, que se engade á significativa redución xeneralizada dos prezos de primeira venda. Todo iso fai necesario axilizar os pagamentos das correspondentes axudas, para que sexan aboadas na menor marxe de tempo posible, de tal xeito que acheguemos financiamento directo para atender a parada temporal da flota entre agosto de 2008 e decembro de 2009

En resume, cómpre promover e desenvolver as xestións oportunas para que armadores e tripulantes que se vexan obrigados a ter que parar na súa actividade no período indicado anteriormente, sexan beneficiarios das axudas comunitarias do Fondo Europeo Pesca previstas no Regulamento (CE) 744/2008

É polo que, o Grupo Municipal Popular, considera de interese municipal e prioritario a aprobación por parte do Pleno da Corporación das seguintes propostas:

Primeiro.- Dirixirse ao Goberno central de tal xeito que desenvolva as xestións oportunas para aprobar á maior brevidade posible as axudas económicas en beneficio dos tripulantes das flotas afectadas polas decisións do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño que obrigan a realizar amarres forzosos ás devanditas embarcacións, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 744/2008.

Segundo.- Instar ao Goberno central para que as axudas aprobadas respecten os seguintes criterios:

- a) Que poidan ser aboadas ao finalizar o período no que se estableceu a parada e se este é superior a 30 días, se aboen por meses transcorridos ata a finalización do devandito período de inactividade.
- b) Que as axudas correspondentes a armadores sexan pagadas nun tempo máximo de tres meses desde a finalización do período de parada.

Terceiro.- Notificar copia do presente acordo aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais e no Parlamento de Galicia.

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Algunhas das reflexións que veño de escoitar lembrábame a un partido de fútbol e o que me parece máis sorprendente é que un xogador se poña discutir e debater cos espectadores. Iso é o que ocorreu esta mañá. Esta moción trata sobre o cesamento temporal da actividade pesqueira decretado polo Ministerio de Agricultura que afecta a 450 barcos de flotas de palangre e de

superficie. Esta normativa está promovida polo Goberno do Sr. Zapatero e inspirada na normativa comunitaria que está creando e provocando un grande impacto entre os mariñeiros e traballadores do sector.

O sector tamén está afectado pola crise e consideramos que o Goberno central pode e debería ter con el unha maior sensibilidade porque lle ocorre exactamente igual que ó sector lácteo, do que debatemos unha moción en primeiro lugar.

Pensamos que se poden dar axudas específicas destinadas a estes tripulantes das embarcacións dirixidas a compensar a falta de ingresos acrecentada pola crise. Isto pódese enmarcar no regulamento 744/2008 que se refire ás axudas comunitarias para beneficiar a este sector que proveñen do Fondo Europeo de Pesca.

De seguido o concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: De novo están tratando de enviar unha mensaxe que é totalmente falsa: de que o Goberno socialista esquece ós traballadores do mar cando a realidade é todo o contrario.

Vou coller da súa moción, asinada por don Jorge Conde Gil, un par de parágrafos, un xa o leu vostede; ó segundo só lle vou cambiar unha palabra e quitarlle un “in” porque é o que reflicte realmente a realidade. Logo se quere llo explico na contestación.

A normativa que permite os ceses temporais subvencionados di vostede que é promovida polo Goberno socialista de Zapatero e inspirada na lexislación comunitaria sobre regulación dos esforzos pesqueiros e recuperación dos recursos mariños. Nora boa, coido que é unha boa decisión.

Máis adiante se di “...En todo caso, coa súa actitude o Goberno socialista de Zapatero vén demostrando a pouca (eu diría a gran) sensibilidade que ten con respecto ás necesidades deste sector e á súa incapacidade (eu quítole o “in” e digo capacidade) para aproveitar os mecanismos que a propia lexislación comunitaria vén recoñecer en favor tanto de armadores como de tripulantes autorizando o establecemento das axudas e compensacións correspondentes”.

Isto é a exposición de motivos porque logo, todo o demais está absolutamente equivocado. Por se non o sabe e para a súa información dende o 31 de decembro de 2008, están no Boletín Oficial do Estado as axudas ós armadores das flotas do

arrastre litoral e do Gran Sol; e dende o 5 de xuño de 2009, cun procedemento máis complexo porque entre outras cousas non intervén só a Consellería de Medio Ambiente senón que ó final é o Ministerio da Presidencia, están no Boletín Oficial do Estado en dúas disposicións diferentes as axudas ós tripulantes de buques españois afectados polo plan de recuperación da pescada do norte e tamén as axudas ós tripulantes dos buques españois afectados pola paralización temporal da actividade pesqueira nos buques de palangre e superficie que capturan peixe espada e quenlla, etc.

É dicir, xa están. O pouco que falta que é o do caladoiro nacional e NAFO xa están asinados polo Ministerio, posiblemente mesmo estean xa no Boletín porque nos últimos días non o comprobei, co que é evidente que vostedes de novo están tratando de botar a tinta da lura precisamente porque teñen absoluta mala conciencia porque foron vostedes quen en ningún intre permitiron que os traballadores, os tripulantes e os armadores tiveran esa posibilidade que a normativa comunitaria permite.

Logo se quere lle explicarei algo máis porque a maiores, xa que parece que agora teñen tantos ímpetus, hai unha intervención do BNG onde se presenta unha emenda a esta moción do Sr. Conde Gil e que por suposto apoiamos totalmente, para ver se vostedes son coherentes e de verdade apoian esa emenda.

SRA. VELOSO RÍOS: Está ben neste tipo de mocións dirixirse ó Goberno central para lle pedir que axilice as xestións para activar as axudas económicas para os tripulantes e armadores afectados polos paros forzosos, pero na Xunta de Galicia temos un Goberno e os gobernos están para gobernar. Tamén terán que tomar decisións para poñer solucións ós problemas da cidadanía.

Por iso nós entendemos que a Xunta non pode mirar cara outro lado cando hai 4.500 tripulantes afectados por este problema e máis nunha situación que se ve agravada pola crise económica.

En Vigo concretamente o problema ten unha especial gravidade porque o 100% da flota conxeladora de NAFO está censada en Vigo e é parecido o que acontece coa flota do peixe espada ou do bacallau que non pode faenar máis de tres meses ó ano. Ademais a flota galega está a sufrir agora mesmo a situación na que a colocou a política común pesqueira da Unión Europea, na que houbo recortes dos totais admisibles de capturas (TACs) constantemente. Por exemplo, se falamos das cotas

de capturas no Gran Sol a flota galega ten un 4% fronte a de Dinamarca que ten un 40% de cota de captura asignada. Isto produciu que efectivamente se estivese pagando por dismantelar buques en Galicia mentres que flotas como a danesa estiveron medrando considerablemente nos últimos tempos.

Por todas estas razóns queremos engadir algo a esta moción. Estando tamén dispostos a votar a favor dos acordos que contén, queremos engadir un punto máis que diría “Instar á Xunta de Galicia a asumir o adianto das axudas para os tripulantes e armadores afectados pola parada forzosa para que as poidan recibir de maneira inmediata con independencia das negociacións que posteriormente se establezan co Goberno español”. Sería unha proposta.

Por outra banda xa sinalaba o concelleiro Sr. Calviño que esta moción presentouse asinada polo Sr. Conde Gil mentres que interveu o Sr. González Sagarra para a defender. Ocorrémeme que podería ter sido un xesto cando menos xeneroso e que nos dese unha lección de igualdade a todo o mundo, que foxe unha das súas compañeiras quen tivese intervido porque así algunha delas podería defender algunha das mocións. Coido que van dúas que non defende a persoa que a asina e poderían terlle cedido galantemente o posto ás concelleiras.

De todos os xeitos, como concelleira de Igualdade tamén teño que dicir, aínda que supoño que xa os coñecen, que ofrezco os servizos do centro municipal de Información dos Dereitos da Muller que aí están para o que queiran.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Non imos admitir esta emenda polo motivo de que non imos determinar nin limitar dende aquí as medidas da Xunta que se están levando a cabo no mesmo sentido que no sector lácteo, por iso non o imos admitir a estas alturas. Non imos forzar nin teledirixir dende aquí á Xunta en calquera tipo de xestión porque as están a facer moi boas e están a resolver os problemas que vostedes deixaron.

Sr. Calviño, teño aquí o regulamento de axudas cando hai ceses temporais de actividade e se quere llo leo para que se lle aclaren algúns termos e algunhas cousas. O que pretendemos con esta moción, que ó parecer é lóxica porque a van aprobar, o que nos parece correcto, é que non ocorra como pasaba antes coa Xunta que cando había unha grave crise no sector de pesca, como a que segue a haber, a proposta da Xunta era tan orixinal como non executar o 47,8% do presuposto asignado para 2007. O bipartito deixou de poñer en marcha e de utilizar os recursos

que había asignados e que neste caso correspondían a 131 millóns de euros, pero a iso xa nos teñen habituados.

Iso e outras cuestións, como poñer en perigo ó sector bateiro, etc. non o imos consentir. A Consellería do Mar creada pola recente Xunta está poñéndose traballar dun xeito rápido e eficaz e, como dicía na moción do sector lácteo que vostedes presentaron, facendo moitas máis cousas en sesenta días das que fixo o anterior goberno e reclaman agora o que non fixeron. Mentres a actual Xunta xestiona e toma medidas en tan só sesenta días, de forma metafórica vostedes estaban repartíndose o pastel, iso é ó que se adicaban vostedes.

A Xunta xa puxo a través desta Consellería do Mar axudas para o financiamento no mesmo sentido que fai no sector lácteo, precisamente para evitar estrangular o pulmón financeiro dos pescadores e armadores e en xeral dos traballadores. Estas axudas que engloba este regulamento como di a moción veñen cubrir unha parte dos custos fixos dos armadores cando o buque se atope amarrado no porto, tales como taxas portuarias, seguros, gastos de mantemento, etc. e unha parte do salario base dos pescadores, polo tanto coidamos que está superado con isto.

Ademais a Consellería do Mar tamén está a tomar acordos, non só cos bancos senón que xa xestionou un plan contra o furtivismo, tivo xuntanzas con varios colectivos do sector, confrarías, etc., para establecer e falar do plan zonal, chegou a un acordo co sector marisqueiro para reformar o código penal en canto ó furtivismo e tamén acordou un plan zonal experimental da captura do polbo. Todo isto unido ás axudas que xa se están a poñer en marcha para non estrangular o músculo financeiro.

Insisto en que dende aquí non imos teledirixir as accións da Xunta que seguro que van superar con creces todo o que vostedes fixeron.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Dende logo non contestou nada do que lle pedimos, agás que non admiten a emenda porque icomo van pedira algo vostedes á vosa Xunta! iComo van pedir á Xunta do Partido Popular que faga algo pedido por toda a Corporación do Concello de Vigo unanimemente!

Vostede adicouse a falar do que di que está facer a Consellería. Non, pídallo que faga, non nos conte o que di a Consellería que está a facer porque a historia das consellerías de pesca do Partido Popular non son do máis exemplares e xa non digo a política pesqueira dos gobernos anteriores dos que eu tiña varios exemplos moi contundentes ós que xa non me quero referir para tratar de rematar canto antes.

Unha vez máis deixar en evidencia que vostedes non interfiren na Xunta do Partido Popular, faltaría máis, igual lle poden tirar das orellas, pero si interfiren no goberno de Zapatero, no Goberno Central, na CEE, no Mercado Común e se é necesario no xulgado dos Dereitos Humanos. Evidentemente na súa Xunta non.

Está moi claro que vostedes non queren facer ese apoio adiantando parte destas axudas para que o sector estivera en mellor situación porque iso si que se pode facer dende a Xunta de Galicia. É obvio que iso o podería facer a Xunta, a Administración do Estado é lenta e pedímoslle que sexa máis rápida. Nós estábamos dispostos a apoialo pero xa vexo que vostedes, apoiar cousas como o que fai xa o Principado de Asturias que si adianta coma autonomía parte destas axudas, é claro que non porque lles poden tirar das orellas.

De novo queda en evidencia que vostedes o único que queren é defender á Xunta do Partido Popular e esquecer o que están a facer, neste caso cos mariñeiros, cos tripulantes, con Vigo, etc. e non me estendo máis porque coido que o exemplo é bastante evidente.

É obvio que nos imos abster, a moción sairá pero cos seus votos xa que vostedes non teñen a valentía de lle pedir ese mínimo esforzo á Consellería de Pesca da Xunta de Galicia.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Insisto en que esas medidas se van superar con creces, iso seguro, así que pode estar vostedes tranquilo. Como xa lle comentei na moción que presentou o BNG referente ó sector lácteo, as axudas anticípanse en máis dun 50% porque esas son comúns a todos os sectores, Sr. Calviño, está aquí, se quere lle dou este folleto para que o lea e se informe correctamente porque vexo que non o está.

Adiántanse un 50% e ademais, cando as Pymes solicitan axudas, neste caso referímonos ó sector pesqueiro, tamén se evita que teñan que pagar os intereses correspondentes. Esa é unha das liñas de financiamento que está a poñer en marcha a Xunta.

Todo o que vostedes fixeron na anterior Xunta con respecto ó sector pesqueiro queda reflectido neste titular: "Pescanova dobrará a súa planta de Mira, a maior do mundo". Con investimentos coma este se combate a crise, isto é o que acadaron vostedes no sector pesqueiro, é o seu máximo éxito, conseguir a deslocalización de empresas galegas que marchan de aquí porque vostedes non lles deixaban seguir.

(Están ausentes os Sres. Alonso Pérez e Couto Pérez e a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con doce abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, acórdase:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, instando se soliciten do Goberno Central axudas económicas para os tripulantes das flotas pesqueiras, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Xustificación de voto da concelleira do Grupo do BNG, Sr. Veloso Ríos:

Ó longo deste Pleno votamos a favor da gran maioría das mocións presentadas polo Partido Popular, aceptamos as súas propostas e esperabamos que o feito de termos xa tomado unha posición a favor dos acordos presentados nesta moción, non suporía ningún problema engadir un acordo máis que vai na mesma liña, non esquezamos que nesta mesma moción hai un acordo que comeza “Dirixirse ó Goberno Central de tal xeito que desenvolva...” Estamos na mesma liña comezando o noso acordo por “Instar á Xunta de Galicia...”, tal como se fixo en tantas mocións do Partido Popular que se aprobaron ó longo destes dous anos de mandato neste Pleno do Concello.

Como, independentemente de que botemos horas debatendo as mocións ó final aceptamos a gran maioría delas, agardabamos que nos demostrasen realmente esa xenerosidade política e ese respecto da democracia do que tanto falan.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO SE CONTINÚE COS TRABALLOS E SE PROCEDA Á APERTURA DO ARQUIVO PACHECO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño,

S.Ordinaria 29.06.09

número 90091983, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“Hai un ano instabamos ao goberno local ante este Pleno a que aprobase un plan director para o Arquivo Pacheco e a que dispuxera os recursos precisos para continuar os traballos de conservación e investigación dos seus fondos, así como a súa tarefa divulgadora.

No debate suscitado por esta moción tivemos a oportunidade de comparar as accións emprendidas sendo alcaldesa dona Corina Porro quen, ao feito ata entón, engadiu o nomeamento dun director, a dotación de persoal para as tarefas de conservación e dixitalización dos fondos, a elaboración e redacción dun programa que concretase os fins e os plans de traballo do Arquivo e, paralelamente, a súa difusión mediante actividades divulgativas e didácticas; coa situación de estancamento das actividades e de peche ó público no que o meteron os actuais responsables da institución.

Non coñecemos que pasou co Arquivo dende maio de 2007 ata agora e se o goberno ten a intención de determinar cal vai ser o seu futuro orgánico e funcional.

No tempo transcorrido dende a presentación da moción, a penas mudou en nada a situación do Arquivo, polo que vémonos na responsabilidade de denunciar o paso atrás dado polo goberno nesta cuestión.

Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

Que se continúen os traballos de conservación, catalogación, difusión e se abra ó público o Arquivo Pacheco”.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de xuño, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE DA URXENCIA.- SRA. LARRIBA LEIRA: Quero presentar unha moción en relación cos traballos de conservación, catalogación e difusión e que se abra ó público o Arquivo Pacheco do que esta mesma mañá se anuncia a súa apertura. Como nós presentamos esta moción hai unha semana, se é posible queremos votar esta moción.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Sorpréndeme a urxencia cando o Sr. Figueroa tivo opción da incluír na orde do día porque estaba na relación desas vinte e unha mocións que vostedes presentaron. Polo tanto coido que non hai ningunha urxencia e o BNG vai votar en contra.

(Están ausentes os Sres. Alonso Pérez e Couto Pérez e a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con doce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, ó non se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, do 28 de novembro, non se somete a votación a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, instando a continuación dos traballos do Arquivo Pacheco.

B.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO SE ELIMINEN PINTADAS E CABLEADO TEMPORAL DAS FESTAS NO CASCO VELLO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091985, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“O Grupo Municipal do Partido Popular alerta unha vez máis do deterioro do Casco Vello para que o goberno locais non descoide os traballos de recuperación.

A limpeza das rúas segue sendo insuficiente. Non abonda con baldear. A auga non limpa as pintadas que se “ceban” na sinalización das rúas, esborrachándoas de cor lila, dificultando con iso a súa lectura. Os sumidoiros seguen sen limpar suficientemente e con iso persisten os malos cheiros.

O cableado para instalación de luces de Nadal e Entroido, incrementado nas celebracións da Reconquista, teceu unha autentica maraña sobre prazas e rúas que,

non só desloce o conxunto, senón que constitúe un perigo para os viandantes.

O goberno municipal actúa como o “perro del hortelano”. Nin se responsabiliza do abandono da barriada, caendo en constantes desidias, nin permite aos veciños actuar contra este deterioro impoñendo esixentes normativas.

Hai unha rehabilitación pendente, que vai máis aló da puramente urbanística, que é a social. O goberno local non pode pechar os ollos á existencia de lugares marxinais que poñen en perigo ao resto dos veciños, como denuncian os pais dos nenos que acoden á Gardería Municipal Santa Marta.

O Grupo Popular cuestiona a eficacia das medidas tomadas dende o goberno da cidade e esixe ao bipartito a “firme aposta polo Casco Vello” con que se comprometeu.

Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

Que se eliminen as pintadas da sinalización pública e o cableado temporal para a ornamentación das festas no Casco Vello”.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 22 de xuño, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE DA URXENCIA.- SRA. LARRIBA LEIRA: Quería someter á consideración do Pleno a moción que presento por urxencia en relación co Casco Vello.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a dar lectura á parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Levamos moito tempo traballando na eliminación das pintadas das fachadas e demais no Casco Vello, polo tanto non hai motivo para a urxencia porque é algo que se está a facer.

(Están ausentes os Sres. Alonso Pérez e Couto Pérez e a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con doce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo

municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, ó non se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, do 28 de novembro, non se somete a votación a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, solicitando se eliminen as pintadas da sinalización e cableado temporal das festas no Casco Vello.

C.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO SE INCREMENTEN O NÚMERO DE TRABALLADORES SOCIAIS NAS UBAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091982, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“Hai moitos anos que dende o Concello se desenvolven accións con distintas entidades e persoas para tratar situacións de emerxencia social: comedores, aloxamentos provisionais...

O obxectivo é o de prestar a debida atención a persoas, que por diversos motivos estean a atravesar circunstancias difíciles. As novas realidades sociais como a da inmigración e a crise económica que estamos a sufrir, fan aínda máis necesarias estas accións por parte das administracións.

A Concellería de Benestar Social debe ter, entre as súas prioridades, a implicación do tecido social da cidade nun achegamento aos colectivos en situación de desvantaxe social.

Neste marco, deben promoverse proxectos de integración laboral, como actuacións cara á inserción social das persoas, ademais dun programa eficiente de apoio á escolarización mediante axudas municipais escolares.

Debido a falta de recursos persoais e o incremento de solicitudes que motiva a grave situación económica que coma o resto de España está a pasar a nosa cidade, fan que o servizo nas UBAS (Unidades Básicas de Acción Social) estea colapsado. O atraso nas resolucións fai que non se cumpran os prazos aos requirimentos da poboación máis necesitada da nosa cidade.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local para:

Incrementar o número de Traballadoras Sociais, segundo as necesidades específicas de cada UBA.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de xuño, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE DA URXENCIA.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Esta moción é con respecto ós Servizos Sociais para incrementar o número de traballadoras sociais segundo as necesidades específicas de cada UBA.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Dixen xa na miña anterior intervención que se incrementaron en once traballadores, cousa que nunca fixeron durante a súa lexislatura, polo tanto coidamos que non ha lugar á urxencia.

(Están ausentes os Sres. Alonso Pérez e Couto Pérez e a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con once votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos; doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, e unha abstención da Presidencia, ó non se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, do 28 de novembro, non se somete a votación a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, solicitando se incremente o número de traballadoras sociais nas UBAs.

D.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A APROBACIÓN URXENTE DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091960, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

“A democracia participativa, debe ser o complemento e elemento enriquecedor da actuación municipal. Esa participación permítelle aos concellos impulsar actuacións ao servizo dos intereses dos cidadáns que queren cooperar coa institución municipal.

A participación nos asuntos políticos e na información son os principios que motivan o achegamento entre o cidadán e a Administración Local, para obter unha resposta máis áxil aos problemas cotiáns e principios que á súa vez informan tanto a Carta Europea da Autonomía Local coma a Constitución de 1978.

Co fin de desenvolver unha normativa municipal actualizada e axustada á Lei 57/2003, do 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, o anterior Goberno Municipal do Partido Popular presentou ao Pleno do Concello do 31 de marzo de 2006 o REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, para o seu debate.

Dito Regulamento quedou aprobado de xeito inicial, tendo que seguir a tramitación que esixe a lexislación vixente para a súa aprobación definitiva.

Hai xa dous anos que están a gobernar o PSOE e máis o BNG formando entre os dous a maioría suficiente para levar a cabo cantos asuntos consideren e, sen embargo, non foron quen de aprobar definitivamente dito Regulamento, tendo que estar suxeita a Participación Cidadá no Concello de Vigo á anterior normativa do 26 de marzo de 1992.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular, consideramos fundamental que as materias que recolle o Regulamento de Participación Cidadá se axusten á nova normativa e á realidade que se está vivir na sociedade, sen ter que remitirse a un Regulamento de hai 17 anos.

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Aprobar de xeito urxente o novo REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xuño, tomou coñecemento da anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

INTERVENCIÓN DO SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Estase a traballar nese regulamento e polo tanto non vemos a necesidade da urxencia.

(Están ausentes os Sres. Alonso Pérez e Couto Pérez e a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con once votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Río; doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, e unha abstención da Presidencia, ó non se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, do 28 de novembro, non se somete a votación a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, instando a aprobación urxente do Regulamento de Participación Cidadá.

E.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO QUE OS CONCERTOS DAS FESTAS DE VIGO SE CELEBREN NO AUDITORIO DE CASTRELOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091976, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Posse, formula a seguinte moción:

“As festas do Cristo da Victoria de Vigo teñen sido unha oportunidade máis para a divulgación da nosa cidade. A oferta de ocio e cultura que se levou a cabo durante o mandato de Corina Porro contribuíu a que centos de persoas do país veciño e doutros

lugares de España visitaran Vigo.

Durante o mandato do Partido Popular, os actos fortes da programación das festas do Cristo da Victoria foron os concertos de artistas de prestixio internacional no auditorio de Castrelos, con asistencia masiva de público en moitas ocasións, ata 15.000 persoas nunha soa actuación.

Os vigueses e viguesas puideron asistir de xeito gratuíto a actuacións de artistas coma Prodigy, Toquinho, Milton Nascimento, Franz Ferdinand, Ziggy Marley, Pet Shop Boys, Ana Torroja, Julieta Venegas, Nacha Pop, Los Secretos, Amaral entre outros.

Na pasada edición das festas do Cristo da Victoria o Goberno do bipartito, sorprendeunos trasladando a maioría dos concertos máis relevantes do auditorio de Castrelos ao IFEVI e á Estación Marítima, incrementando moitísimo o custe das entradas, en ocasións de 0 a 45 euros, marxinando así a mocidade que menos recursos ten, xa que en Castrelos a maior parte do auditorio é gratuíto e os prezos, nesa edición, oscilaron entre os 25 e 45 euros.

As consecuencias non se fixeron esperar e tiveron que suspender algún concerto por falta de aforo.

Os responsables políticos da programación parecen esquecer que estamos inmersos nunha gran crise económica, esquecendo as dificultades dos mozos e non tan mozos para facer o importante desembolso que require asistir a dous o tres concertos.

Pero o que acontece este ano e aínda máis grave xa que a un mes do inicio das festas do Cristo da Victoria o Goberno non ten contratado nin un só concerto, a actuación de Leonard Cohen anunciouse a bombo e prato pero a realidade é que non existe expediente para dita contratación. Temos que recordar que o ano pasado, tiveron que contratar, de forma improvisada, a produción dos concertos cando xa remataran as festas.

No Grupo Municipal do Partido Popular, preocúpanos que as discrepancias entre os socios de Goberno sobre o inicio e o final da festividade de Vigo, deixen aos vigueses e viguesas sen concertos.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que os concertos a celebrar con motivo destas festas teñan lugar no auditorio de Castrelos.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de xuño, tomou coñecemento da anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ CARREIRA: Coido que se len a prensa saben que hai concertos en Castrelos como sempre houbo. De todos os xeitos tampouco hai ningún motivo para a urxencia desta moción.

(Están ausentes os Sres. Alonso Pérez e Couto Pérez e a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con once votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos; doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, e unha abstención da Presidencia, ó non se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, do 28 de novembro, non se somete a votación a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, instando que os concertas das festas se celebren no auditorio do parque de Castrelos.

F.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO O CAMBIO DA SUPERFICIE DO TERREO DE XOGO DO PAVILLÓN DAS TRAVESAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091958, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Posse, formula a seguinte moción:

“O vetusto terreo de xogo de herba artificial do Instituto Municipal dos Deportes está a vivir a agonía propia de moitos anos soportando o desgaste lóxico que se produce polos equipos que o utilizan.

Tanto se xoga ao fútbol como ao hóckey, unhas veces trátase de adestramentos e outras de xogos oficiais.

Entidades como o Balaídos, Independiente, Vigo 2015 e Gran Peña de fútbol, Hóckey Atlántico, Hóckey Junior, ou agrupacións independentes como Cedro entre outros, alugan o terreo para ter dereito a xogar. Algúns teñen xa planificados os días e outros solicitan a instalación segundo as súas necesidades.

O certo do caso é que o terreo de xogo non reúne agora mesmo as mínimas condicións para a práctica do deporte supoñendo un risco de lesións para os xogadores, motivado polos buracos existentes e que atopan remedio caseiro reenchéndoo de area.

Sendo un terreo na actualidade deteriorado e que está a pedir unha muda de superficie facéndose novo, habería que pensar por parte da Concellería de Deportes en executar a reforma da instalación.

Tanto o fútbol como o hóckey teñen dereito a xogar nas mesmas condicións que outros equipos da cidade teñen en instalacións deportivas municipais.

Ante esta situación, o Grupo Municipal do Partido Popular pide ao Goberno que adopte o seguinte acordo:

Que se adopte o compromiso firme dende a Concellería de Deportes de proceder a mudar a superficie do terreo de xogo de herba sintética do Pavillón das Travesas."

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Esta moi ben esta moción porque fai referencia ó fútbol; queda claro agora mesmo cal é o equipo titular e o equipo suplente do Partido Popular. Evidentemente titulares os homes, suplentes as mulleres, utilízanos ó final. Viva a paridade.

Non hai urxencia nesta moción porque está contemplada a renovación dese campo e dese céspede e tampouco hai motivos de urxencia.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de xuño, tomou coñecemento da anterior moción.

(Están ausentes os Sres. Alonso Pérez e Couto Pérez e a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con once votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros

do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos; doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, e unha abstención da Presidencia, ó non se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, do 28 de novembro, non se somete a votación a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, instando o compromiso de mudar a superficie do terreo de xogo do pavillón das Travesas.

G.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A POSTA EN FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA ETEA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, número 90091957, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Posse, formula a seguinte moción:

“Despois de que o pasado 29 de marzo deste ano o Comité Executivo da Zona Franca adoptase o acordo de acometer a reparación das instalacións deportivas da ETEA, a través dun convenio no que sexa o Concello quen realice os traballos por valor de dous millóns de euros, compensados por Zona Franca con motivo dos traballos das obras de saneamento e subministro de auga que executa o Concello en rúas próximas ao Consorcio, seguimos pendentes de coñecer todos os termos do acordo.

Ante esta situación que xa se dilata un mes e que está a supoñer a falta de concreción das datas coas que traballar de cara ao uso das instalacións deportivas polas entidades que teñan dereito a solicitalo, dende o Grupo Municipal do Partido Popular solicitamos que se fixen unhas datas para levar adiante o proxecto, comezando pola sinatura do convenio e continuando polos traballos a levar a cabo na piscina, pavillón, campo de fútbol, ximnasio, vestiarios e contorno, así como os prazos para utilizar as instalacións.

Ademais, tamén queremos puntualizar e expoñer que nos parece de xustiza que sexan os equipos da zona de Teis os primeiros e preferentes á hora de poder optar á utilización das instalacións deportivas. Condición esta, que tamén debería aplicarse a pavillóns do rural onde equipos do contorno teñen as mesmas condicións que

equipos doutros barrios e parroquias.

Con esta proposta e descoñecendo os tempos que baralla o goberno para abrir as portas do complexo deportivo da ETEA, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

- 1.- Que o Goberno Municipal ofrezca publicamente un calendario para acometer os traballos das instalacións deportivas da ETEA así como as características destas.
- 2.- Que sexan os equipos do contorno de Teis, os primeiros en dispor das instalacións de maneira preferente coa coordinación do Instituto Municipal dos Deportes.
- 3.- Que o Goberno articule e dea a coñecer publicamente con que persoal contará o complexo deportivo.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de xuño, tomou coñecemento da anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ FONT: Estase a negociar con Zona Franca o convenio para o arranxo das instalacións e polo tanto non se lle ve a urxencia á moción.

(Están ausentes os Sres. Alonso Pérez e Couto Pérez e a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con once votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos; doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, e unha abstención da Presidencia, ó non se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto

2468/86, do 28 de novembro, non se somete a votación a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, instando a posta en funcionamento das instalacións deportivas da ETEA.

26.- (120).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. IGLESIAS BUENO SOBRE INTERVENCIÓN DA SRA. VELOSO RÍOS.

SRA. IGLESIAS BUENO: Teño un rogo para a concelleira de Igualdade, Sra. Veloso: que non volva facer eses comentarios coma o que fixo. Non diga que nós podíamos ter defendido as mocións dos nosos compañeiros. Como quedou claro nós temos os nosos propios traballos e defendemos as nosas propias mocións cando nos deixen.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. COELLO BUFILL, SOBRE AUSENCIA DA CIDADE DO CONCELLEIRO DE MOBILIDADE, SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, doc. 90091990, o concelleiro do Grupo Popular formula as seguintes preguntas:

“Con motivo da ausencia do concelleiro de Mobilidade, Seguridade e Transportes, D. Xulio Calviño, os pasados días 3, 4 e 5 do mes que andamos e coincidindo a mesma cos graves incidentes rexistrados pola folga do metal, solicitamos se contesten as seguintes cuestións:

- 1.- Había delegación de competencias do concelleiro de Mobilidade, Seguridade e Transportes os días 3, 4 e 5 de xuño de 2009?
- 2.- A onde foi, que viaxe fixo?
- 3.- Viaxou en representación do Alcalde, do Goberno, do Concello?
- 4.- Quen lle acompañaba?
- 5.- Viaxou algún técnico do Concello? De ser afirmativa a resposta, cumpríronse os protocolos que esixe a Lei da función pública cando os funcionarios se ausentan oficialmente dos seus postos de traballo?
- 6.- Foi acompañado por algún representante dalgunha concesionaria do Concello?
- 7.- Existe en tramitación algún expediente en Intervención ou Persoal autorizando o gasto do desprazamento?”

O concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, procede a ler o texto da pregunta que se transcribe nos antecedentes.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. Concelleiro. Contestaráselle en tempo e forma.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dezasete horas e trinta e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretaria dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.